

cultura

Encarna Lago foi recoñecida coa Medalla de Ouro das Belas Artes. **Páx. 6**

sociedade

Cambios no BNG coa saída de Felipe Rivas e o nomeamento de Antón Bao. **Páx. 11**

infraestruturas

Adxudicadas as obras da última fase da avenida Infanta Elena. **Páx. 17**

zona rural

Coeses esixe no Parlamento a retirada do apoio á planta de biometano. **Páx. 18**

deportes

O CD Lugo volve reinventarse este mes con novo adestrador e dúas fichaxes. **Páx. 29**

Máis de 121 millóns para gastar no concello



O novo auditorio estrea programación

Unhas 22 actividades foron deseñadas para os primeiros meses de funcionamento. **Páx. 2**

O Garañón será unha gran zona verde

Iniciouse o trámite para modificar o PXOM, o que permite transformar estes 8.000 metros. **Páx. 15**

Cántigas e Frores



A asociación estrea directiva despois de 20 anos sen cambios. **Páx. 5**

Gatos Roxos



Entrevista a Javier Gueimonde, presidente da asociación das Gándaras. **Páx. 12**

Escola de Tiro con arco



Os xestores do club local falan dos seus proxectos. **Páx.30-31**

A Deputación pide á Xunta máis investimentos

Aprobouse no Pleno unha moción para reclamar melloras para o SAF e as infraestruturas. **Páx. 27**

SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS
CONTABILIDAD - LABORAL

MS

FISCAL - LABORAL - CONTABLE
MATEO y SANCHEZ
asesores

¿PAGAS MUCHOS IMPUESTOS? CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO

Si crees que estás pagando demasiado, estudiaremos de forma personalizada tu caso y te sorprenderá lo que se puede llegar a optimizar tu factura fiscal para que así puedas centrarte en lo importante TU NEGOCIO.

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo

Tel · 982 253 890

· 659 881 585

mail · administracion@mateoysanchez.es

O auditorio Fuxan os Ventos estrea a súa programación, que chega ata setembro

A edil de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, confirmou as primeiras 22 actividades que terán lugar no auditorio municipal Fuxan os Ventos. Ferreiro afirmou que se trata dunha programación "ampla e diversa, con agrupacións de Lugo e artistas de fóra, que colaborará para ampliar a intensa programación cultural de Lugo". Nomes como Abraham Cupeiro, Álvaro Casares, Leo Harlem ou Luís Piedrahita compartirán espazo no Fuxan os Ventos co tecido cultural lucense, con actividades confirmadas de Achádego Teatro, Banda Filarmónica ou Palimoco Teatro. Ferreiro lembrou que Fuxan os Ventos dará tamén un concerto no auditorio ao que dan nome, como



"homenaxe a un dos grupos musicais galegos máis importantes nos últimos anos, e celebración do seu 50 aniversario, celebrado en 2022". Ferreiro afirmou que "Fuxan os Ventos é un dos grupos musicais galegos

máis importantes nas últimas décadas", e engadiu "para o Concello de Lugo é unha honra contar cun auditorio co seu nome, despois de acoller tamén o seu nacemento no ano 1972".

Comeza a actividade do Gustavo Freire

Comezou a intensa programación teatral que se celebrará no Auditorio Gustavo Freire durante os primeiros meses de 2024. Están previstas 30 actividades culturais con contidos para todos os públicos, que se levarán a cabo ata o 18 de maio".

A programación inclúe actividades para público adulto e familiar, ademais de ciclos de danza e de teatro para a primeira infancia, con actividades de formato reducido para os máis pequenos. En total, haberá 29 actividades, con 12 propostas para público adulto, 5 dentro do ciclo Lugo en Danza, 10 para público familiar e 3 para a primeira infancia.

Para acceder ao recinto, será necesario adquirir as entradas a través do portal entradaslugo.es ou de forma presencial na oficina municipal de turismo, cun prezo de 5 euros para as actividades de público adulto e danza, e de 3 euros para as actividades familiares e de 1ª infancia. Ademais, haberá bonos a un prezo de 36 euros para as actividades de público adulto e 20 euros para as actividades para público familiar, que permitirán acceder a distintas actividades. No caso do ciclo Primeira Infancia, o bono terá un prezo de 6 euros e para as actividades de danza, de 15 euros. As persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociadas á AAAG terán un desconto do 30% nas actividades para público adulto.

"Queremos poñer o foco nas producións de artes escénicas de mellor calidade feitas en Galicia, que serán o fío condutor da programación, e tamén contaremos con obras internacionais de calidade contrastada", explicou a concelleira.

PROGRAMACIÓN

- 8 de febreiro. Concerto Conservatorio de música Xoan Montes.
- 15 de febreiro. Sala pequena. Actuación Achádego teatro.
- 21 de febreiro. Actuación Álvaro Casares.
- 22 de febreiro. Sala Pequena. Actuación teatral Asociación Down Lugo.
- 6 de marzo. Actuación Leo Harlem.
- 7 de marzo. Sala pequena. Actuación Hipócrita teatro.
- 22 de marzo. Actuación Cántigas e frores.
- 5 de abril. Sala Pequena. Actuación Palimoquiños.
- 11 de abril. "Go Home" de Etiqueta Negra Producións.
- 24 de abril. Concurso Coreográfico Conservatorio de danza.
- 26 de abril. Encontro de Conservatorios de danza.
- 1 de maio. Actuación de David Cepo.
- 8, 9 e 10 de maio. Encontro de danza USC.
- 16 de maio. Concerto Abraham Cupeiro.
- 22, 23, 24 de maio. Lugo máximo.
- 30 de maio. Festival de música Cidade de Lugo.
- 31 de maio. Festival de música Cidade de Lugo.
- 20 de setembro. Actuación Luís Piedrahita.

ACCESIBILIDADE



O Concello anunciou a reserva de espazos exclusivos para persoas con mobilidade reducida na sala principal do Auditorio Fuxan os Ventos. Ferreiro explicou que, ademais da reserva de espazos, a área de Cultura organizará unha xuntanza con colectivos vinculados á accesibilidade, co fin de coñecer de primeira man as necesidades específicas que presenta a nova instalación.

Visitas guiadas

A veciñanza poderá visitar as instalacións do auditorio Fuxan os Ventos. A Tenencia de Alcaldía organiza 6 visitas guiadas a esta instalación, que terán lugar o 7 de febreiro (20:00), 8 de febreiro (12.30), 14 de marzo (20:00), 15 de marzo (12.30), 28 de marzo (20:00) e 29 de marzo (12.30). Cada unha das visitas terá a cabida limitada a 20 persoas. Para reservar praza, será preciso enviar un correo a 010@lugo.gal ou chamar ao 982 297 350 en horario de 8:30 a 15:00 de luns a venres.

Ao anotarse será preciso deixar un teléfono de contacto. A área de Cultura contactará nos días previos a cada visita para confirmar asistencia.

SI QUIERES REFORMAR TU HOGAR...

MUEBLES DE COCINA Y DE BAÑO A MEDIDA
MAMPARAS · ARMARIOS EMPOTRADOS
ELECTRODOMÉSTICOS
REFORMA INTEGRAL DE VIVIENDA
INTERIORISMO Y DECORACIÓN

VEN Y CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO. ¡¡¡NOS ENCARGAMOS DE TODO!!!

Rúa da Liberdade 88, baixo. 27600 Sarria - Tel.: 646 606 335

koleccioname

Rúa San Pedro 28 Lugo
Teléfono: 623 955 222
koleccionamelugo@gmail.com

Rexistran no 2024 un incremento de visitantes no Museo Provincial

O Museo Provincial de Lugo pechou o ano 2024 cun total de 44.870 visitantes, o que supón un incremento do 18 % respecto ao ano anterior, cando recibiron 37.249 visitas. Durante os meses de xuño, xullo e agosto concentrouse o 40 % das visitas anuais.

O inicio do verán, coincidindo coa exposición temporal da "Sibila" de Velázquez, xunto cos meses de febreiro e novembro, destacaron por rexistrar os maiores aumentos de visitantes, superando o 50 % máis en comparación co ano anterior. Durante febreiro, a mostra 'Eu son. A memoria das rapadas' e as actividades polo Día de Rosalía atraeron a un significativo número de persoas, ao igual que a exposición conmemorativa do centenario da revista lucense Ronsel en novembro.

Pola procedencia, 4 de cada 10 visitantes eran da cidade de Lugo e do resto de Galicia, mentres que o 44 % proviña doutras partes de España e un 15 % do estranxeiro.

As cifras reflicten un ano exitoso marcado por exposicións destaca-



das. A presenza temporal da obra 'Sibila' de Velázquez, do Museo del Prado, foi un evento remarcable dentro do proxecto 'El arte que conecta'.

Ademais, o Museo centrouse na promoción de arte feminina contemporánea con exposicións como a das artistas catalás Mónica e Gema Del Rey Jordá sobre a memoria das mulleres rapadas durante a ditadura franquista, ou 'As 7 e 7', con obras de sete artistas galegas emerxentes.

Durante o ano, tamén se mostrou a serie escultórica 'Emocións' de Soledad Penalta, desde abril ata setem-

bro, e o aporte á creación feminina continuou coa adquisición dunha decena de pezas de mulleres artistas, entre elas 'Visibilidade' de Penalta, peza que simboliza a loita das mulleres pola igualdade e o recoñecemento en diversos ámbitos.

Polo outro lado, o Museo tamén puxo en valor a creación artística lucense a través da mostra 'Ronsel, 100 anos despois', promovida pola Fundación Vac-An, en conmemoración do centenario da revista fundada por Evaristo Correa Calderón, un referente nos discursos artísticos das vangardas.

Narco, a duodécima banda confirmada para A Candeloria 2025

Os organizadores do festival A Candeloria de Lugo veñen de confirmar a 12ª banda que actuará no evento que se desenvolverá os días 4 e 5 de abril no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

Esta confirmación é Narco, que ofrecerán un concerto único en Lugo este 2025 ao ser o único que darán na parte Noroeste de España, polo que desde a organización séntense "honrados de ser un dos únicos 7 concertos que darán en todo o ano".

Narco é unha banda de metal alternativo orixinaria de Sevilla, España, que se formou en 1996. O seu estilo musical combina elementos de metal, rap, hardcore e rock, creando un son único que se caracteriza pola agresividade das súas guitarras, os ritmos pesados e as letras controvertidas e provocadoras.

O grupo é coñecido polas súas le-

tras explícitas e a súa actitude rebelde, que a miúdo tratan temas como a violencia, as drogas, a política e a crítica social. As cancións de Narco teñen un estilo directo e desafiante, o que lles gañou unha base de seguidores fieis, a pesar das críticas que recibiron debido ao seu linguaxe e contido provocador. A banda lanzou varios álbums ao longo dos anos, destacando títulos como El vicio del silencio (2002), Los perros del infierno (2005), e Caimán (2017). Narco tamén é coñecida polas súas actuacións en directo, nas que se conecta de maneira intensa co seu público.

Ao longo da súa carreira, Narco experimentou varios cambios na súa formación, pero sempre mantivo a súa identidade musical e a súa proposta provocadora. A banda segue sendo unha das máis influentes dentro do metal e rock en España.

Xa hai gañadores do Certame de Contos e Relatos Trapero Pardo

A Concellería de Educación e Difusión do Coñecemento de Lugo fixo públicos os relatos gañadores da XXX edición do Certame de Contos e Relatos Curtos Trapero Pardo, un certame anual que pon en valor a creatividade da mocidade lucense.

O primeiro premio na categoría de 12 a 14 anos foi para 'O Pazo', presentado por unha estudante do IES

Ánxel Fole, que recibirá un lote de libros e un premio de 200 euros; o segundo premio foi para 'Amina', escrito por unha estudante do CPR Divino Maestro, que recibirá un lote de libros e un premio de 100 euros; e o terceiro premio foi para 'O reino dos soños', tamén do CPR Divino Maestro, que recibirá un lote de libros e un premio de 70 euros.

Pola súa parte, na categoría de 15 a 18 anos entregáronse só o primeiro e o segundo premios a 'Pola Noite', de María Fernández Ascariz, alumna do IES Ánxel Fole, que recibirá un premio de 250 euros e un lote de libros; e a 'Sombras no Peirao', de Carme Pereira Troncoso, alumna do CPR Maristas, que recibirá 130 euros e un lote de libros.

PREMIO DA USC



A Cátedra do Pan e do Cereal da USC acaba de premiar unha investigación baseada nun sistema que garanta a trazabilidade das fariñas que se empregan para a elaboración do pan amparado pola IXP Pan Galego, no relativo á orixe e á porcentaxe na que se usa.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es



Lugo pechou 2024 con case 700 actividades

Maite Ferreiro fixo balance da intensa actividade cultural desenvolvida en Lugo ao longo do ano 2024. Segundo destacou, “seguimos a traballar para achegar a cultura a todos os públicos nos distintos espazos dispoñibles na cidade, cunha oferta variada e de calidade”.

Ao longo do ano, os espazos xestionados pola área de Cultura acolleron un total de 694 actividades culturais. Estas tiveron lugar tanto en instalacións principais, como o Auditorio Municipal Gustavo Freire, o Centro Cultural O Vello Cárcere ou o Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), como noutros espazos, incluíndo o Círculo das Artes ou as rúas da cidade.

“Isto significa que, de media, as persoas de Lugo puideron disfrutar de case dúas actividades culturais ao día, cunha oferta ampla e diversa”, sinalou Ferreiro, quen engadiu: “Para o 2025 seguiremos a traballar en ampliar a oferta cultural de Lugo, contando ademais cunha nova instalación: o Auditorio Fuxan os Ventos”.

A programación de 2024 incluíu concertos, representacións tea-

trais, presentacións de libros, exposicións e faladoiros. “Este abano de actividades permite á veciñanza de todas as idades adentrarse no mundo da cultura e de todas as súas expresións”, subliñou a concelleira.

O Auditorio Gustavo Freire foi un punto clave, acollendo 111 actividades organizadas directamente pola área de Cultura, que incluíron ciclos de teatro familiar, para público adulto e infantil, así como espectáculos de artes do movemento, maxia, circo e música. A estas sumáronse 70 actividades promovidas por organizadores privados.

O Centro Cultural O Vello Cárcere e o MIHL albergaron 25 exposicións de artistas diversos, ademais de 368 actividades culturais, entre presentacións de libros, concertos e eventos variados. Pola súa parte, outros espazos, tanto ao aire libre como en recintos como o Círculo das Artes, acolleron 90 actividades, que incluíron concertos, actuacións teatrais e espectáculos de circo. Ademais, o programa Lugo Cultural contribuíu con 30 actividades adicionais durante o ano.

A USC aposta por un Campus Terra como motor de desenvolvemento

O reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Antonio López Díaz, destacou no seu discurso do acto conmemorativo de San Tomé, celebrado na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, o compromiso da USC de “fortalecer o Campus Terra” nos vindeiros anos. López Díaz subliñou que potenciar este campus non só é “o mellor para a USC”, senón que tamén “achega importantes beneficios para a provincia e para Galicia no seu conxunto”.

No seu discurso, o reitor repasou os logros acadados polo Campus Terra nos últimos anos e destacou as metas para o futuro. Entre os avances, López Díaz fixo fincapé na “evolución positiva” da matrícula, facendo especial mención ao Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, que viu un incremento do 35% na súa matrícula. Ademais, o número de estudantes internacionais tamén creceu considerablemente, cun aumento do 89% entre os graos e do 60% nos mestrados.

O reitor tamén destacou o aumento do número de estudantes de primeira matrícula, que se incrementou nun 41% nos últimos seis anos, pasando de 621 a 876 alumnos. Isto permitiu que o campus de Lugo recuperase cifras de matrícula semellantes ás de fai dez anos, cun total arredor dos 4.300 estudantes.

EXCELENCIA ACADÉMICA. Un dos puntos salientes do discurso foi a distinción do Grao en Veterinaria como grao de excelencia, un recoñecemento que a USC só outorga aos programas que destacan por súa calidade e proxección social. López Díaz asegurou que outras titulacións do Campus Terra tamén



poderían incorporarse a este club distinguido no futuro.

De cara ao futuro inmediato, o reitor anunciou a ampliación da oferta docente con dous novos mestrados que se porán en marcha no curso 2026-2027: o Máster Interuniversitario de Vehículos Autónomos, en colaboración coas universidades de Vigo e A Coruña, e o Máster en Enxeñaría da Paisaxe, Infraestruturas Verdes e Transición Rural.

INVESTIGACIÓN. No eido da investigación, Antonio López Díaz resaltou os avances logrados, destacando que, no existente Ránking de Shanghai, a USC sobresaes en 15 ámbitos temáticos, como a investigación en Veterinaria, que se sitúa entre os postos 51-75 a nivel mundial e entre os postos 4-5 a nivel estatal.

O reitor tamén se referiu ao proxecto dun centro dedicado á saúde global, que se aprobará no segundo semestre de 2025, centrado na interacción entre o medio ambiente, a saúde animal e a saúde humana. Este centro, afirmou, constituirá un “paraugas axeitado” para a especialización do Campus Terra en áreas de investigación

punteira.

López Díaz puxo en valor o impacto económico do Campus Terra, lembrando que un estudo recente calculou que o impacto do campus sobre o valor total da produción provincial supera os 75 millóns de euros, o que subliña a importancia de seguir investindo neste campus.

LECCIÓN MAXISTRAL. No marco do acto, o profesor Roque Julio Rodríguez Soalleiro, catedrático de Producción Vexetal, ofreciú a lección maxistral, que versou sobre ‘Entre carballos e castiñeiros: xestión activa para producir madeira de calidade’. O profesor destacou a importancia de xestionar activamente o territorio forestal para facer fronte aos retos do cambio climático e asegurar a resiliencia do sector forestal, un dos eixes fundamentais da economía galega. O reitor e outras autoridades académicas da USC acompañaron ao profesor Rodríguez Soalleiro na mesa presidencial, celebrando así un acto que subliñou a importancia do Campus Terra como referente en formación, investigación e desenvolvemento para a provincia de Lugo e Galicia.

JORNADAS DEL ARROZ CALDOSO DE BOGAVANTE



25€/PERSONA
(mínimo dos personas)

DEL 1 DE FEBRERO AL 2 DE MARZO
C/ Recatelo 1 Tfno: 982 24 70 76

ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

- DESAYUNOS
- RACIONES
- PLATOS COMBINADOS
- COMIDAS A LA CARTA

NUEVA CARTA ¡Visítanos!

MENÚ DEL DÍA 14 €

HAMBURGUESAS GOURMET (Cachena, Porco Ceita...)

Rafael de Vega, 10 bajo
Tel. 982 59 38 92 LUGO

TODOS LOS PARTIDOS de FÚTBOL y C.E. Europa S.A.D.

3 Brais CARNICERÍA

PRODUCCIÓN PROPIA, EXCLUSIVIDADE EN TENLEIRA CACHENA

¡Chegar e encher de!

- FRONTERA
- CHARCUTERÍA
- CONVELADOS
- ASADOS DE PORCOS, COELLAS...
- PANADERÍA

Servimos a -HOSTELERÍA COLEXIOS DOMICILIO

PREPARACIÓN CARLES E LEMAS CARLES PARA CONVELADOR

Éche o que hai!!!

- TENDA GOURMET
- BODEGA
- PETISCOS
- DELICIAESSEN
- PRODUCTOS
- CARRIBE PREMIUM

Rúa Montero Ríos, 40 Baixo - Tel. 982 872 180 LUGO

“Aproveitaremos o traballo feito e seguiremos dándolle pulo”

A Asociación Cántigas e Frores conta con nova directiva despois de 20 anos sen cambios, formada por 11 persoas con Anxo Vilabril como presidente

Jessica Fernández

Como asume a nova directiva esta nova etapa en Cántigas e Frores?

Asumimos esta etapa con ilusión e algo de medo, pero esperamos que vaia todo ben. A nosa intención é facer as cousas o mellor posible polo ben da asociación e de todos os membros. Chegou un momento no que as cousas tiñan que cambiar, xa que a directiva que había levaba 20 anos nos cargos e a xente estaba cansada dese traballo e había que renovar. É normal dar un paso ao lado e ten que vir un relevo.

Seguirán a mesma liña de traballo que a anterior directiva?

Sí, seguiremos a mesma liña de traballo que a anterior directiva e manteremos o que eles fixeron ao longo de 20 anos, xa que se fixeron moitas cousas ben pola asociación. Queremos aproveitar todo ese traballo feito polo anterior equipo e seguir dándolle pulo. Ademais, haberá que modificar cousas, xa que os tempos son distintos e as cousas cambian, polo que é necesario adaptarse aos tempos e ás necesidades da asociación e ás dos membros das escolas. Así, manteremos actividades como a Feira do 48, as Escolas na Rúa, as actividades que facemos no San Froilán, etc. pero dándolle un pequeno retoque. Por outro lado, a Asociación Cultural conta con diferentes escolas de baile, de percusión, de gaita, cantareiras e cantareiros, escolas infantís de baile e de percusión, escola de acordeón... temos profesorado de todo tipo. Dos máis de 300 socios, a meirande parte están tamén nas escolas e iso é importante porque temos canteira. Por iso, o noso plan de futuro é

seguir como ata o de agora, podendo cambiar algún horario ou algún detalle que nos comenten os nosos socios, pero enfocados en manter á xente con nós.

Os valores, mudan ou mantéñense?

Os valores da asociación van continuar sendo os mesmos, porque o principal é que o colectivo siga sendo sen ánimo de lucro, así como que o obxectivo é defender e difundir a tradición da cultura galega, xa que para nós é un piar básico. O que queremos cambiar é que as cousas funcionen en forma de grupo, xa que a nosa directiva levará a cabo un labor que será máis de traballo grupal. Por iso, formamos unha directiva de 11 persoas para traballar en equipo da mellor forma posible, no que está o presidente, que son eu; hai dúas secretarías, con María del Pilar Cabello e Saleta Pastor; un tesoureiro, Pablo Fernández; un director artístico, Borja Marrondo; unha persoa encargada de Patrimonio, Lucía Piñeiro; e 5 vogais, Talía López, Álvaro López, Antón Méndez, Lucía Arias e Thania Rodríguez. **Cales son os proxectos que porán en marcha no futuro próximo?**

O primeiro que queremos mellorar son as redes sociais, xa que un obxectivo desta nova directiva é mellorar a visibilidade da asociación nas redes sociais. Isto vén derivado dos tempos nos que vivimos, no que as redes sociais teñen peso, e nós necesitamos facernos ver, polo que cada actividade ou proxecto hai que anunciálo nelas. Por outro lado, levamos catro anos dando un premio a distintas persoas ou agrupacións que teñan unha relevancia no mundo da cultura tradicional;

por exemplo, o ano pasado démoslo a Fuxan os Ventos, pero quedou un pouco difuso, entón este ano estamos traballando na elaboración dun premio máis consistente e estamos en contacto con artesáns para crear unha peza que simbolice o premio para asentalo no futuro como o Premio Cántigas e Frores na Cultura Tradicional.

Algunha actividade que teñan en mente programar para este ano 2025?

Desde Cántigas e Frores participaremos en diferentes actos a nivel municipal, como O Entroido, a Semana Santa, etc. E tamén desenvolveremos diferentes actuacións que vaian xurdindo ao longo do ano, dando visibilidade ás escolas. Seguiremos levando por Lugo o evento Cántigas na rúa, organizaremos o Curso de Cultura Tradicional Cántigas e Frores e promoveremos unha actuación no Auditorio Fuxan os Ventos, coa entrega de premio Cántigas e Frores de Cultura Tradicional. Ademais, proporemos obradoiros de distinta índole (vestiario, confección de indumentaria tradicional, etc), así como organizaremos, un ano máis, a Feira do 48, o Festival das escolas de Cántigas e Frores, o Festival de San Froilán de Cultura tradicional, o San Froilán Miúdo e o Magosto.

Cántigas e Frores ten necesidades?

Unha das nosas necesidades básicas é conseguir facer un inventario de todos instrumentos e bibliografía que temos, porque é moita e queremos arquivala e difundila para facer unha especie de biblioteca para que as persoas que estean interesadas en ter acceso a



ese coñecemento, poidan facelo. Temos un fondo de libros que nos doan outras asociacións, como un fondo de partituras, e temos historia da asociación en recortes de xornal; está todo gardado, pero non está ao día. A directiva anterior traballou niso, pero queremos actualizalo. Por outra parte, a nivel de instalacións somos uns privilexiados, porque contamos con locais cedidos polo Concello que anualmente renovamos a cesión, e a asociación leva moitos anos con ese método de prestación de local, pero son antigas e necesitarían reformas. Por exemplo, as ventás non pechan ben e en inverno algúns pasan frío. Esas pequenas reformas son necesarias, porque pasan moitas persoas se-

manalmente por estas instalacións e o uso e o desgaste é importante. Pero estamos en contacto coas administracións para solucionar eses problemas. Ademais, tamén pensamos na adquisición de instrumentos porque non todo o mundo pode mercar un instrumento, polo que nos gustaría actualizar o noso fondo de instrumentos. Con todo, nós coas administracións temos boa relación; incluso esta tempada falamos coa Área de Cultura da Deputación de Lugo e coa mesma Área do Concello de Lugo porque dependemos das axudas, xa que a cota dos socios e o diñeiro que xestionamos coas escolas é importante, pero afrontar economicamente todas as actividades que facemos é un desembolso importante.

PIZARRAS HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

“O acceso á cultura é un dereito universal: ninguén pode quedar excluído del”

Encarna Lago é a xerente da Rede Museística Provincial e foi recoñecida coa Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes polo Ministerio de Cultura pola súa traxectoria na xestión cultural

Jessica Fernández

Quen é, para quen non a coñeza, Encarna Lago?

Son unha galega nacida en Barcelona hai case 63 anos, filla de migrantes. Miña nai era da Fonsagrada e meu pai das Nogais; coñecéronse e namoraron en Barcelona, onde nacín eu e meu irmán. A conexión con Galicia foi constante, xa que fun e vin con frecuencia. Aos 16 anos, a miña familia asentouse en Pedrafita do Cebreiro. Desde o punto de vista profesional, son funcionaria e servidora pública cunha traxectoria de case corenta anos no ámbito dos museos. En 1999 asumín a xestión do Museo Provincial de Lugo e da Fortaleza de San Paio de Narla, coincidindo co cambio de século, imprimindo unha liña de transformación cara ao modelo de museo social, sempre poñendo ás persoas no centro. Antes, ocupárame da coordinación do traballo didáctico. En 2004 asumimos a xestión do Museo Provincial do Mar, e en 2006 a do Pazo de Tor, ano no que solicitamos á Deputación a creación da Rede Museística Provincial de Lugo (RMPL). Desde os catro museos da Rede, traballamos incansablemente para promover o cumprimento dos dereitos culturais, garantindo o acceso universal, a igualdade de oportunidades e a sustentabilidade como piares fundamentais.

Como nace a súa paixón pola cultura e polos museos?

A miña paixón pola cultura xurdiu da miña curiosidade innata por entender e explorar o mun-



do que me rodea. De pequena, a Biblioteca Nacional de Catalunya foi o meu refuxio, un lugar onde a imaxinación e o coñecemento camiñaban da man. A literatura alimentaba os meus soños, e a música, o ballet e a danza tamén tiveron un papel destacado na miña vida ata os doce anos; mesmo participei en campionatos de ximnasia rítmica. O meu achegamento aos museos veu grazas ao meu tío Valentín, que cada fin de semana me levaba a Montjuïc e despois a visitar diferentes museos. Para unha nena curiosa, os museos convertéronse nun lugar de aventuras, aprendizaxe e diversión sen límites.

Que é, en esencia, un museo?

Un museo non é un contedor de obxectos; é un espazo vivo onde habitan as experiencias huma-

nas, cargado de memoria, raíces, vínculos e historias de vida. É tamén un lugar que custodia fontes primarias de coñecemento, comprometido coa investigación, a conservación, a difusión e a educación. Os museos deben ser espazos inclusivos e accesibles, sempre ao servizo de todas as persoas. O acceso á cultura é un dereito universal: ninguén pode quedar excluído nos museos.

Como xorde a Rede Museística Provincial de Lugo?

Antes de nada, convén aclarar que a Rede Museística Provincial está composta por catro museos: o Museo Provincial de Lugo, San Paio de Narla, o Pazo de Tor e o Museo Provincial do Mar. Fago esta aclaración porque habitualmente sepáranse o Museo Provincial dos outros tres, pero a RMPL

somos os catro. A RMPL naceu en 2006 por iniciativa dun grupo de funcionarios/as que solicitamos á Deputación a súa creación, co obxectivo de implementar un modelo de xestión máis sostible, económica e socialmente. A Rede configúrase como un nexo de unión entre os catro museos, fomentando o traballo conxunto, unificando criterios, compartindo perspectivas e establecendo obxectivos comúns. Garante, ademais, o cumprimento das funcións definidas por ICOM, para ser museos sen a RMPL tres dos museos non serían museos.

Cales son os proxectos destacados da Rede?

Ao longo dos 18 anos de existencia da RMPL, desenvolvemos numerosos programas educativos e culturais. Destacan o Plan Integral Educativo dos catro museos, que inclúe xornadas, congresos e actividades para todos os públicos, así como programas específicos para maiores, familias e clubs (Pequeamigxs, Eii!, Senior). Tamén levamos a cabo plans como o de Museoloxía Social, Igualdade, Accesibilidade e Culturas en Diálogo. Destaca especialmente o programa de exposicións e residencias artísticas nos catro museos, con máis de 2.000 mostras realizadas. Subliñamos o noso firme apoio á artistas lucenses e galegos/as, exposición, adquisición de obras, a publicación de catálogos e o apoio constante á creación local. Desde 2018, apostamos por proxectos de investigación educativa e novas narrativas, centrados en reco-

ñecer, representar e redistribuír historias soterradas. Traballando intensamente a interseccionalidade das desigualdades. Estas liñas materializáronse en novos proxectos museolóxicos e museográficos en Narla, Tor e o Museo do Mar. Ademais, estamos especialmente ilusionadas coa creación do futuro Museo da Migración en formato dixital, un dos proxectos importantes para este 2025.

Como responde a sociedade lucense ás propostas culturais?

A sociedade lucense responde de forma positiva cando as propostas son accesibles e relevantes. Como museos de comunidade, traballamos para ofrecer programación inclusiva e adaptada, creando vínculos de confianza e facendo que ninguén quede excluído. Apostamos polo patrimonio humano, xerando orgullo de pertenza e reforzando a identidade cultural da comunidade.

Hai pouco recibiu a Medalla de Ouro de Belas Artes. Que significou para vostede?

Foi unha honra inmensa e un recoñecemento que considero colectivo, enchéndome de orgullo que, a través desta medalla, se visibilice o que acontece en Lugo. Este galardón destaca o esforzo compartido por construír museos vivos, comprometidos coa sociedade e coa inclusión. Ao longo destes anos, recibimos quince premios e recoñecementos que subliñan, unha e outra vez, a importancia do noso traballo coa comunidade traballando xuntos pola accesibilidade e a igualdade.

Cales son os retos de futuro para a Rede?

Seguiremos atentas ás necesidades da nosa comunidade, combinando unha visión local e global para impulsar proxectos frescos e innovadores que melloren o benestar social. Apostamos por un traballo sostido no tempo, mantendo a cultura como un dereito universal e accesible para todos/as.

O Divina Pastora organiza xornadas de portas abertas

O Colexio Plurilingüe Divina Pastora Salesianos de Lugo convida a todas as familias interesadas a participar nas súas xornadas de portas abertas, que se celebrarán durante o mes de febreiro baixo o lema Ven a coñecer o noso cole.

A través de diversas actividades, o centro busca dar a coñecer a súa proposta educativa, os seus valores e as súas instalacións, dirixidas a estudantes de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

As xornadas comezaron o 1 de febreiro cunha sesión de contactos. O 10 de febreiro, ás 18.00 horas, celebrarase un obradoiro,

un taller creativo no que as familias poderán participar de forma dinámica e divertida.

Para quen desexe coñecer en profundidade o colexio, organizáronse varias visitas guiadas, que terán lugar o 17 de febreiro ás 18.00 horas, o 20 de febreiro ás 16.30 horas e o 26 de febreiro ás 10.00 horas.

O colexio ofrece un servizo educativo integral que inclúe madrugadores, comedor, actividades extraescolares e o Centro Xuvenil Ateibo, ademais de destacar polo seu compromiso coa educación plurilingüe e o seu enfoque innovador na formación do alumnado.

Solaina abre unha mostra de Jaime Remírez de Ganuza

A galería de arte Solaina abriu unha nova mostra, *(Corazón), con(suela), que el (mundo) (rueda)* que se poderá visitar ata o vindeiro 1 de marzo. Este é o título da exposición de Jaime Remírez de Ganuza, que condensa nunha polifonía de obras audiovisuais e fotográficas os extractos seleccionados da conversación cun territorio concreto, San Pedro Manrique, pobo da serra soriana.

O nome da exposición tómase das crípticas inscricións talladas sobre unha pedra situada na fachada da casa familiar, datada de 1676, que testemuña a subsistencia das voces do territorio a través do tempo.

EXCLUSIVAS
APOL 
¡NOS TRASLADAMOS!
MUY PRONTO NOS
ENCONTRARÉIS EN
PRAZA DA MILAGROSA, N.º 7
PAPELERÍA - LIBROS DE TEXTO
MATERIAL ESCOLAR - REGALOS ORIGINALES
ENMARCACIÓN PROFESIONAL

WWW.NOVARUA.ES | 982217101 | CORREO@NOVARUA.ES | @NOVARUA_APOLO

Lugo promociónase en Fitur como un destino único en Galicia

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, Maite Ferreiro, asistiu á Feira Internacional de Turismo (Fitur), onde a cidade amosou a súa privilegiada localización e riqueza patrimonial baixo o lema 'Lugo no Camiño'.

Durante a presentación, Ferreiro destacou que "volvemos un ano máis a FITUR para ensinar ao mundo a nosa riqueza cultural e patrimonial, a nosa hospitalidade e os nosos atractivos únicos", engadindo que "a unión de todos estes aspectos fai de Lugo un destino inesquecible para aquelas persoas que nos visitan".

No acto, Maite Ferreiro sinalou que 2025 será un ano especial para Lugo, xa que se celebran 25 anos da declaración da Muralla como Patrimonio da Humanidade e 10 anos desde o recoñecemento do Camiño Primitivo coa mesma distinción. "Estamos preparadas para celebralo como merece e seguiremos insistindo na nosa idea de que Lugo debe seguir sendo a cidade viva que construímos entre todas e todos", afirmou a concelleira.



Ferreiro subliñou que Lugo pode ser o punto de partida ideal para descubrir Galicia en profundidade. "Temos a sorte de estar situados a menos de 100 quilómetros de lugares emblemáticos e representativos da nosa terra, polo que podemos ser a base de operacións perfecta para explorar Galicia ao completo", explicou.

A concelleira presentou o concepto 'Lugo Km100', unha proposta que posiciona a cidade como o inicio dunha experiencia única na rexión. "Lugo é o punto onde todo comeza e o fío que une un sen fin de vivencias", engadiu, destacando que esta

estrategia aposta por un turismo de proximidade e de calidade.

Maite Ferreiro afirmou que "o máis difícil xa está feito", referíndose ao crecemento do recoñecemento de Lugo como destino turístico relevante. "Lugo xa non é ese gran descoñecido. Cada vez está máis presente na mente das persoas, e aquelas que nos visitan, non nos esquecen", asegurou. A pesar diso, sinalou que queda traballo por facer: "Hai que seguir avanzando para converter a nosa cidade nun lugar ao que sempre se queira volver para descubrir os seus tesouros".

Airiños de Orbazai presentou novo disco

O Grupo de Cantos Populares e Música Tradicional Airiños de Orbazai de Lugo presentou o seu novo traballo discográfico, titulado *Orixé* cun concerto no Fuxan Os Ventos. O disco consta de 10 versións propias de temas populares da música tradicional galega, interpretados polo grupo, que está formado por 50 persoas amantes da música galega. En *Orixé*, mestúranse os tradicionais instrumentos da música galega, como o tamboril, bombo, gaita, pandeiretas e pandeiros, con outros como acordeón, guitarras acústicas, violín, chelo, contrabaixo, frauta traveseira, saxo, clarinete, trombón e trompeta, todo iso acompañado polos coros de voces tanto masculinas como femininas, creando un estilo único.

O coordinador do grupo, Javier

Pajón, explicou que xa lanzaran un disco en 2014 nunha etapa anterior. "Despois da pandemia, parecía que todo ía desaparecer, pero collemos as rendas cunha nova directiva, volvemos a contar co mestre que tiñamos antes e decidimos facer un disco para plasmar o traballo semanal que realizamos nos ensaios, como unha forma de motivar á xente, porque temos tanto afeccionados como profesionais. Isto é unha oportunidade para deixar constancia do traballo que facemos, non só para os netos, senón tamén para toda a xente de Lugo". En canto ao repertorio, Pajón mencionou que inclúe temas coñecidos como *Lela*, *O romance da lavandeira*, *Para onde vas María?* "Son temas populares, pero coa nosa propia versión".

Nova edición do Correlingua

Correlingua xa está en marcha, centralizando unha parte da súa actividade no mes de maio. A festa en defensa do galego inicia a súa actividade de 2025 coa convocatoria do seu concurso: o Cantalingua. As bandas e solistas galegas poderán inscribirse nesta convocatoria que ten como premio unha remuneración de ata 1.300 euros por cada actuación nos centros escolares. O prazo de presentación de cancións finaliza o 20 de febreiro.

XOSÉ VIZOSO



A deputada Iria Castro inaugurou a xornada Xosé Vizoso, debuxante eterno, na que o realizador Aser Álvarez, o escritor e cronista de Mondoñedo Antonio Reigosa, o pintor e gravador Xosé Artiaga e o ilustrador e deseñador Alberto Guitián repasaron a biografía e traxectoria creativa de Xosé Vizoso.

O Facela Fest confirma máis artistas para maio

Do 8 ao 10 de maio, Lugo será o epicentro da música alternativa coa chegada da novena edición do Facela Fest. Este evento, que se consolidou como unha das citas culturais máis agardadas do ano, promete tres días de actuacións inesquecibles con artistas de renome e novas promesas da escena independente.

Entre os primeiros nomes confirmados destacan os icónicos The Undertones, a sensibilidade artística de Christina Rosenvinge, e a enerxía arrolladora de bandas como VVV [Trippin' You] e Margaritas Podridas. Tamén figuran propostas internacionais como os electrizantes Stompin'

Riffraffs, o singular estilo de Marcelo Criminal, a forza de Black Ends, e as novas promesas Pladur e Jade4.

The Violet Mindfield súmase ao cartel para descargar unha dose exquisita de rock n'roll, garage, surf e psicodelia con moito aroma aos 60. Con lanzamentos en selos como Outro Records, Hypnotic Bridge e Disques Rogue, a banda combina a artesanía clásica cunha sensibilidade retro, dominando o auténtico son analóxico impulsado polas válvulas dos anos 60.

Aínda que estas confirmacións xa debuxan un festival imperdible, os organizadores aseguran que o cartel aínda garda sorpresas.

FORMACIÓN PROFESIONAL PARA LA INSERCIÓN LABORAL

Titulaciones oficiales para el empleo

MEJORA TU EMPLEABILIDAD

Estudios muy demandados que garantizan la estabilidad y seguridad laboral

ADMINISTRACIÓN
MARKETING
FINANZAS

OBRA CIVIL
COMPETENCIAS DIGITALES
LOGÍSTICA

SOCIOCULTURAL
TURISMO
MEDIO AMBIENTE

Estudios Rafer pone en marcha un Programa de Formación dirigido a desempleados y trabajadores, dentro del Plan formativo para el empleo de Galicia. Fórmate con nosotros

- CERTIFICADOS PROFESIONALES
- 100% GRATUITOS
- TITULACIONES OFICIALES PARA LA ESTABILIDAD LABORAL

www.estudiosrafer.es

formacion@estudiosrafer.es
666 483 504 / 982 22 26 49

GANA DOS TABLETS Y ENEMÓRATE DE LA FORMACIÓN

Incríbete en el stand de **As Termas** o en la web estudiosrafer.es del 12 al 15 de febrero

*Condiciones del sorteo en estudiosrafer.es

O programa TurisTalent 5.0 ten seis candidatos para a súa xestión

O Concello avanza no lanzamento do programa de aceleración TurisTalent 5.0 tras recibir seis ofertas para a súa xestión. Estas propostas serán avaliadas por un comité de expertos mixto, integrado por técnicos de diferentes departamentos municipais e da USC, que valorará a idoneidade das candidaturas para impulsar esta iniciativa, co obxectivo de adxudicar o contrato nas próximas semanas. TurisTalent 5.0, que se enmarca no Plan de Sostibilidade Turística en Destino "...Et Edendo, Lucus", para o que o Goberno Local acadou 2 millóns de euros de fondos europeos Next Generation, ten como finalidade impulsar o emprendemento no sector turístico e enogastronómico en Lugo, proporcionando formación, asesoramento especializado e apoio na procura de financiamento a novos proxectos innovadores. A aceleradora establecerase Impulso Verde, situado na Garaballa, un espazo que busca converterse nun referente do ecosistema emprendedor da cidade. O proceso de avaliación das ofertas presentadas será realizado por un comité mixto que combina coñecementos técnicos municipais e académicos da USC, garantindo unha valoración obxectiva e rigorosa. Unha vez completada esta fase, o Concello adxudicará a xestión do programa a unha das entidades candidatas, cun orzamento de 167.664 euros. As fases do programa inclúen unha convocatoria inicial para a captación de proxectos, unha fase de pre-acceleración chamada Talent Day, unha etapa de formación intensiva na Academia TurisTalent e un Investors Day, no que os proxectos finalistas serán presentados ante investidores.

Adxudicado o novo contrato para o control de pombas na cidade

O Goberno local adxudicou un novo contrato para o control de pombas na cidade cun importe anual de 11.916 euros. O servizo terá unha duración inicial de tres anos, con opción de prórroga por dous anos adicionais, o que suporá un investimento total superior a 59.000 euros no próximo lustro. Este novo contrato introduce melloras significativas respecto ao anterior. Contarase cun equipo especializado formado por un licenciado en bioloxía, un veterinario e técnicos expertos en control de fauna. As tarefas inclúen un censo inicial da poboación de pombas, a elaboración dun mapa de diagnóstico e a implementación de técnicas de captura in vivo comple-

mentadas con metodoloxías non cruentas e seguras tanto para as aves como para a cidadanía. Unha das prioridades do proxecto será a detección e control de pombas urbanos, que serán avaliados para proceder ao seu peche ou á captura total das aves, garantindo que non afecten á veciñanza. Ademais, levaranse a cabo visitas periódicas e emitirase un informe mensual que recolla a evolución da poboación, a eficacia das medidas implementadas e un resumo semanal das actuacións realizadas. O servizo tamén contempla un censo poboacional anual para analizar e comparar datos entre campañas, identificando as áreas con maior densidade de pombas.



O BNG leva iniciativas sobre vivenda ao Concello e ao Parlamento

Rubén Arroxo, portavoz do BNG en Lugo, deu a coñecer a campaña que o partido levará a cabo para reclamar á Xunta de Galicia que asuma as súas responsabilidades en materia de vivenda.

Arroxo, acompañado polas deputadas do BNG no Parlamento de Galicia, Olalla Rodil e Montse Valcárcel, así como por concelleiros e concelleiras do BNG en Lugo, fixo a presentación no barrio da Tinería, un claro exemplo, segundo o portavoz, "do desleixo da Xunta cun proxecto de rehabilitación do barrio e a construción de vivenda pública".

Nos próximos meses, o BNG organizará diversas accións, tanto en espazos públicos como a través das redes sociais, co fin de dar a coñecer á cidadanía as súas propostas para mellorar a situación da vivenda na cidade e garantir o acceso a unha "vivenda digna como dereito universal para toda a veciñanza".

Así mesmo, Arroxo anunciou que o

BNG presentará iniciativas tanto no Concello de Lugo como no Parlamento galego sobre esta problemática. O portavoz tamén afirmou que "o PP agora está a prometer o traballo que non fixo nos últimos 15 anos. A realidade é que desde 2009 estamos a presenciar retrocesos neste ámbito".

A proposta do BNG artículase en tres grandes liñas de actuación: a ampliación do parque público de vivenda, asegurando a perpetuidade na cualificación de toda a vivenda protexida; a intervención no mercado libre para limitar o prezo do alugueiro; e a creación dunha rede de protección social que asegure que ninguén quede sen un lugar onde vivir.

Rubén Arroxo subliñou a importancia de rematar a rehabilitación do barrio da Tinería en Lugo, destacando que o plan de rehabilitación iniciado en 2005, cando o BNG estaba á fronte da Consellería de Vivenda, foi paralizado polo PP e debe ser continuado.

APREVAR



A sede da Asociación Provincial de Reparación e Venda de Automóviles (Aprevar) en Lugo foi o escenario dunha xornada informativa sobre a evolución do mercado da automoción, tanto en vehículos novos como de ocasión. O evento, dirixido a profesionais do sector, contou coa organización de GANVAM, a entidade nacional de referencia neste ámbito.

O sector do taxi maniféstase

O sector do Taxi concentrouse na praza Horta do Seminario de Lugo en protesta pola suba "desmesurada" dos prezos dos seguros á que se están a ver sometidos.

Os taxistas concentráronse durante tres horas con todos os coches que non estaba facendo servizos mínimos reclamando a intermediación do Goberno do Estado para evitar o "abuso das compañías aseguradoras".

Os taxistas con estaban dirixidos por Jesús Rodríguez, presidente da Asociación Profesional de Trabaxadores Autónomos de Taxi da provincia de Lugo, e Ovidio Aira, presidente de Radio Taxi na cidade. Arroxo, Alvarellos e Candia pasa-



ron por la praza para mostrar o seu apoio ao sector e votaron unanimemente unha moción no pleno

para solidarizarse coas demandas do colectivo do taxi, que está en folga en toda España

¡Somos artesanos!

Pan artesano 100% con masa madre

Milano Propio

PANADERIA · PASTELERIA

O PAN DO PAIS

CAFETERIA

☎ 982 24 02 35

Aproban os Orzamentos de 2025, que teñen un montante de 121,1 millóns

Os Orzamentos do Concello de Lugo de 2025 foron aprobados polos concelleiros socialistas e nacionalistas, que forman parte do Goberno local, co voto en contra do Partido Popular. Estes Orzamentos, que ascenden a 121,1 millóns de euros, un dos máis elevados na historia do Concello, permitirán mellorar os servizos públicos e consolidar a dinamización económica de Lugo, fomentando o emprego, o crecemento demográfico e o posicionamento da cidade como referente social, económico e cultural da provincia.

A alcaldesa, Paula Alvarellos, e o tenente alcalde, Rubén Arroxo, sostiveron que estes orzamentos son "ilusionantes" e subliñaron o seu carácter equilibrado, baseado en previsións "realistas e responsables".

PRINCIPAIS INVESTIMENTOS. O orzamento incrementa un 5,1% as transferencias correntes, destinando 6,2 millóns de euros a colectivos e entidades locais. Exemplos deste apoio inclúen axudas á Protectora de Animais, melloras na igrexa do Carne e proxectos de cooperación social.

O total destinado a investimentos ascende a 9,1 millóns de euros, con 2,9 millóns adicionais para o Fondo de Capital Lugo Transforma.

As partidas inclúen 3 millóns de euros para proxectos como o acceso pola Fervedoira (100.000 euros), melloras en polígonos industriais (500.000 euros) e a rexeneración da zona norte (200.000 euros). Tamén recollen proxectos para a rede de abastecemento e saneamento, cun orzamento dun millón de euros, con proxectos destacados en Esperante e Fermín Rivera. Preto dun millón de euros servirán desenvolver accesos agrícolas, arranxos de pistas, traídas



de auga e mellora de escolas rurais. Tamén se dedicarán 500.000 euros para proxectos como a construción dun novo pavillón, melloras na zona deportiva de San Fiz e creación dunha pista de pádel en Frigsa. Así como se reservarán 500.000 euros para o benestar animal, incluíndo o proxecto dunha nova protectora de animais.

A TENENCIA DE ALCALDÍA. Entre os proxectos máis destacados da Tenencia de Alcaldía, Rubén Arroxo mencionou a transformación do Carril das Flores, na entrada do Camiño Primitivo, que contará con 1.150.000 euros, "o punto de maior feísmo de Lugo que se transformará nun espazo acorde á unión de dous Patrimonios da Humanidade". Tamén anunciou 837.800 euros para programación cultural nos catro edificios culturais da cidade e na rúa, e un total de 907.800 euros para as festas de San Froilán, que continuarán sendo un dos grandes eventos de Lugo. Outro dos proxectos máis esperados é a mellora da seguridade peonil na rúa Cambria, especialmente na zona da entrada do colexio Rosalía de Cas-

tro. Ademais, entre os investimentos previstos destaca a restauración por danos da Ponte Romana, así como un investimento de 1.200.000 euros en repavimentacións de calzadas e beirarrúas, e na implantación de medidas para calmar o tráfico en varias zonas da cidade.

Rubén Arroxo anunciou tamén a renovación do cruce entre Afonso X coa rolda de Fingoi, "creando unha nova rotonda que permita mellorar a fluidez do tráfico"; e un orzamento de 145.000 euros para a Praza de Abastos, que permitirá crear unha pasarela accesible e mellorar os postos existentes, coa finalidade de mellorar a accesibilidade e a experiencia dos usuarios.

Outro dos proxectos destacados é un proxecto piloto de transporte a demanda en zonas rurais, cun orzamento de 20.000 euros, que permitirá mellorar a conectividade no medio rural.

En definitiva, Rubén Arroxo asegurou que, con todos estes proxectos e outros que se completarán ao longo do ano, o Concello de Lugo "segue avanzando para mellorar a calidade de vida dos seus veciños e veciñas".

CONTESTACIÓN DO PP. O Partido Popular de Lugo expresou o seu malestar cos orzamentos do Concello para o ano 2025. Os populares recriminaron a falta de información facilitada á principal forza de oposición e aos representantes dos traballadores.

Así, desde o PP, alertaron sobre a drástica diminución da inversión no orzamento, que experimenta unha caída do 46,26%, pasando dos 14,1 millóns de euros no exercicio anterior aos 8 millóns de euros previstos para 2025.

Por iso, os populares presentaron unha serie de emendas "para mellorar os orzamentos do Goberno local, priorizando proxectos esenciais para a cidade de Lugo", explican. Entre as propostas máis destacadas atópanse a construción dun aparcadoiro en Fontiñas, a mellora do abastecemento de auga, o impulso dun plan local de saúde mental, axudas sociais e apoio aos maiores, así como iniciativas dirixidas á xuventude, como un convenio coa USC. Ademais, o PP propuxo estudar o achegamento da estación intermodal á cidade, manter a protectora de animais na súa localización actual e a adecuación de todos os postos do mercado, non só os baleiros.

Así, no pleno municipal onde se aprobaron estes orzamentos, a voceira popular, Elena Candia, afeou que o Goberno local presentase os orzamentos "tarde e sen consensuar coa oposición nin cos representantes dos traballadores".

Porén, agradeceu que aceptasen estudar a entrada a Lugo pola Fervedoira, ampliar as instalacións da protectora, cubrir a pista de petanca, cumprir co convenio do aparcadoiro do Carne ou que se aposte polo Camiño de Santiago.

Activado o novo contrato de limpeza de instalacións municipais e centros educativos públicos

O Concello de Lugo activou o novo contrato para a limpeza de edificios municipais e centros educativos públicos, que foi adxudicado á empresa Lacera Servicios y Mantenimiento. Cunha inversión total de 10.798.092,01 euros para os próximos catro anos, esta iniciativa supón un avance significativo na modernización dos procesos de limpeza das máis de 80 instalacións municipais incluídas no servizo.

As melloras máis destacadas inclúen a renovación completa da maquinaria, un aumento dun 17% no número de traballadores e un incremento do 34% nas horas asignadas ao servizo. Ademais, tamén se incorporan novas infraestruturas ao servizo, como o Edificio Impulso Verde, o Auditorio Fuxan os Ventos ou o Coliving artístico, o Centro de Benestar Poeta Aquilino Iglesias e a Cloaca Romana, que agora serán atendidas cunha prestación máis eficiente e sostible. Tamén se actualizará o servizo nos centros educativos públicos, as escolas infantís e o Parque Infantil de Tráfico. As instalacións de servizos sociais, como o Centro de Día Antonio Gando, Evislusa ou as casas sociais Clara Campoamor e María Mariño, recibirán atención específica, ao igual que as infraestruturas culturais como a Casa da Xuventude, o Vello Cárcere e o Centro de Convivencia Paco Martín.

As instalacións deportivas, que inclúen pavillóns, campos de fútbol, pistas de atletismo e a pista de vehículos teledirixidos de Frigsa, tamén se beneficiarán deste novo servizo. Ademais, serán cubertas as dependencias administrativas, como a Casa Consistorial, a sede da Policía Local e o Parque de Bombeiros.

MARMOLES VILARO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS *
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es



A CIG fará mobilizacións os martes para esixir o reaxuste das pensións

A CIG (Central Independente de Traballadores) anunciou que organizará mobilizacións todos os martes, a partir do vindeiro 28 de xaneiro, para esixir a revalorización das pensións para o ano 2025.

En Lugo, a manifestación será ás 11.30 horas na Praza Maior, diante do Concello, onde se reunirá un grupo de persoas para esixir un trato xusto para as pensións.

As protestas coincidirán coa celebración do Consello de Ministros/as, un feito que busca reforzar a súa demanda polo aumento das prestacións por xubilación.

O colectivo tamén prevé ampliar as protestas a outras zonas do país e mantelas ata que o Goberno aprobe a suba do 2,8% que estaba contemplada no decreto bloqueado no Congreso dos Deputados/as debido ao voto en contra do PP, VOX e Junts. Segundo a CIG, este bloqueio no Congreso impediu a aprobación dunha serie de medi-

das beneficiosas para as persoas xubiladas, incluíndo a revalorización das pensións.

A CIG tamén criticou o recente decreto aprobado polo PP e PSOE, que introduce recortes no sistema público de pensións, como a eliminación da xubilación parcial aos 61 anos. Este decreto, aprobado en solitario por PP e PSOE, sinalan desde a central sindical, forma parte dun proceso continuado de desmantelamento do sistema público de pensións, que tamén inclúe outras reformas como a xubilación aos 67 anos e o aumento do tempo de cotización mínima.

“Xa está ben de que o diálogo social siga a vender os nosos dereitos e de que as pensións se usen como un xogo político entre PSOE e PP”, declarou a CIG, que insiste na súa loita por unha suba das prestacións por xubilación e na defensa dun sistema público de pensións máis forte e xusto para as persoas traballadoras.

Besteiro renova á fronte do PSOE ao non haber candidaturas alternativas

José Ramón Gómez Besteiro abriu hoxe un “novo ciclo” para o PSdeG co obxectivo de acadar un partido “máis forte, porque só desta forma haberá unha alternativa ás políticas de dereitas e un cambio” en Galicia. Besteiro seguirá á fronte da organización durante os próximos catro anos. Concluído este mediodía o prazo para a presentación de candidaturas ás primarias, renovará na secretaría xeral, ao confirmarse como único aspirante ao cargo.

Nun acto en Ferrol en memoria de Pablo Iglesias, con motivo do centenario do seu pasamento, que se celebra ao longo deste ano, o líder socialista asegurou que enfronta a nova etapa “con total ilusión e asumindo ademais a responsabilidade que leva consigo”. En declaracións aos medios, agradeceu á militancia “o referendo” á súa continuidade durante a nova etapa que se abre, que encara tamén “con optimismo” e co compromiso de traballar “por unha Galicia en positivo”.



Besteiro lembrou ante o monumento ao fundador do PSOE “os principios que inspiran o labor dos socialistas”, como a loita pola igualdade de oportunidades, pola solidariedade, contra a discriminación, polo progreso e pola mellora da calidade de vida da cidadanía. Por iso, apelou a reflexionar sobre “o noso pasado, de onde vimos e cara onde imos, pero sobre todo a esas raíces tan fondas”. “Eses principios sérvennos para po-

ñer moitísima máis forza de cara ao futuro, e son os que imos defender os próximos catro anos para facer unha Galicia máis forte, na que o Partido Socialista sexa tamén máis forte”, insistiu, e invitou a todos e todas os socialistas “a traballar unidos, cun partido unido”.

O acto, no que participaron militantes de toda a comarca de Ferrol, rematou cunha ofrenda floral no monolito coa efixie de Pablo Iglesias.

O PP lamenta que non se melloren os problemas da Praza e o Mercado

O Partido Popular alerta de que o goberno local, “unha vez máis, demostra a súa incapacidade para resolver as necesidades da Praza de Abastos e do Mercado de Quiroga Ballesteros”. Nos orzamentos para 2025 inclúense 110.000 euros para melloras para accesibilidade; adecuación de postos baleiros e para accións de dinamización. Con todo, estas partidas xa figuraban en exercicios anteriores e nunca se executaron. Esta circunstancia é “unha proba máis de que o papel todo o aguanta” e que os seus orzamentos non son cribles.

“O abandono, a parálise e a falta de compromiso do goberno local cos praceros tamén se reflicte na decisión de renunciar a unha subvención de case 9.000 € da Xunta de Galicia, destinada a incorporar a praza de abastos de Lugo á Rede de Mercados Excelentes de Galicia”, explican.

“Dado que no concello non facilitaba documentación deste trámite tivemos que solicitar á Xunta, mediante o artigo 9.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, acceso á a carta na que xustifican esta decisión. É incomprensible que aleguen

falta de tempo e recursos propios para executar proxectos que beneficiarían directamente ao comercio local e atraerían máis clientes ao centro histórico”, engade Elena Candia.

“Esta decisión súmase á longa lista de desagrazos de socialistas e nacionalistas cos praceros”, di. A axuda, que Lugo perde “polo desinterese do BNG coa complicidade do PSOE”, formaba parte da orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 9 de xullo de 2024. Explica a representante popular que en agosto o Concello solicitou a axuda para o impulso da praza como Mercado de excelencia e se lle require oito días despois a documentación dándolles un prazo de dez días máis que a achegasen. En setembro se lle comunica a concesión da achega de 8.780 euros e teñen ata o 15 de novembro para xustificar. Engaden que como non se envía a documentación, a Xunta volve a reclamarlla o 18 de novembro e finalmente o día 28 de novembro é cando o Goberno presenta á Xunta un documento de que desiste e renuncia á subvención.

Lugo Monumental denuncia a venda de falsificacións nos postos do San Froilán

Lugo Monumental levou ante a Valledora do Pobo unha problemática que considera “intolerable”: a venda de produtos presuntamente falsificados nos postos xestionados polo Concello durante o San Froilán.

Segundo a asociación, esta situación foi ignorada polas autoridades locais e rexionais, a pesar das reiteradas denuncias dende outubro de 2023, momento no que Lugo Monumental presentou denuncias ao Concello de Lugo, á Xunta de Galicia, á Subdelegación do Goberno e mesmo á Fiscalía Provincial. “Con todo, as respostas foron insuficientes”, destacan.

A primeira denuncia ao Concello foi respondida cun correo electrónico no que se afirmaba que, ao teren rematado as festas, non era posible verificar os feitos. En 2024, unha nova denuncia non recibiu ningunha resposta. Pola súa banda, a Subdelegación do Goberno trasladou o asunto á Policía Nacional sen achegar máis información, mentres que a Xunta de Galicia, con competencias en comercio, tampouco actuou.

“A gravidade do caso radica en que os produtos falsificados comercialízanse en postos adxudicados polo propio Concello, o que podería levar ao público a asumir que se trata de mercadorías lexítimas”, explican.

TEMPADA DO
COCIDO
DA FONSAGRADA

OS MELLORES
PRODUCTOS
DA FONSAGRADA

Lacón, Cachola,
Soá, Butelo, Grelas,
Chorizos, Garavanzos
e Patacas

Lubre
mesón - viñoteca

III FAI XA
A TOA RESERVA IIII
982 22 78 02

Felipe Rivas deixa o Goberno local e entra Antón Bao na Executiva



O concelleiro do BNG Felipe Rivas anunciou hoxe en conferencia de prensa a súa decisión de dar o relevo como concelleiro da Corporación Municipal de Lugo por motivos persoais. Rivas destacou que “foi unha honra” traballar para a veciñanza de Lugo os últimos anos, e engadiu “agora mesmo non podo dar o nivel que precisa a veciñanza, e o proxecto ilusionante que o BNG ten para este Concello ten que continuar”. O concelleiro agradeceu o apoio recibido polo BNG e polo Grupo Municipal e afirmou que “este grupo continuará a traballar por Lugo en sincronía e unido”.

Rubén Arroxo, portavoz do BNG e Tenente Alcalde do Concello, acompañado polo resto de concelleiras e concelleiros do grupo municipal, agradeceu a Rivas o traballo realizado nos últimos anos “que supuxo un importante impulso para a Concellería de Educación”, unha concellería que, segundo afirmou Rubén Arroxo, “logrou os obxectivos marcados para este período”. A concellería de Educación presta importantes servizos ás familias, tanto coa xestión de escolas infantís ou comedores escolares, como con axudas de material

escolar, que axudan a reducir a presión económica que supón o comezo dun novo curso. Arroxo afirmou que “o BNG seguirá contando con Felipe Rivas cando a súa situación persoal o permita”, e engadiu que “isto non é un adeus, é un ata máis tarde”. O Portavoz do BNG destacou tamén o papel de Rivas á fronte da Responsabilidade Local “nun período que contou con múltiples procesos electorais, o que supuxo un esforzo maior ao habitual”.

O Portavoz do BNG presentou a Iria Buide, integrante número 6 da candidatura do BNG no ano 2023. Buide é técnico en anatomía patolóxica profesora de inglés. Buide desenvolveu nos últimos anos distintas responsabilidades dentro da organización xuvenil do BNG, Galiza Nova, onde foi responsábel nacional de mulleres, ademais de formar parte actualmente do Consello Local do BNG. Iria Buide agradeceu o traballo de Felipe nos últimos anos e afirmou que asume o reto de entrar a formar parte da Corporación Municipal “con ilusión e ganas para traballar por Lugo, a razón pola que estamos aquí”. Buide afirmou que o BNG conta cun “proxecto sólido para a cida-

de” e destacou que traballará “para achegar e seguir cambiando Lugo”.

ANTÓN BAO. Antón Bao, exconcelleiro do BNG e mestre xubilado, foi elixido como novo responsable local do BNG en Lugo, culminando o proceso de renovación dos órganos da formación tras a última Asemblea Nacional do BNG.

Bao lidera a única candidatura presentada, que inclúe o voceiro do BNG no Concello de Lugo, Rubén Arroxo, xunto a outros concelleiros e militantes vencellados a diversos sectores.

“Comezamos esta nova etapa con ilusión e enerxía para fortalecer e expandir o proxecto do BNG en Lugo”, declarou Antón Bao, quen subliñou o papel central da militancia na toma de decisións dentro da organización. “Somos as e os militantes quen decidimos a liña política e as decisións clave no BNG”, engadiu.

O consello local estará integrado por un total de 15 persoas, ás que se sumará unha persoa designada pola organización xuvenil do BNG, Galiza Nova. Ademais, Antón Bao pasará a formar parte do Consello Comarcal do BNG.

Esixen a gratuidade de servizos esenciais nos hospitais públicos

A Plataforma en Defensa da Sanidade Pública e Especialidades do HULA e a Federación de Asociacións de Veciños Lucus Augusti solicitaron á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a gratuidade de servizos esenciais nos hospitais públicos, como o uso das televisións nas habitacións, a conexión á rede wifi e o aparcadoiro interior.

Ambas entidades destacan que, aínda que a saúde é o máis importante, os pacientes hospitalizados, especialmente aqueles con estadias prolongadas, postoperatorios complexos ou tratamentos de oncoloxía, deberían ter acceso gratuito á televisión e outros servizos que fagan máis levadeira a súa estancia. Critican que o actual sistema de cobro por días do servizo de televisión é abusivo, xa que o tempo comeza a descontarse desde que se activa

a tarxeta, aínda que non se utilice o dispositivo. Por iso, propoñen un modelo baseado no uso real mentres non se alcance a gratuidade.

A Plataforma denuncia que Galicia queda atrasada en comparación con outras comunidades autónomas que xa ofrecen estes servizos de forma gratuíta, como Castela-A Mancha, Valencia, Extremadura, Canarias, Murcia e provincias como Segovia, Zamora e Cuenca, entre outras. En ditas rexións, a sanidade pública adquire os equipos e xestiona o servizo, subvencionando o seu custo en diferentes graos. Por exemplo, en Valencia o servizo é gratuito desde 2019.

Ademais, as organizacións solicitaron a inclusión de servizos esenciais como podoloxía e unha ampliación da cobertura en saúde dental dentro da sanidade pública.

RESIDENCIAS DE MAIORES



As residencias públicas autonómicas da Milagrosa e das Gándaras veñen de renovar o certificado de calidade outorgado por Aenor, que acredita a excelencia dos seus servizos conforme a estándares internacionais. O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, destacou que esta certificación reflicte o compromiso de mellora continua do equipo de profesionais encargado da atención residencial, persoal, psicosocial e sociosanitaria dos usuarios.



*Clinica dental
Mosquera Otero*





Regist. Sanidade: C27-001319

- CIRURXÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLoxÍA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

**Te damos
una razón
PARA SONREIR**

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

“O importante é que as institucións públicas finalicen o Plan Paradai”

Jaime Gueimonde preside a Asociación de Veciños Gatos Roxos das Gándaras, poñendo en valor o potencial do barrio “solleiro e con moitas posibilidades”

Jessica Fernández

“Necesitamos que as institucións finalicen o Plan Paradai, un plan para abrir e desenvolver vías de comunicación para a cidade de Lugo e que permitiría un desenvolvemento moi importante para a zona norte da cidade”, destacan desde a Asociación de Veciños Gatos Roxos, que se puxo en marcha hai case 28 anos, no ano 1997, por un grupo de veciños e veciñas que se xuntaron para ver como se podían solucionar varios dos problemas que tiña este barrio da periferia de Lugo.

As demandas deste colectivo “son diversas e variadas e foron mudando dende a creación da Asociación”. Así, o seu presidente, Jaime Gueimonde, explica que “neste momento, un dos temas máis importantes é que as administracións finalicen o Plan Paradai, xa que o barrio das Gándaras é un dos barrios máis grandes da periferia da cidade e o máis afectado pois, dende hai máis de 25 anos, ten paralizado unha parte do barrio, pois non permite o seu desenvolvemento nin sequera cambiar un tellado dunha casa”, critica.

As obras de construción do Plan Paradai iniciáronse a principios de 1999 despois de formalizar un acordo entre a Xunta, a Deputación e o Concello (daquela gobernadas as tres institucións polo PP), no que se prevía un investimento de 10 millóns de euros en tres anualidades. Porén, cando pasaron a gobernar PSOE-BNG no Concello de Lugo, paralizouse o proxecto, acusando o PP ao bipartito de non ceder os terreos para podelo levar a cabo, algo que Gueimonde contradí, xa que “moitos terreos foron cedidos e expropiados e, aínda así, non se fixo nada”. Pola súa banda, o Goberno local de Lugo acusa aos populares de “atrasar ano tras ano” a execución dos proxectos con fondos comprometidos, reservando nos orzamentos da Xunta unha mesma cantidade anual de

500.000 euros, unha partida atribuída a Lugo que, ao final, non se acaba executando.

Por iso, desde a Asociación sosteñen que as súas propostas reivindicativas empezan polo Plan Paradai, “pois consideramos moi importante a súa execución para o futuro do barrio, xa que permitirá o desenvolvemento de vías importantes como é a Calzada das Gándaras, unha vía que ten moito tráfico, xa que por ela discorren os usuarios do HULA, e dos polígonos do Ceao e das Gándaras”. Por outra banda, tamén demandan a creación dunha pasarela sobre a Rolda Norte, “que permita os veciños e veciñas cruzar dende o barrio das Gándaras ata o Parque Empresarial, pois é unha zona de moito paseo para os veciños”. Así como tamén cren necesaria a “renovación dos servizos básicos para os veciños e veciñas, como o saneamento, xa que aínda hai zonas do barrio que non o teñen; a condución de auga potable, que é moi deficiente; mellorar o alumeadado, e crear beirarrúas, concretamente a construción dunha beirarrúa preto do colexio, pois os menos e nenas teñen que ir andando por unha rúa estreita, co conseguinte perigo que supón”.

A PROBLEMÁTICA DO COLEXIO. O presidente de Gatos Roxos critica tamén a situación na que se atopa o colexio, xa que “é un colexio que dá servizo a moitísima xente, xa que veñen moitos nenos dos arredores do rural, pero está nun estado de abandono que nos fai pensar que, en pouco anos, pechará. Xa non se fan colexios como este, con tres patios para os nenos, un especial para o xardín da infancia e con dous pavillóns deportivos. As clases, para quen estudou alí, sabe que son amplas e que, cunha reforma, podería ser un lugar onde poderían caber máis de 500 nenos e nenas, o que promovería o asentamento de po-

boación no barrio”, explica.

Porén, matiza que, “para que se asente poboación, son necesarios os servizos. Aquí non temos unha ludoteca ou Escola Infantil, xa que a que ía vir, localizárona ao lado do LIDL da Infanta Elena; tampouco temos un centro de saúde, non hai un supermercado, non hai nada para que a xente quede vivir aquí se non ten coche. E non temos beirarrúas nos lugares onde se necesitan: diante do colexio non existe beirarrúa, pola baixada da rúa Camiño de Romai cara á ponte de Romai que conecta con Paradai tampouco; a xente vai polo pola beiravía e arriscando a vida”, sostén.

Por outra banda, pon a énfase na principal vía das Gándaras: “A Calzada das Gándaras e unha estrada que soporta gran volume de tráfico, xa que conecta o polígono das Gándaras con Sagrado Corazón, a estación de tren, Fontiñas e o centro de Lugo. Pero está chea de fochancas e de parches en forma de asfalto, pero que non arranxan o problema. Ademais, hai dous pasos de peóns localizados en cambio de rasante. Quen cruza por uns pasos de peóns no que os peóns non ven os coches nin os condutores ven aos peóns? E tampouco hai resaltes que minimicen a velocidade e é un perigo”, comenta. Porén, nega que exista un perigo ou unha falta de seguridade no barrio por mor das persoas que habitan nel. “Nas Gándaras hai un desleixo das institucións e por iso están as cousas como están, pero a xente que vivimos nas Gándaras somos persoas como calquera das que viven noutros barrios de Lugo. Hai algún suceso, como algún roubo, algunha casa okupada, algún problema na entrada do colexio, pero é algo puntual, nada que non pase na Milagrosa, na Piringalla ou na Abella, e neses barrios desenvólvense iniciativas que aquí non, porque non nos teñen en consideración”, denuncia.



E destaca que “a meirande parte da poboación que vive nas Gándaras é maior e é un lugar tranquilo, no que moitas persoas poderían desenvolver o seu proxecto persoal, xa que podería haber un gran asentamento de poboación que traballe nos Polígonos e quixera vivir aquí, pero non temos os servizos necesarios para promover que As Gándaras sexa atractivo”, sostén.

AS ACTIVIDADES. Ademais das reivindicacións para mellorar As Gándaras, a Asociación Gatos Roxos tamén organiza actividades lúdicas, co fin de que os veciños e veciñas do barrio teñan un espazo de lecer onde xuntarse. “Facemos charlas sobre diversos temas, como de seguridade cidadá, charlas médicas en colaboración co centro de atención primaria do Sagrado Corazón, charlas divulgativas... e tamén actividades como ximnasia de mantemento, clases de zumba, de baile; e cursos de cociña para todos os veciños e veciñas. Tamén facemos excursións e organizamos as festas patronais durante varios anos, así como fixemos a tradicional fogueira de San Xoán e o Magosto. Así seguiremos este ano, no que xa temos previsto facer unha charla sobre seguridade para as persoas maiores e o maltrato das mesmas no fogar, unha charla sobre temas médicos de prevención; seguiremos coa actividade de ximnasia, que ten moita aceptación no barrio, e de cara ao verán, propoñeremos unha excursión a calquera punto de

Galicia”, explica Gueimonde.

Todas as actividades fanse con fondos propios, xa que a asociación “non conta con ningunha axuda de ningunha administración. Temos un local equipado para facer cursos e actividades, pero para poder facer outro tipo de actividades, precisaríamos financiamento, xa que a colaboración do Concello limitase a algunha actividade lúdica e puntual”, di.

Con todo, defenden que o asociacionismo “é importante, e máis en barrios periféricos das cidades, xa que se agrupan as reivindicacións dos veciños e veciñas que, aínda que pagan os mesmos impostos que noutras zonas das cidades, non teñen os mesmos servizos, e xeralmente son os esquecidos”. Concretamente, no barrio das Gándaras, a Asociación de Veciños Gatos Roxos conta con preto de 200 asociados, familias que colaboran e participan nas actividades do barrio. Aínda que somos un barrio moi envellecido e cada vez máis, a xente que participa nas nosas actividades e actos e menos”, destaca o presidente.

Con esta vitalidade, cren que o futuro deste barrio é “prometedor”, xa que é “un barrio solleiro, ben localizado para a entrada e saída da cidade tanto por estradas de coche como por tren, e dispón dun sinxelo acceso a zonas industriais e ao HULA. Ademais, dispón de moito terreo que permite a construción de infraestruturas e zonas de ocio e comercio para a xente; o que hai que facer é apostar por ela. Consideramos que o parque empresarial das Gándaras é unha parte do barrio, que quedou separada pola Ronda Norte. Así como cremos que o barrio merece un desenvolvemento urbanístico que permita que moita xente que traballa nese parque poida vivir neste barrio se tivéssemos servizos. Hai que ter en conta que somos o barrio que está pegado á zona industrial, ao HULA e máis preto da autovía e da futura estación intermodal, polo que o futuro do barrio pasa polo asentamento de xente nel, pero para iso é imprescindible que as administracións traballen por dotar de servizos básicos ao barrio”, conclúe Jaime Gueimonde.



A Deputación recupera o programa ambiental Exploradores do Miño

A Deputación de Lugo pon en marcha a segunda edición do programa gratuito Exploradores do Miño, unha iniciativa de educación ambiental creada o pasado ano que busca concienciar aos máis pequenos sobre a importancia de coidar e conservar o medio ambiente. O programa, dirixido a nenos e nenas de entre 6 e 11 anos, tamén ten como obxectivo facilitar a conciliación das familias.

Nesta nova edición, o programa amplíase con case unha vintena de actividades lúdicas e formativas. A programación desenvolverase todos os venres, dende o 24 de xaneiro ata o 27 de xuño, en horario de 17.00 a 19.00 horas no Centro de Interpretación Terras do Miño. Cada proposta contará cun total de 20 prazas dispoñibles.

Os nenos e nenas que participen no programa recibirán un kit de produtos coa imaxe desta iniciativa. Entre as actividades programadas atópanse talleres para aprender a reciclar,



compostar e vermicompostar; creación de papel reciclado e encadernación de libros; e saídas para recoñecer árbores, herbas e animais da biosfera. Ademais, os pequenos realizarán proxectos como a creación de xoguetes con materiais reciclados, a elaboración dun xogo de mesa sobre o medio ambiente, ou a plantación de especies hortícolas autóctonas. Outras propostas inclúen deportes ao aire libre, actividades para recoñecer e preservar a contorna natural

mediante a recollida de restos non biodegradables, e a representación de lendas da Terra do Miño. Este variado programa asegura unha experiencia divertida e educativa, promovendo valores de respecto polo medio ambiente e a natureza. As inscricións están abertas e poden formalizarse a través da páxina web da Deputación ou mediante o correo electrónico und.medioambiente@deputacionlugo.org. Dase máis información no teléfono 982 227 812.

A ARMH colocará pedras da memoria para lembrar ás vítimas do franquismo

A Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH) colocará pedras da memoria en concellos de Lugo para recordar os deportados lugueses vítimas do nazismo e do franquismo. Segundo a ARMH, en total foron deportadas 200 persoas desde Galicia, das cales 39 eran de Lugo. Por iso, colocará unhas pequenas placas de bronce incrustadas no chan, Stolpersteine, en homenaxe a 21 destes deportados, unha selección baseada nos avances da investigación recente, que permitiron reconstruír parte das súas historias. Os Stolpersteine colocaranse en honra de Rafael Pardo Valles (O Corgo); Aurelio e Vitorino Díaz Huertas (Outeiro de Rei); Liberio Valí García, Balbino Santín Era e Octavio López Reymondéz (As Nogais); Manuel Domínguez Núñez, Ramón Gómez López e Agustín Souto Vilares (Becerreá); Casto Martínez Parada (O Incio); Jesús López Digón, Octavio



Arias González, Manuel Fernández Fernández, José Fernández Santín e José Fernández Pérez (Cervantes); e Benigno Castro Gandoy, Enrique Doval Reija e Francisco Otero Saavedra (Lugo).

O traballo de reconstrución biográfica destes veciños está sendo levado a cabo por un equipo da ARMH en Lugo, coordinado por Miguel Freire. Con esta iniciativa, búscase manter viva a memoria de quen sufriu a represión e o horror dos campos de concentración nazis.

Arroxo afirma que os autobuses urbanos seguirán a ser os máis baratos

Rubén Arroxo, tenente alcalde do Concello de Lugo e responsable da área de Mobilidade, vén de sinalar que “malia que non foi renovado o decreto do estado que permitía os descontos en transporte público, os buses urbanos de Lugo non se van ver afectados, e continuarán a ser os máis baratos de Galicia e os terceiros máis económicos de todo o Estado”. “En Lugo queremos que o transporte urbano siga sendo unha opción cómoda e accesible para todas as persoas, e manter as tarifas actuais é

unha prioridade dado que o bus urbano é unha ferramenta clave para mellorar a mobilidade e a calidade de vida na nosa cidade”, sinalou Arroxo.

O tenente alcalde aproveitou para lembrar que o 2024 foi un ano histórico para o bus urbano, acadando o récord de persoas usuarias desde que se gardan rexistros. “O pasado ano expedíronse 2.219.312 billetes, unha cifra que confirma que cada vez máis veciñas e veciños optan por este medio de transporte. Isto

demonstra que as medidas postas en marcha polo Concello, como a reformulación das liñas, están a funcionar”.

Rubén Arroxo animou á cidadanía a seguir apostando polo bus urbano como unha alternativa económica, práctica e sostible. “Queremos que Lugo sexa unha cidade cada vez máis accesible para as persoas, e iso pasa por promover o uso dun transporte público eficiente que, ademais, evita os problemas asociados ao tráfico e ao aparcamento”.

REBAIXAS EN GALEGO



A Tenencia de Alcaldía repartiu nos comercios da cidade unha serie de cartéis en galego para anunciar as rebaixas. Esta iniciativa, integrada nas medidas da Alianza Lugo pola Lingua impulsada polo Concello, ten como obxectivo “visibilizar que a nosa lingua pode usarse en calquera ámbito e animar á veciñanza a falar en galego”, explicou Ferreiro.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com



Piden un paso de peóns no cruce da avenida da Coruña con Río Narla

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais do Distrito da Milagrosa de Lugo faise eco das numerosas queixas que recibiron dos veciños pola falta dun paso de peóns na intersección da Avenida da Coruña coa rúa Río Narla, no cruzamento cara á Avenida Reverendo José Fernández.

Segundo a Asociación, que dirixiu unha carta á Concellería de Infraestruturas e ao Departamento de Tráfico da Policía Local de Lugo, trátase dunha zona densamente poboada, especialmente os días de mercado (martes e venres), e durante os eventos no Parque da Milagrosa.

Ademais, os pasos de peóns máis próximos atópanse moi afastados deste cruzamento, o que obriga aos peóns a camiñar longas distancias para cruzar de forma segura. A zona, tamén moi concorrida por ve-

hículos que se dirixen cara á Praza Agro do Rolo, ao centro da cidade ou á saída cara á Avenida da Coruña, presenta un grave risco para a seguridade viaria e peonil.

A Asociación solicitou, en reiteradas ocasións, a instalación dun novo paso de peóns semaforizado para regular tanto o tráfico rodado como o peonil, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria da zona. Ademais, expresaron a súa preocupación pola falta de resposta ás súas peticións, plantexando a inquietude de saber as razóns polas que non se levou a cabo unha mellora tan necesaria.

Con esta iniciativa, os veciños esperan poder evitar accidentes e facilitar o tránsito seguro de peóns, especialmente nunha área tan transitada e crucial para a mobilidade urbana.

O PP propón crear unha rede de aparcadoiros en altura e soterrados

A portavoz do Grupo Popular, Elena Candía, sinalou que o concepto de "humanización" da cidade debe ir máis aló dos cambios superficiais como o pavimento e debe implicar unha verdadeira transformación que favoreza a sustentabilidade, a fluidez do tráfico e a creación de alternativas cómodas de aparcamento para os cidadáns.

Candía insistiu en que as actuacións deben realizarse con planificación e reiterou a proposta do Partido Popular, que xa se anunciou en varias ocasións, para aumentar as prazas de aparcamento na cidade. A proposta inclúe a creación dunha rede de aparcadoiros en altura en puntos clave de Lugo, como no barrio de Fontiñas, a Milagrosa, a zona da rúa Santiago, a rúa Paxariños e a rúa

Castelao, ademais da construción dun aparcadoiro soterrado na Praza de Augas Férreas e a execución do aparcadoiro comprometido na zona do Carme.

No que respecta á proposta da alcaldesa de abrir a rúa Vila Verde, o viceportavoz do PP, Ramón Cabarcos, realizou unha análise técnica das alternativas presentadas. Explicou que a parcela de San Fiz é solo urbanizable, pero que sería necesario un cambio a solo urbano para poder construír un aparcadoiro alí, o que non resolvería o problema de aparcamento en Fontiñas. Ademais, criticou a proposta da alcaldesa de abrir a Avenida Vila Verde, xa que requiriría reparcelar todo o espazo afectado e, segundo Cabarcos, non solucionaría o problema real.

Licitan para Garabolos a primeira promoción de vivendas de Vipugal

A Xunta licita a primeira promoción da Sociedade Pública de Vivenda de Galicia (Vipugal) para 145 novos fogares en Garabolos, no concello de Lugo, cuxo investimento para a redacción de proxecto e dirección de obra ascende a máis de 1 millón de euros de fondos propios da Xunta da Xunta de Galicia.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue, puxo o acento no traballo "a pleno rendemento" de Vipugal, que botou a andar hai un mes, e que permite poñer hoxe en marcha o contrato para a redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción destas 145 novas vivendas de promoción pública. O prazo para presentar ofertas será ata o próximo 10 de marzo.

Allegue quixo destacar que, como mínimo, o 25% resultantes destas 145 vivendas, se destinarán a menores de 36 anos e en réxime de compra "porque queremos que os nosos mozos poidan adquirir en condicións e a un prezo máis accesible".

Allegue fixo fincapé no compromiso



traballo departamento que dirixe, neste caso en Garabolos, onde a principios de mes anunciou a licitación das obras de construción de dous bloques de promoción pública de 70 e 76 vivendas, por máis de 28 millóns de euros (74,3% fondos da Xunta, e 25,7% fondos europeos). Subliñou o compromiso da Xunta coa veciñanza de Lugo, sendo este o terceiro proxecto que se impulsa neste barrio da cidade.

Incidiu nun dos retos máis importantes que ten por diante a Xunta de garantir á cidadanía o acceso á vivenda, e o obxectivo de construír 4.000 vivendas nesta lexislatura. Por iso, tal e como incidiu a conselleira dende Vipugal, vanse a promover 2.350 vivendas públicas ata o 2028, para conxuntamente coas impulsadas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) chegar a esa cifra.

A CHMS concede ao Concello de Lugo a xestión da Fábrica da Luz

O edificio Impulso Verde foi o escenario dunha reunión entre a alcaldesa de Lugo, Paula Alvarelos, e o presidente da CHMS, José Antonio Quiroga, para ultimar os detalles do acordo que permitirá recuperar e poñer en valor a antiga Fábrica da Luz e a súa contorna.

"Este convenio permite lograr un triplio obxectivo: en primeiro lugar, valorizar un inmoble cunha gran relevancia histórica e patrimonial; en segundo lugar, realizar unha importante labor de divulgación sobre os recursos naturais; e por último, promover a nosa enogastronomía, creando un centro turístico que será un referente para toda Galicia. Lugo sempre se asociou coa excelencia gastronómica, e debemos aproveitar esa potencialidade para beneficiar á nosa cidade", afirmou a rexedora.

A través deste convenio, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) concede ao Concello de Lugo a xestión da Fábrica da Luz, para destinar o complexo á divulgación de prácticas sostibles no uso da auga e das enerxías renovables, así como outros usos culturais previstos no Plan de Sostenibilidade Turística.



A concesión terá unha duración inicial de 50 anos, con posibilidade de prórroga ata un máximo de 75 anos. Para a xestión deste acordo, establecerase unha comisión mixta composta por dous representantes de cada institución, que se encargará de coordinar as actuacións, supervisar a execución do convenio e asegurar o cumprimento dos compromisos adquiridos por ambas as partes.

Así, o Goberno local será o encargado de rehabilitar e adaptar o edificio para os novos usos. Pola súa parte, a CHMS manterá a propiedade dos elementos anexos ao edificio e velará pola súa conservación e pos-

ta en valor. Con isto, a contorna da Fábrica da Luz recuperará o seu antigo esplendor, e elementos como a represa de captación, a canle de restitución e os canleiros asociados ao complexo serán restaurados para servir de base a actividades de divulgación.

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación, destacou a importancia de poñer ao servizo da cidadanía este espazo na beira do río e resaltou a colaboración entre as administracións para acadar este obxectivo. "Este é un paso importante para dar unha nova vida a este patrimonio etnográfico de gran valor para os lucenses", indicou.

Comeza o trámite para facer do Garañón unha gran zona verde

O Concello de Lugo dá comezo á modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) para converter o ámbito de O Garañón nunha gran zona verde.

O proxecto, que abarcará os 10.950 metros cadrados do URPI-58, busca consolidar este espazo como unha área recreativa e de espaxamento no corazón da cidade de Lugo.

O ámbito inclúe unha pequena superficie destinada a vias, 1.590 metros cadrados para equipamentos públicos vinculados a subministracións, como o abastecemento de auga ou o sistema eléctrico, e a maior parte, 8.178 metros cadrados, será habilitada como unha zona verde pública.

“Con este cambio normativo avanzamos na nosa folla de roteiro para lograr o dobre obxectivo de protexer este espazo e permitir que todas e todos os lucenses poidan gozar dunha área recreativa en pleno corazón da trama urbana. Ademais, conectarase coas Costas do Parque e o Rosalía de Castro, mellorando a conexión do Centro Histórico co entorno do río Miño a través dun



corredor verde que encaixa co modelo de cidade no que vimos traballando”, destacou a alcaldesa, Paula Alvarellos.

A modificación, que será aprobada na próxima Xunta de Goberno Local, conta coa avaliación ambiental favorable da Xunta de Galicia e co informe positivo de diversos servizos técnicos municipais.

“É un avance moi importante que require un proceso administrativo garantista. Os técnicos municipais están cumprindo paso a paso a folla de ruta. Unha vez rematada esta

fase inicial, poderemos dar novos pasos para acadar o obxectivo final: protexer a nosa cidade e poñer estes terreos ao servizo da cidadanía”, engadiu a rexedora.

O proceso comeza coa aprobación inicial na Xunta de Goberno Local, seguirá coa súa elevación ao pleno municipal e abrirase un período de información pública. Posteriormente, recompilaranse os informes sectoriais necesarios antes da aprobación provisional e definitiva, que tamén será debatida en sesión plenaria.

Lugo contará cun centro de saúde mental na antiga sede de Aspnaís

O antigo edificio de Aspnaís, en Lugo, converterase nun centro de atención integral á saúde mental, que será xestionado pola entidade Alume, segundo anunciou a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, durante a presentación do anteproxecto.

A Xunta prevé unha inversión de 3,6 millóns de euros para a reforma completa do edificio, adaptándoo ao seu novo uso. A Consellería estima que o inmoble estará operativo en 2027. O primeiro paso será a licitación da redacción do proxecto, que se realizará no primeiro trimestre deste ano, segundo avanzou a conselleira.

O edificio, situado nunha parcela de 9.000 metros cadrados, contará con tres plantas nas que se combinarán un centro de día, un centro residencial, unha área social e distintas zonas polivalentes de uso común. Disporá de 80 prazas concertadas de atención residencial e diurna. Este proxecto permitirá, ademais, o traslado e a centralización de todas as actividades actuais da entidade social Alume nun único complexo, que a conselleira definiu como “unha referencia para toda Galicia”.

O centro de día situarase na zona baixa, cun acceso na parte traseira



adaptado para vehículos, mentres que os dormitorios estarán localizados nos laterais. Na zona central do edificio estarán as salas comúns e os servizos. O único cambio estrutural previsto no anteproxecto será a inclusión dun novo ascensor.

Manuel Fernández, presidente de Alume, agradeceu a inversión e a xestión realizada pola Xunta, que permitirá “un aumento cuantitativo e cualitativo” dos servizos que presta a entidade.

Pola súa banda, Fabiola García destacou o traballo de Alume ao longo de 30 anos, “en favor das persoas con problemas de saúde mental, promovendo a súa recuperación e inclusión sociolaboral para mellorar a súa calidade de vida”. A conselleira cualificou este proxecto como necesario para a cidade, para a provincia

e para Galicia, subliñando o “importante esforzo económico que se fará para apoiar ás persoas que o precisan e para situar a saúde mental no centro das políticas públicas”.



A Federación veciñal reclama o arranxo “urxente” do Leirapárking

A Federación provincial de Asociacións Veciñais Lucus Augusti de Lugo, tras recibir “múltiples queixas respecto diso”, de veciños e veciñas, usuarios do Leirapárking do Hospital Universitario Lucus Augusti, reclaman á Concellería de Mobilidade e Infraestruturas do Concello de Lugo unha solución ao “lamentable estado actual”.

“A situación actual do Leirapárking é desastrosa no que se refire a pavimento; o cal, durante os pasados días de choiva vividos na nosa cidade, motivou a formación de charcos, coas consecuentes consecuencias directas en danos a vehículos e, por suposto, a persoas”,

explicaron.

A este respecto, desde a entidade, lembran a contestación da concellería sobre a imposibilidade de proceder ao asfaltado do leirapárking, “por corresponder a un 5% non aprobado do Plan Xeral de Ordenación Municipal”.

Por isto, matizan que, na actualidade, xa se atopa aprobado ese 5% pendente do PXOM de Lugo, polo que “se pode proceder xa aos labores de asfaltado do Leirapárking necesarias -e imprescindibles-, e que, desde a nosa entidade, solicitamos que sexa, ademais, con carácter urxente, dado o lamentable estado actual”.

As Caldas do Miño abrirán só entre maio e xuño

O Concello de Lugo xa ten preparado o plan para reabrir as Caldas do Miño, que foron pechadas en setembro tras detectarse lexionela nos vestiarios, que suporá abrir as instalacións só de maio a outubro. A intención é mellorar a eficiencia deste servizo, que “achega un valor engadido á cidade”, optimizando o seu uso e reducindo custos. Ademais, estanse revisando os contratos vixentes e fomentarse o seu aproveitamento dentro da programación deportiva e de lecer do Concello, ofrecéndoo tamén aos clubs deportivos da cidade para se-

sións de recuperación física.

As Caldas xeraron unha nova discusión entre o Grupo Municipal Popular, que denuncia a “grave falta de xestión” do Goberno local porque “non estaban rexistradas ante a autoridade sanitaria competente no momento en que se detectou o brote de lexionela no pasado mes de setembro”.

Negan isto desde o Concello, e aseguran que si estaban rexistradas desde dous meses antes da apertura, pero non entregaron o documento á Xunta, ata que esta o reclamou.

SERVICIO TÉCNICO
LUGO Y PROVINCIA

Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

Si tu programa de facturación no es actualizable a la nueva Ley Crea y Crece (VERIFACTU), llámanos y te informamos. Puede salirte gratis a través de "KIT DIGITAL".

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo. Tel.: 982 263 084. www.imarfer.com - correo@imarfer.com

A Xunta actualiza o proxecto para a mellora da rúa Serra de Meira

A Xunta vai abordar a redacción da actualización do proxecto de execución da mellora da rúa Serra de Meira entre a ponte Paradai e a rúa Adolfo Suárez en Lugo, unha actuación que se enmarca no conxunto de intervencións do Plan Paradai, e na que non podía avanzar polos problemas para compatibilizar as previsións de deseño do PXOM e os requisitos da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

A Axencia Galega de Infraestruturas acaba de encargar a redacción desta actualización proxecto, que se espera que estea elaborado a mediados deste ano, e prevese un investimento de máis de 600.000 euros.

A xestión do anterior proxecto

non podía avanzar pola actuación de mellora do río Rato, situado nas inmediacións, prevista pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Trala comunicación por parte do Concello da execución desta obra, e entendendo que agora é posible a redacción dun proxecto que desenvolva as previsións do PXOM e sexa autorizado pola Confederación Hidrográfica, a Xunta pode encargar esta actualización do proxecto de Serra de Meira.

Para poder materializar a actuación será necesaria a sinatura dun convenio entre a Xunta e o Concello de Lugo, xa que se mellorará un viario de titularidade municipal e, unha vez finalizada a obra, a infraestrutura pasará a ser de titularidade do Concello.

Adif avanza que dedicará seis millóns de euros a suprimir 10 pasos a nivel

Adif licitou as obras de supresión de 10 pasos a nivel na liña convencional Monforte de Lemos-Lugo-A Coruña, ao seu paso polos termos municipais de Lugo e Sarria, cunha inversión estimada de 6 millóns de euros. Esta actuación forma parte do plan de modernización do corredor Ourense-Monforte-Lugo e ten como obxectivo mellorar a seguridade e a permeabilidade transversal da zona. A eliminación dos pasos a nivel permitirá incrementar a seguridade para a mobilidade de peóns, vehículos e trens, cun deseño que contempla o desmantelamento dos elementos actuais e a instalación de barreiras de contención en ambas as marxes para evitar o acceso á vía.

No termo municipal de Lugo, suprimense 6 pasos a nivel situados entre os puntos quilométricos (PK) 422/742 e 425/167, cunha inversión estimada de 5,1 millóns de euros. Entre eles atópase o paso a nivel de Recimil, situado no PK 424/010, cuxa solución pasa pola execución dun novo paso superior sobre a liña ferroviaria, complementado coa construción dun camiño de acceso e cinco camiños de enlace coas vías existentes. Ademais, construírse un paso inferior baixo a liña ferroviaria, mellorando as vías de acceso á zona. En Sarria, suprimense catro situados entre os PK 389/262 e 392/136, cunha inversión de algo máis de 900.000 euros. A solución inclúe a construción

dun paso inferior baixo a liña ferroviaria nas inmediacións do actual paso a nivel do PK 390/344, que será desmantelado. A estrutura será en caixón de formigón armado in situ, e executarase camiños de enlace entre os pasos a nivel clausurados e outras infraestruturas existentes.

Esta actuación en Sarria súmase á supresión doutros cinco pasos a nivel, actualmente en fase de adjudicación, que incluírán a construción de dous pasos superiores, un paso inferior, unha pasarela peonil e melloras nas vías e camiños existentes.

A supresión dos pasos a nivel enmárcase dentro do plan de modernización do corredor Ourense-Monforte-Lugo, unha obra que Adif está a levar a cabo cunha inversión superior a os 550 millóns de euros. Este proxecto abarca a renovación da vía, o reforzo de infraestruturas como pontes e túneles, a electrificación do tramo Monforte-Lugo e a adaptación a 25 kV da electrificación no tramo Ourense-Monforte, ademais da mellora dos sistemas de sinalización e telecomunicacións, a modernización da estación de Monforte e a construción da nova estación de Lugo.

Estas iniciativas contribúen á consecución de varios Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), como o ODS 3 (Saúde e Benestar), ODS 9 (Industria, Innovación e Infraestrutura) e ODS 11 (Cidades e Comunidades Sostibles).

Abren os novos vestiarios situados no corredor entre o Pazo e o Anexo

Os novos vestiarios do Anexo ao Pazo dos Deportes están xa listos para o uso, logo da súa recente inauguración. O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, informou sobre a apertura desta nova instalación aos clubs que habitualmente empregan o recinto, así como á Federación Galega de Baloncesto, que se achegaron a coñecer as novas dotacións. A nova infraestrutura consta de dúas zonas de aseos e vestiarios, unha para mulleres e outra para homes, as cales son de acceso independente e están situadas no corredor entre o Pazo e o Anexo.

Cada vestiario conta con 9 duchas (algunhas individuais e outras en cabina), así como bancos e taquillas para o uso dos deportistas. En total, os vestiarios ocupan 121 metros cadrados de superficie útil, sendo esta unha solución construída na planta baixa do Pazo, respectando a normativa urbanística.

Efrén Castro destacou que esta obra responde á demanda dos clubs de



baloncesto base da cidade, que xogan e adestran no Anexo. A partir de agora, disporán dunha zona de aseos e vestiarios máis accesibles e próximos á cancha, o que mellorará a súa experiencia nas instalacións.

O vicepresidente tamén subliñou que esta actuación forma parte do compromiso da Vicepresidencia da Deputación de Lugo coa mellora e modernización das instalacións de titularidade provincial.

A construción dos novos vestiarios

únese a outras melloras realizadas no último ano e medio, como a renovación do parqué da pista, cun material que conta coa máxima certificación da Federación Internacional de Baloncesto (FIBA) para pavimentos de madeira de competición, cun investimento de 320.000 euros. Ademais, tamén se realizaron melloras na pintura das paredes interiores, na impermeabilización e na iluminación do recinto, que acolle regularmente a uns 60 equipos da cidade.



Penas afirma que a cuberta do CEIP Paradai necesita unha reforma

O edil de Infraestruturas Urbanas do Concello de Lugo, Alexandre Penas, respondeu ao delegado da Xunta en Lugo a respecto da situación do pavillón deportivo do Colexio de Paradai.

Penas afirmou que "hai indignación pola parte dos servizos técnicos coas declaracións do delegado da Xunta de Galiza con respecto as obras deste centro escolar, dado que afirma que as arquetas non están limpas e que as goteiras do pavillón son meras cuestións de mantemento".

Penas afirmou que o sistema de recollida de augas do centro está, segundo indican os técnicos municipais, cun axeitado mantemento, e as goteiras se producen "por non ter capacidade para xestionar a auga da choiva, eiva que ten que ser corrixiada

por parte da Xunta de Galiza, ao non tratarse de mantemento da instalación".

O edil de Infraestruturas destacou que a Xunta "ten que arranxar a cuberta e solucionar as goteiras que supoñen molestias entre as e os usuarios da instalación", e engadiu "non se trata só da comunidade educativa, senón dun importante número de equipos de distintos deportes que usan este espazo para adestrar".

Na actualidade, esta instalación é utilizada entre as 18:00 e as 00:00 horas de luns a domingo por persoas alleas á comunidade educativa, e en horario lectivo polo estudiantado do correo. As actividades en múltiples ocasións teñen que modificarse debido ás goteiras producidas polo deseño da cuberta desta instalación.

O PP insta ao Goberno local a axilizar a permuta dos terreos do Castiñeiro

O Grupo Municipal do Partido Popular de Lugo urxe ao Goberno local a acelerar os trámites necesarios para facer efectiva a permuta dos terreos do Castiñeiro, un acordo alcanzado hai case dous anos e que permanece pendente de execución. Este intercambio permitiría desbloquear a parcela onde inicialmente se proxectaran vivendas públicas e favorecería o desenvolvemento de novas infraestruturas para o barrio.

A concelleira popular, Mar Carballas, destacou que este acordo foi unha resposta ás demandas da veciñanza do Castiñeiro, que solicitaba máis servizos para a súa zona. Carballas lamentou que, despois de tanto tempo, o proceso siga paralizado, criticando que a alcaldesa afirmara en varias ocasións que esta operación era inminente.

PXOM. O grupo municipal do Partido Popular de Lugo vén de solicitar a modificación da ordenanza de "mazá pechada" e doutras disposicións urbanísticas que, na actualidade, obrigan a esgotar a edificabilidade e as alturas máximas dos terreos. Con esta iniciativa preténdese permitir a particulares e promotores privados levar a cabo construcións de xeito gradual, adaptándose ás súas posibilidades económicas e necesidades.

Adxudicadas as obras da última fase da Avenida Infanta Elena

A obras para acometer os traballos da última fase da Avenida Infanta Elena de Lugo, que afecta ao tramo comprendido entre as glorietas de Garaballa de Arriba e Benigno Rivera darán comezo previsiblemente na primavera, entre os meses de marzo e abril, logo da firma da acta de replanteo, e terán un prazo de execución de 8 meses unha vez iniciadas.

Así o explicou o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, quen asinou o contrato das obras co responsable da empresa adxudicataria, Antonio Lucas de Ovisa Pavimentos e Obras SLU, e ante a presenza da alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos Fondo.

“Con esta sinatura damos un paso decisivo para levar a cabo os traballos finais que completarán a renovación integral desta vía, culminando así a transformación iniciada hai dous anos co primeiro tramo, entre o cruce coa Ronda Norte e a glorieta 25-N”, destacou o presidente.

José Tomé explicou que nesta última fase mantense o mesmo modelo de colaboración que na anterior, que “obtivo excelentes resultados e foi moi ben valorada polos veciños da capital e da provincia”, apuntou. Neste sentido, “o Concello foi o en-



cargado de promover a obra e de achegar os terreos, mentres que a Deputación redactou o proxecto técnico, financiará os traballos cun investimento de 1,3 millóns de euros e encárgase á contratación e execución das obras, que foron adxudicadas á empresa Ovisa Pavimentos e Obras SLU”.

O presidente enmarcou este proxecto na estreita colaboración que mantén a institución provincial co Concello de Lugo, “co que estamos en permanente contacto e coordinación coa alcaldesa que hoxe nos acompaña, para compartir este logro necesario para a cidade de Lugo”. O proxecto contempla o desdoblamento e a humanización da Avenida Infanta Elena no treito comprendido entre a glorieta Garaballa de Arriba

e a de Benigno Rivera. Este tramo, cunha lonxitude total de 466 metros, contará con dúas marxes de calzada dun ancho de 10,25 metros cada unha, distribuídas en tres carrís de circulación por sentido.

Ademais, a marxe dereita dotarase dun carril bici cun ancho de 3 metros, e no caso das beirarrúas terán 4,05 metros de ancho a ambos lados, con árbores, iluminación, bancos e papeleiras. A plataforma da nova entrada vai ser de 32,5 metros de ancho.

Estes traballos tamén inclúen a renovación e dotación dos servizos de abastecemento, saneamento e alumeadado público, tendo en conta a situación actual e as demandas futuras que poida ter a contorna, como pode ser o desenvolvemento de solos urbanos ou urbanizables.

Os senadores do PP preguntan ao Goberno pola rehabilitación da A-6

Os senadores do PP lucense interéсанse pola rehabilitación da A-6 en Lugo. Así, José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano veñen de rexistrar onte unha pregunta, na Cámara Alta, dirixida ao Executivo estatal sobre os motivos para que o Ministerio de Transporte ampliase o prazo de execución para rehabilitar 60 km da A-6 ao seu paso pola provincia de Lugo de 18 a 42 meses.

“Reclamamos unha explicación ao Goberno de Sánchez que unha vez máis discrimina e abandona á nosa provincia en materia de infraestruturas que afecta aos veciños nos seus desprazamentos do seu día a día, autónomos, transportistas e lastra o desenvolvemento e competitividade da provincia”, sinalan os populares.

En canto á postura do BNG, os senadores do Partido Popular critican que se contradí: “moito esixir aquí, pero en Madrid continúan apoiando a Sánchez que marxina á provincia de Lugo. Á vista de que non é escoitado, o BNG é ninguneado por Sánchez e o resto de socios do Goberno central”.

A Federación veciñal pide a execución “urxente” da debatida Ronda Leste

A Federación Provincial de Asociacións Veciñais Lucus Augusti de Lugo reiterou a súa solicitude para que se executado de maneira urxente a Ronda Leste de Lugo.

Esta infraestrutura, segundo aseguran, é fundamental para aliviar a congestión de tráfico que actualmente sofren a Avenida de Fontiñas e o Paseo do Rato, dúas das vías máis transitadas da cidade.

Desde a Federación, sempre defenderon a necesidade de construír a Ronda Leste, xa que consideran que a súa execución contribuiría significativamente a mellorar a circulación nestes puntos críticos, o que ao mesmo tempo facilitaría a mobilidade e reduciría os problemas da saturación vehicular.

A Federación coincide coa Xunta de Galicia en que esta infraestrutura é necesaria, pero lamentan que, a pesar de que se falou dela durante anos, o proxecto segue sen materializarse. No último proxecto presentado pola Xunta, destacou a importancia de limitar os danos

medioambientais, o que xerou un consenso na cidadanía de Lugo. Con todo, máis dun ano despois, aínda non se presentou o proxecto definitivo.

Un aspecto que a Federación considera frustrante é que cada ano, nos orzamentos da Xunta de Galicia, inclúense partidas para a execución da Ronda Leste que finalmente non se executan. Nos orzamentos de 2024, por exemplo, contempláronse 7 millóns de euros para a obra, pero non se gastou nin un só euro. Para os orzamentos de 2025, parece que hai unha partida de 5 millóns de euros, pero a Federación non cre que se materialice, xa que a día de hoxe, non coñecen nin sequera o proxecto.

Desde a Federación, lembran que xa levan 8 anos reivindicando a necesidade desta infraestrutura, presentando proxectos e pedindo que se consignan partidas, “pero ata o momento, non se fixo absolutamente nada por parte da Xunta de Galicia”.



Solicitan a reparación urxente de varias rúas do barrio da Residencia

A Asociación Trapero Pardo do Barrio da Residencia solicitou formalmente á concellarías de Vías, Obras e Infraestruturas que inclúa nos Orzamentos de 2025 a reparación de diversas rúas do barrio que presentan un estado deplorable tanto nas súas beirarrúas como no firme das vías.

Entre as rúas afectadas atópase Rúa Pomar, cuxo firme está en moi mal estado; Rúa José Crende Vega, que carece de beirarrúas nun dos seus laterais e o seu firme tamén está deteriorado; Rúa Serra de Gañidoi-

ra, cuxas beirarrúas son moi antigas e precisan ser renovadas; Rúa Tino Prados, que non ten beirarrúas e o seu firme presenta numerosas fochancas; e Rúa Trapero Pardo, onde as beirarrúas están en mal estado. Desde a Asociación Trapero Pardo insisten na necesidade dunha reforma integral do Barrio da Residencia, centrada especialmente nestas rúas. A petición busca garantir a seguridade e comodidade dos veciños, mellorando as infraestruturas do barrio nos próximos orzamentos municipais.

SANTA MARÍA



Antonio Ameijide preguntou ao goberno provincial polo estudo para a reparación da cuberta das instalacións do Centrad, toda vez que “as actuacións de urxencia executadas no outono no pavillón IV do Fogar de Santa María non son máis que un parche que non soluciona o problema estrutural”.

PAR BIOMAGNETICO

¡¡Corrige tus desequilibrios!!

Según el Dr. Goiz,
La gran mayoría de las enfermedades comienzan con la asociación de microorganismos patógenos: virus, bacterias, parásitos y hongos.



¡Venga a probarlo!

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo
Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es
www.verxel.es



A Xunta presenta as melloras para Castelo



O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, reuniuse con veciños de Castelo para presentarles as medidas que se van levar a cabo co obxectivo de mellorar a seguridade na estrada autonómica LU-530 ao seu paso por este núcleo, situado nas proximidades da cidade e que ten aumentado considerablemente a súa poboación nos últimos anos. O Goberno galego destinará máis de 132.000 euros á primeira fase destes traballos, que comezará a executarse nas vindeiras semanas coa previsión de que esta rematada no primeiro semestre do ano. Esta primeira fase contempla a adecuación de varios tramos dunha senda peonil -que se completará na segunda e última fase- e a implantación de dous novos pasos de peóns nos puntos quilométricos 1+640 e 2+060 desta vía, na contorna das paradas de transporte público recentemente acondicionadas pola Xunta en Castelo.

No relativo á senda peonil, o delegado lembrou que será semellante á que se construíra na estrada LU-234 en Ombreiro, cun investimento de 610.500 euros, e que foi anunciada a semana pasada pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. Neste senso, explicou que, “conscientes das difi-

cultades existentes na tramitación para a ocupación de terreos fóra do dominio público que precisaríamos para a execución da senda da LU-530 en toda a súa lonxitude, e co ánimo de axilizar ao máximo os traballos, nesta primeira fase acondicionaremos os tramos imprescindibles para poder implantar os pasos de peóns”. Isto suporá adecuar tres tramos de senda, que suman uns 360 metros de percorrido.

Nesta primeira fase procederase tamén ao estreitamento dos carrís de circulación da estrada autonómica en todo o tramo limitado a 50km/h, que pasarán dos 3,50 metros de ancho actuais a 3,20 metros, o que permitirá aumentar as beiravías e, con iso, incrementar tamén a seguridade dos peóns que circulan por elas. Así mesmo instalaranse balizas cilíndricas reflectoras, para favorecer que os condutores visualicen mellor a separación carril-beiravía e diminúan a velocidade, e reforzarse tanto a sinalización horizontal como a vertical, coa colocación de carteis luminosos, co obxectivo de transmitir aos usuarios da vía que circulan por un tramo de estrada de características singulares e que, polo tanto, deben adecuar a súa condución a esas circunstancias.

PEDREDA



A asociación de veciños Peizal-Outeiro celebrou unha comida de confraternidade no local social da antiga casa reitoral de San Vicente de Pedreda. O local foi rehabilitado grazas a unha subvención autonómica, que permitiron acondicionar a antiga casa reitoral para o seu uso como centro de reunións.

Coeses esixe ante o Parlamento a retirada do apoio á futura planta

Preto de 60 veciñas e veciños afectados polo proxecto da planta de biometano en Coeses, en Lugo, acudiron ao Parlamento de Galicia para mostrar o seu rexeitamento á iniciativa.

A deputada do BNG, Montse Valcárcel, trasladou a súa preocupación ao Goberno galego, preguntando se a Xunta retirará a declaración de Iniciativa Empresarial Prioritaria outorgada a este proxecto.

O BNG insiste en que a Xunta debe revogar esta declaración, que permite axilizar os trámites administrativos para a construción da planta. “Desde a publicación do proxecto e a apertura do período de alegacións, a cidadanía dos núcleos máis próximos está a mobilizarse debido ao grave impacto que tería a posíbel construción da planta nos seus fogares”, afirmou Valcárcel. Ademais, subliñou que se trata dunha “actividade potencialmente contaminante e con malos cheiros recoñecidos no propio proxecto, situada a escasa distancia das vivendas”.

O proxecto presentado pola empresa promotora recoñece expresamente a emisión de gases contaminantes e o vertido de 76,7 metros



cúbicos de augas residuais ao regato de Vilalbite, un afluente do río Miño. A deputada nacionalista denunciou que “distintos informes técnicos cuestionan a seguridade ambiental da planta, debido á gran cantidade de auga que precisaría captar e á deficiencia no control de cheiros”. Nese sentido, Valcárcel destacou que “a falta de garantías tamén foi sinalada no informe provisional da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que emitiu unha avaliación desfavorable sobre o proxecto debido á insuficiencia no tratamento e evacuación das augas residuais”.

A parlamentaria do BNG tamén alertou sobre a intención da empresa de solicitar financiamento para a planta

con fondos europeos, malia os posíbeis efectos negativos para o medio ambiente e a poboación. Por iso, esixiu á Xunta que rectifique e anule a declaración de Proxecto Industrial Estratégico para esta planta, que afectaría non só a Coeses, senón a toda a cidade de Lugo.

Valcárcel trasladou as inquedanzas da cidadanía de Coeses e doutras parroquias afectadas como Cuiña, Soñar, Piugos, Santa Compa, Nadela e Conturiz, lembrando que a Unión Europea establece unha distancia mínima de 1,5 km para este tipo de instalacións, mentres que expertos recomentan máis de 3 km, moi por riba dos menos de 500 metros que separan a planta das vivendas.



Cristina López percorre as parroquias protagonistas do calendario municipal

A edil de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, achegouse ata Ombreiro onde se xuntou coa veciñanza para entregar o calendario de 2025 editado pola área de Participación e elaborado con imaxes pertencentes aos fondos do Arquivo Municipal. Este ano, baixo o título *A terra entre as mans*, recóllense imaxes e documentos relacionados coas parroquias.

A edil de Participación comeza deste xeito unha rolda de visitas ás distintas parroquias que forman parte do proxecto, “un gran éxito cada ano

que nos fai manter un serio compromiso para visibilizar o rural de Lugo e súa historia”.

López quixo facer especial fincapé “no papel dos nosos antepasados e do seu importante labor que continúa a chegar ata o presente, todo en parte grazas á información que poden proporcionar as imaxes antigas sobre a vida cotiá, as tradicións e a cultura doutras épocas”.

Todas as persoas interesadas poden recoller o seu calendario *A Terra entre as mans II* nas oficinas da área de Participación.

Rematan as obras de mellora da estrada de Calde e comeza outras no Veral

A unidade de Medio Rural da área de Cohesión Social e Territorial vén de rematar a obra de acondicionamento e mellora da estrada municipal da parroquia de Calde e de xeito inmediato comezará outra nova intervención, no paso sobre o Rego de Pías, no cruzamento coa estrada local que comunica a igrexa da parroquia de Veral coa de Orbazai. Trátase de dúas actuacións importantes, canalizadas a través do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos.

A obra de Calde, cun orzamento de máis de 40.000 euros, consistiu na pavimentación dunha vía e dun ramal no citado núcleo rural, que presentaba un mal estado de conservación. Para reverter o seu estado actual se actuou nunha lonxitude de 520 metros no camiño principal e noutros 40 metros do ramal, que non estaban pavimentados de formigón. A intervención prevista no Veral, cun investimento de máis de 35.000 euros, servirá para acometer a substitución dunha obra de paso no Rego de Pías ao seu paso pola parroquia de San Vicente.

A MAXIA DAS PARROQUIAS

San Vicente do Burgo

Organízase ao redor do Camiño Primitivo de Santiago, cunha estrutura definida pola vereda 'antíqua' dos antigos documentos

A parroquia de San Vicente do Burgo é unha das 54 parroquias que conforman o municipio de Lugo. A súa superficie é de 8,39 km² e consta de seis núcleos de poboación que, segundo o rexistro de datos de 2020, acollen aproximadamente 80 habitantes. Situada nun enclave rural cunha profunda herdanza histórica e cultural, esta parroquia destaca pola súa riqueza arquitectónica e o seu contorno paisaxístico. A maior parte desta parroquia organízase ao redor do Camiño Primitivo de Santiago, cunha estrutura moi particular, definida pola vereda *antíqua* dos antigos documentos. O topónimo Burgo, que é de orixe xermánica, puidera referirse a unha antiga fortaleza rodeada por unha aldea ou pequena vila, ou tamén á súa estrutura case vilega, pois a palabra común burgo ten tamén o significado de "vila pequena" ou "pobra". Detrás dunha portada heráldica, no lugar de Carrigueiros hai un notable pazo ou casa grande composta de varios corpos moi diferenciados, todo dentro do seu circundo murado. Este núcleo,

que é o primeiro vindo desde Lugo, ten tamén unhas notables casas de labranza do mellor tipo tradicional. Pouco despois del está a fonte de Ribicás, á beira da estrada e do Camiño de Santiago. O Burgo, coa súa organización ao redor do Camiño Primitivo, hoxe asfaltado, que lle serve de rúa, encádrase no medio dunha paisaxe de antigas agras, agora maiormente a prado. Ademais da igrexa e da curiosa capela de San Bartolomeu, no Burgo hai excelentes casas de labranza coas súas edificacións adxectivas, entre as que destacan algúns elegantes hórreos. O antigo hospital de peregrinos estaba nunha chousa así chamada da actual casa Matías, unha das máis belas da aldea. Xunta o burgo central é o lugar de Penas. A aldea de Galaloces espállase ladeira arriba cara ó sur. Poutomillos do Burgo, que se chama así para diferencialo da contigua parroquia de Poutomillos, é unha pequena aldea distante do núcleo, en lugar ben alto, onde está a chamada Casa do Fidalgo, pazo tipicamente agrario do século XVIII, abandonado e en moi



mal estado de conservación. A paisaxe agraria do Burgo é moi fermosa, e moi interesante polos bos zarros de pedra de agras e chousas. Un dos moitos bos percorridos para facer a pé sería ir dende a igrexa parroquial cara á capela de San Bartolomeu e logo cara ó solitario casal do Canedo de Abaixo, a pouco máis dun quilómetro. A medio camiño atópanse os restos dun castro. A Igrexa Parroquial de San Vicente: un referente do barroco galego. A igrexa parroquial de San Vicente de O Burgo é unha xoia arquitectónica de estilo barroco que data do século XVIII. A súa monumentalidade e detalles artísticos convértena nun referente dentro da rexión do Mera. A fachada principal sobresaie pola imaxe do patrón, San Vicente, e unha imponente torre cadrada que alberga tres campás, un elemento distintivo do templo. O deseño arquitectónico da igrexa reflicte a maxestuosidade do barroco galego. Presenta unha planta rectangular cunha nave cuberta por unha bóveda de canón e un coro construído en pedra, elementos que reforzan a robustez e elegancia do edificio. A capela maior, elevada e de gran altura, está cuberta cunha cúpula sobre pendentes, rematada cunha lanterna que dota o interior dunha luminosidade singular. No interior, destaca un retablo maior de estilo barroco que constitúe unha das pezas máis valiosas do templo. A este súmanse un retablo lateral de estilo neogóti-

co, datado entre os séculos XIX e XX, e outros dous retablos laterais que combinan elementos neoclásicos con características populares, o que evidencia a evolución artística e cultural da parroquia ao longo dos séculos. O actual edificio substituíu unha igrexa anterior mencionada en documentos medievais baixo o nome de Sancto Vicentio de Muros. Este antigo templo foi matriz das parroquias veciñas de Poutomillos e San Xoán do Alto, o que subliña a súa importancia histórica como centro relixioso da zona. O atrio da igrexa está adornado cun cruceiro que achega un valor artístico adicional ao conxunto, sendo unha mostra do fervor relixioso e a tradición escultórica

de Galicia. Ademais, a igrexa está rodeada polo camposanto, onde repousan xeracións de habitantes da parroquia, pechando un círculo de espiritualidade e memoria colectiva. A tan só 500 metros da igrexa atópase a capela de San Bartolomeu, un pequeno templo que complementa o patrimonio relixioso da parroquia e que, xunto coa igrexa principal, forma parte das rutas de interese cultural da zona. Nas proximidades tamén se atopa o recoñecido templo de Santa Eulalia de Bóveda, un dos monumentos máis emblemáticos de Galicia, famoso polos seus frescos de orixe romana e a súa singular arquitectura, o que o converte nun punto de visita obrigada para os amantes da historia e da arte.





ARELO
gestión inmobiliaria

„Gestión de la compra, venta y alquiler de propiedades“

„Valoraciones de inmuebles“

„Mediciones y planos“

„Home staging“

Oficinas:
Rúa río Ior, 35
27004 Lugo

TEL: 982808826
Móvil: 670372049
info@arelo.es

www.arello.es

AO NOSO CARÓN

Organizan un obradoiro en liña sobre sexualidade

O servizo de prevención de condutas aditivas da agrupación de Concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organiza un encontro online dirixido a nais, pais, educadores e outros perfís vinculados á educación. Este obradoiro, centrado na sexualidade e o acceso á pornografía, celebrarase o próximo 10 de febreiro en horario de 17:30 a 19:30. A formación será impartida por José Luis García, doutor en psicoloxía, sexólogo e escritor.

O obxectivo do obradoiro é ofrecer ferramentas para entender e abordar os principais riscos sexuais asociados a Internet, así como o impacto do consumo de pornografía en idades temperás. Entre os temas que se tratarán destacan a pornografía, os riscos do sexting e grooming, e o impacto de redes sociais como OnlyFans e TikTok.

As persoas interesadas poden inscribirse no correo electrónico a prevenciondrogas@rabade.org ou no teléfono 982 390 062.

Invisten 1,37 millóns de euros para mellorar sete vías da comarca

Na Xunta de Goberno, a Deputación sacou adiante unha importante inversión de máis de 1,37 millóns de euros para mellorar sete vías que atravesan oito concellos da provincia. O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, subliñou que estas melloras na rede de estradas provinciais “é un paso máis no noso compromiso por optimizar as infraestruturas da provincia, facilitando a mobilidade e garantindo unha mellor conectividade entre os concellos”. Concretamente, en Friol, licítanse as obras de rehabilitación de preto de dous quilómetros ao inicio da estrada LU-P-2105, que conecta o empalme de Prado con San Paio de Narla, así como a mellora dos dous primeiros quilómetros

da LU-P-2115, entre O Vento e Santa Marta, na parroquia de Vilalvite. As actuacións, cun orzamento de 246.887,69 euros, inclúen a reapertura de cunetas, pavimentación con aglomerado en quente e reposición da sinalización, cun prazo de execución de tres meses. “Estas melloras serán fundamentais tanto para o concello de Friol como para a comarca, facilitando o acceso a recursos turísticos como a Fortaleza de San Paio de Narla e a outros servizos básicos”, destacou Rivera Capón.

En Monterroso e Guntín, mellorarase un tramo de case seis quilómetros da estrada LU-P-3303, que conecta a Nacional 547 coa Nacional 640, cun investimento de 153.217,56 euros e un prazo de execución de tres meses.



A Deputación apoia o proxecto Música Crisanto

A deputada Iria Castro visitou a escola da Asociación Música Crisanto, un proxecto de ensinanza musical que une os concellos de Begonte, Rábade, Outeiro de Rei e Friol e que conta cunha 300 alumnas e alumnos.

Durante o encontro, a responsable provincial coñeceu as súas instalacións en Baamonde e conversou coa directiva da asociación e con integrantes da banda infantil, a formación máis nova da asociación. Iria Castro valorou “a consolida-

ción do proxecto a través dunha fórmula mancomunada entre os concellos, que vén recibindo apoio continuado por parte da Vicepresidencia da Deputación ao longo destes anos” e subliñou “a importancia de iniciativas que puleen por ofrecer as nenas e nenos dos concellos rurais os mesmos servizos e oportunidades que poderían ter na cidade, neste caso cunha formación musical de calidade e cunha oferta variada”.

O corgo



Inaugurado un mural no PAI que rende homenaxe a Rosalía de Castro

O PAI do Corgo conta cun novo mural que foi posible grazas á colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. A obra, que adorna un dos muros do centro, ilustra o coñecido poema de Rosalía de Castro, “Dicen que no hablan las flores...”, un dos versos máis emblemáticos da autora galega.

A ilustración que dá vida ao poema foi realizada pola artista Ana Santiso, unha destacada ilustradora galega coñecida polo seu estilo único que fusiona o arte tradicional coa modernidade. Santiso traballou en diversas

iniciativas culturais e artísticas, e o seu traballo neste mural conseguiu captar a esencia da obra de Rosalía, transmitindo a delicadeza e a profundidade do poema nunha imaxe vibrante e chea de simbolismo.

O mural foi presentado na véspera do Día de Reis, o que o converte nun agasallo inesperado e especial para a comunidade, un símbolo da cultura e da poesía galega. A iniciativa únese aos esforzos por enriquecer o espazo público con arte que promova a reflexión sobre a nosa identidade e patrimonio cultural.

Senadores do PP esixen unha rectificación sobre o servizo de autobuses

O Partido Popular censura a intención do Goberno de Sánchez de suprimir o servizo de transporte estatal en autobús en 11 concellos lucenses, a metade dos afectados en Galicia, segundo o novo mapa concesional de bus estatal.

Os senadores lucenses do PP -José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano- dirixen formalmente unha pregunta para saber se o Goberno de España prevé “rectificar” a súa intención de suprimir paradas na Pontenova, Meira, Guitiriz, Palas de Rei, O Corgo, Baralla, Monterroso, As Nogais, Pedrafita, Chantada e Quiroga; toda vez que o Grupo Popular logrou aprovar unha iniciativa no Senado -co voto en contra do PSOE e a abstención do BNG- para instar ao Executivo a elaborar un novo mapa que “corrixa esa discriminación aos pequenos concellos do rural”.

“As liñas regulares de transporte de viaxeiros por autobús son claves para garantir e favorecer a mobili-

dade dos cidadáns, en especial do que viven en zonas rurais e con menor densidade de poboación, e tamén para comunicar os territorios das distintas comunidades autónomas de España”, din.

Engaden que o transporte interurbano de viaxeiros por estrada é un servizo de carácter público de competencia estatal prestado mediante un contrato de concesión. “Por tanto, corresponde ao Goberno de España deseñar a rede estatal”.

En xullo do ano 2022 tivo lugar un primeiro intento de impoñer un novo mapa de rutas do autobús estatal, que explican que “provocou gran alarma e alegacións tanto entre os gobernos autonómicos como entre a cidadanía, pola supresión de paradas e rutas”.

A pesar de que no seu momento se retirou esta proposta; hoxe sabemos que “lonxe de rectificar, o Goberno de España volve propoñer un novo mapa que retoma a intención de suprimir paradas e rutas”.

Abre o prazo para solicitar o alugueiro dunha vivenda social en Franqueán

O Concello do Corgo abriu o prazo para que as persoas interesadas poidan presentar as súas solicitudes para alugar unha vivenda social situada no primeiro andar da antiga vivenda de mestres de Franqueán, un inmovible recentemente rehabilitado con fondos propios e a axuda da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do IGVS.

O prazo para presentar as solicitudes será de dous meses, e as persoas que cumpran cos requisitos establecidos poderán participar nun procedemento competitivo e de libre concorrencia.

O alugueiro da vivenda será por un período máximo de cinco anos, dividido en tres anos iniciais e dous prorrogas posibles, a un prezo de 193,24 euros ao mes.

Os requisitos, a documentación necesaria e o prazo de presentación están publicados no Diario Oficial de Galicia (DOG) do 24 de xaneiro de 2025. As persoas interesadas deben presentar as súas solicitudes antes de que remate o prazo establecido.

Clausurada a sexta ruta 4x4 Os Riladores con 170 participantes

A deputada Iria Castro foi a encargada de entregar os premios das probas de velocidade e obstáculos que se celebraron na contorna de Castroverde. Este acto puxo o broche final á sexta edición da ruta 4x4 Os Riladores, un evento que congregou ao longo da fin de semana 170 participantes procedentes de distintos puntos de Galicia e doutros lugares de España, como Madrid, Asturias ou Castela e León.

A xornada principal celebrouse o sábado 25 de xaneiro coa tradicional ruta 4x4, que arrincou ás 8.30 horas dende o pavillón municipal A Ferrería. Nesta edición, os vehículos todoterreo e buggies percorreron preto de 120 quilómetros a través de camiños dos concellos de Castroverde, Baleira e Pol, nun trazado que combinou a beleza das paisaxes naturais coa emoción propia deste tipo de competicións.

O peche do evento tivo lugar o domingo pola mañá, cunha serie de



probas de habilidade organizadas nas inmediacións do campo de fútbol Veiga do Olmo. Estes desafíos, que incluíron probas de velocidade e obstáculos, puxeron a proba a destreza dos condutores e as capacidades técnicas dos seus vehículos, ofrecendo un espectáculo cheo de adrenalina para o público asistente. A ruta 4x4 Os Riladores de Castroverde consolidouse como unha cita

imprescindible para os amantes do motor e do deporte ao aire libre, atraendo cada ano máis participantes e reforzando a proxección do municipio como destino para actividades deportivas e de lecer. Durante a entrega de premios, Iria Castro destacou o éxito da organización e o impacto positivo do evento na dinamización da economía e do turismo local.

Invisten na restauración da igrexa de Santa María de Vilabade

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude destina un total de 204.800 euros á restauración do tellado e outras melloras na igrexa de Santa María de Vilabade, localizada en Castroverde.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, visitou o templo para marcar o inicio das obras, realizadas mediante un convenio coa Diocese de Lugo. O proxecto busca resolver problemas de filtracións de auga, mellorar a humidade e asegurar a conservación das pinturas murais interiores.

Para lograr estes obxectivos, engadirase un illante térmico ao tellado e renovarase o enlousado, ademais de instalar protección de zinc no campanario e outras áreas. Os morteiros de cemento nas paredes serán substituídos por morteiros de cal, e tamén se mellorará a drenaxe perimetral da igrexa. Contémplanse intervencións puntuais na carpintería exterior para mellorar a ventilación. Ademais, levaranse a cabo traballos de conservación preventiva sobre as pinturas murais para deter o seu deterioro.

A igrexa de Santa María de Vilabade, que forma parte do Camiño Primitivo, está protexida polo seu valor cultural. Ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC).



Os pensionistas organizan unha comida con baile

A Asociación de Pensionistas e Xubilados de Castroverde convoca aos seus socios a unha comida gratuíta que se celebrará o próximo domingo, 9 de febreiro, ás 14.00 horas no restaurante Pereira. Para participar, os socios deberán apuntarse antes do 3 de febreiro, deixando o seu nome e apelidos no propio restaurante Pereira. Despois da comida, e para seguir a xornada de festexos, a partir das

17.00 horas no local social Paco Pestana, terá lugar un baile aberto ao que se poderá asistir tanto por parte de socios como de non socios. O prezo de entrada será de 4 euros por persoa. O animado evento contará coa actuación de Carlos, o acordeonista, que poñerá a música para que todos os asistentes gocen dun gran ambiente de lecer e diversión.

Recibidas sete ofertas para as obras que se executarán na LU-530

A Xunta recibiu 7 ofertas para executar as obras de reforzo do firme nas estradas LU-113 e LU-530, ao paso polos concellos de Lugo Castroverde, Cospeito e Abadín, cun investimento de 3,5M€.

As actuacións, cun prazo de 6 meses, teñen como obxecto a rehabilitación da capa de rodaxe para mellorar as condicións de circulación nos distintos treitos destas dúas estradas, completado as obras co repintado das marcas viarias.

De xeito máis concreto, estas intervencións desenvolveranse na LU-113, entre os puntos 10+000 e 20+180, en Cospeito; e desde o punto quilométrico 20+180 ao 22+780, xa no concello de Abadín. Na LU-530, intervívase nunha lonxitude de 16,4 quilómetros. Neste caso actuarase no treito que vai desde o quilómetro 3+600 ao 12+640, no seu percorrido pola municipio de Lugo; e no treito que continúa desde o punto 12+640 ao 20, no concello de Castroverde.

As intervencións obxecto deste contrato non implican a realización de expropiación algunha, xa que todas están incluídas dentro da franxa de dominio público.

O departamento que dirixe a conselleira María M. Allegue continúa a traballar para manter as vías de titularidade da Xunta nas mellores condicións e para garantir a seguridade viaria aos usuarios, destinando este ano 68M€ á súa conservación.

A vila acolleu a Misión País con 35 universitarios

As parroquias de Castroverde foron escenario dunha Misión País, coa participación 35 rapaces universitarios. Esta iniciativa, vinculada ao movemento católico Schoenstatt, naceu hai unha década como unha idea dun grupo de estudantes universitarios católicos. Durante unha semana ao ano, un equipo de misioneiros visita unha comunidade en España, un compromiso que se mantén durante tres anos consecutivos. Deste xeito, a experiencia que agora comeza repetirase nos dous próximos anos, cunha semana dedicada á evanxeli-

zación en cada ocasión.

Este proxecto representou unha oportunidade valiosa para que os veciños e veciñas poidan descubrir da man destes mozos a vida da Igrexa, achegándolles unha fe activa a través do voluntariado, a oración e o servizo altruísta cara aos demais.

Nicolás Susena, un dos párrocos da zona, destacou que esta iniciativa "é un verdadeiro agasallo de Deus. O pasado decembro este grupo de mozos chamou ás portas das nosas parroquias co desexo de compartir a súa fe connosco".

CASAS NIÑO



O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey, acompañado do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou as tres casas niño do concello de Castroverde. Durante o encontro coas promotoras destacou que a Xunta de Galicia destina para este 2025 unha partida de tres millóns de euros para o funcionamento destes recursos que atenden a máis de 500 familias do rural.

Convocan un curso sobre prevención e uso de antibióticos

O Concello de Castro de Rei, en colaboración coa Asociación Veciñal de San Martiño de Goberno, organiza o próximo 24 de febreiro un curso gratuito sobre prevención de infeccións e uso de antibióticos.

A actividade terá lugar na Escola Antiga de San Martiño de Goberno en horario de 17:00 a 20:00 e está dirixida a todas aquelas persoas interesadas en ampliar os seus coñecementos sobre enfermidades infecciosas e o uso responsable dos antibióticos. Este curso ten como obxectivo ensinar aos asistentes a diferenciar entre infeccións víricas e bacterianas, coñecer os mecanismos de transmisión das enfermidades, identificar os principais grupos de risco e aplicar consellos prácticos para evitar enfermidades infecciosas.

Entre os temas que se tratarán inclúense as diferenzas entre virus, bacterias, fungos e parasitos, así como consellos de prevención como a correcta hixiene das mans e o uso axeitado dos antibióticos.

As inscricións poden realizarse a través dun formulario en liña.

Denuncian a retirada das enfermeiras de noite na residencia de maiores

A ASGADeD (Asociación Galega pola Defensa do Sistema Público de Atención á Dependencia e Discapacidade) denunciou que a dirección da residencia de Castro Ribeiras de Lea, un centro de titularidade pública mais de xestión privada pola empresa SK Senior, con 172 prazas para persoas dependentes, decidiu “unilateralmente” suprimir o persoal de enfermería na quenda de noite, “ficando só o persoal xerocultor” nesa quenda.

Este colectivo xa denunciara hai unhas semanas que a Consellería de Política Social publicou no DOG do venres 13 de decembro a Orde do 4 de decembro de 2024, que modifica a Orde do 18 de abril de 1996 e que suprime a obriga de ter enfermeira 24 horas para residencias de máis de 40 prazas (5 enfermeiras contratadas como mínimo). “Un feito gravísimo con consecuencias directas para a saúde das usuarias

de residencias que incluso pode comprometer as posibilidades de supervivencia nos casos de urxencias vitais que precisen coidados especializados”.

Como explica o colectivo, si se produce unha urxencia nesa quenda, serán as xerocultoras as responsables da primeira atención, decidir as derivacións hospitalarias, chamar ó 061, etc., “polo que mentres fan esas funcións para as que non teñen a formación específica, quedan as demais usuarias sen atender, retrasando o traballo nocturno habitual (cambios de cueiros, inxesta de suplementos, rondas, etc.). Non queremos pensar no que pasaría si se producen varias urxencias na mesma quenda”.

Engade este colectivo que outra consecuencia será que non se van cubrir as vacacións, IT, permisos por garda legal e calquera outra circunstancia das enfermeiras.


Mellora a traída de auga e xa se empeza a consumir

O alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, avanzou que xa remitiu a situación que se viviu nestes días no servizo de auga da traída, cando as inundacións afectaron as instalacións municipais de bombeo de auga, polo que a auga da traída presentaba unha elevada turbidez e non era apta para o consumo directo.

Esta situación foi consecuencia da borrasca Herminia, que provocou o desbordamento dos ríos Azúmara e Miño. “A auga xa leva perdida moita turbidez e xa se está usando para o consumo”, explicou o alcalde, que tamén indicou que o asolagamento está baixando e iso repercute na calidade da auga.

Co obxectivo de garantir o acceso á auga potable, o Concello activou un servizo de subministración alternativa dirixido aos fogares que dependen exclusivamente da traída municipal, especialmente nas zonas urbanas do municipio.

Desde o BNG de Castro de Rei denuncian a “grave situación” que está a afectar o servizo de abastecemento de auga en Castro de Rei. “Actual-



mente, as bombas de captación de auga están completamente inundadas, o que non só interrompe o subministro, senón que fai que a pouca auga que chega ás vivendas non sexa apta para o uso, nin sequera para a ducha”, dixo.

“Esta situación é inadmisíbel e afecta de maneira directa á vida diaria de moitos veciños e veciñas” denuncia Olga Castro concelleira nacionalista que esixe “unha resposta inmediata por parte do Concello para garantir que o acceso á auga, un servizo básico e esencial, sexa restablecido canto antes”.

Val de Francos celebrará o Antroido o día 4 de marzo

A comisión de festas do Antroido Val de Francos adiantou unha parte do cartel das festas deste de este ano, mentras non se presenta o cartel oficial desta cita ancestral na que participan as parroquias de Ansemar Balmonte e Goberno, en Castro de Rei. Será como todos os anos no Campo do Carril o martes 4 de marzo a partir das 17.00 horas, cando os Valuros abran coa súa actuación o programa.

Tamén estarán as orquestras Gran Parada e Grupo D’Cano. A comisión avanzou que queimárase de novo o Antroido que non faltarán os actos tradicionais do programa como a chegada do Antroido ao Campo de Carril, a lectura do pregón, a sesión pirotécnica e sorteo de agasallos. Pero tamén anunciaron que haberá máis pirotecnia e máis actividades para os máis pequenos.

Besteiro pide máis investimentos contra as desigualdades do rural

O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, pediu en Guntín un maior apoio económico público para reducir as brechas existentes entre o rural e os espazos urbanos.

Durante a súa visita á SAT Villamayor de Negral, unha granxa leiteira con preto de 400 vacas, destacou a importancia do sector primario como motor do desenvolvemento económico e instou a fomentar a transformación da produción para incrementar o valor engadido e reter a riqueza en Galicia, ante un mercado que penaliza aos gandeiros galegos con prezos máis baixos que noutras comunidades.

“Debemos fortalecer o potencial industrial do sector primario. Ese é o desafío que temos que asumir”, afirmou Gómez Besteiro, sinalando os problemas económicos que afectan ás áreas menos poboadas. Ademais, puxo o foco na urxencia de mellorar as infraestruturas, os servizos básicos e as conexións, co obxectivo de facer o rural máis atractivo e garantir a continuidade das explotacións.



“Cómpre traballar para favorecer a remuda xeracional no campo”, engadiu.

O líder socialista destacou a necesidade de facer da vida no rural unha opción desexable para frear problemas como a emigración, o envellecemento poboacional e o despoboamento. Tamén subliñou o impacto de cuestións como a falta de centros de saúde, pediatras, escolas e outros servizos esenciais na perda de habitantes. Ademais, apuntou as dificultades

que afrontan moitas explotacións agrarias debido á escasa aposta polas concentracións parcelarias en moitas áreas. “Esta é a realidade de desigualdade que afecta a unha parte de Galicia pola falta de investimentos adecuados”, denunciou.

Besteiro deixou claro que só cunha política específica para o medio rural se poderán superar estas diferenzas, e reclamou á Xunta que incremente os recursos públicos destinados a este fin.

IES TERRA CHÁ



O Centro de Coordinación Central (CCC) de Defensa contra os Incendios Forestais, situado en Santiago de Compostela, recibiu a visita dos alumnos do ciclo de grao superior de Xestión Forestal e do Medio Natural do IES Terra Chá, en Castro de Rei. O alumnado foi benvindo polo director xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez.

Adif comeza as obras da pasarela para suprimir un paso a nivel

Adif vén de iniciar os traballos de construción da nova pasarela peonil en Rábade na liña ferroviaria de ancho convencional León-A Coruña. O obxectivo desta obra é mellorar a accesibilidade peonil e as condicións de seguridade no ámbito urbano.

A nova plataforma elevada instalárase a 80 m da actual, que será demolida, e conectará a rúa Campo da Feira e a Praza de España coa estación de Adif de Rábade. A pasarela terá estrutura metálica, accesible mediante ascensor e escaleiras, e unha lonxitude de 27,6 m. Ademais, dotárase á zona dunha nova iluminación.

O proxecto presentado implicaba que coa supresión do paso a nivel da rúa Xeral Arce, o tráfico de vehículos e peóns se realice polo paso a nivel da Avenida de Vilalba. Así mesmo, implicaba a construción dunha rotonda no lado Sur da vía para facilitar o cambio de sentido de vehículos. Estaba previsto tamén que no lado norte, ademais, se realicen obras de acondicionamento do contorna-urbanización da zona, solados e muro de pedra-, na zona de acceso



ao cemiterio. A actuación licitada por máis de 717.000 euros complétase coa instalación dun cerramento metálico e traballos para dar continuidade ás cunetas lonxitudinais de ambas as marxes da vía.

A clausura do paso a nivel implica o desmantelamento de todos os seus elementos, a demolición de firme e a restitución da aliñación da liña ferroviaria, o desmonte da sinalización do paso a nivel e a disposición de barreiras de contención en ambas as marxes do paso.

O ex alcalde de Rábade, Francisco Fernández Montes, mostrou a súa satisfacción porque se iniciase esta obra “que significou tanto traballo e tantas viaxes a Madrid para falar con distintos ministerios”.

Lembrou Montes que a obra xa quedou acordada antes de que finalizase o seu mandato, xa que a licitación fíxose neste tempo, “aínda que non comprendo como demoraron tanto en comezar”. Engadiu tamén que “espero que sexan dilixentes á hora de facelas”.

A Casa das Insuas organiza un curso de ilustración da natureza

A Casa das Insuas acolle un curso de iniciación á ilustración da natureza, impartido pola ilustradora científica e naturalista Mariana Roura. Este curso, deseñado para achegar a ilustración naturalista a persoas de todas as idades e perfís, terá unha duración de cinco sesións, entre febreiro e maio, cada unha delas celebrada en sábado, con horarios de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00.

O prezo do curso completo é de 200 euros para socios da Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT) e 225 euros para non socios. Ademais, no caso de quedar prazas dispoñibles, existirá a posibilidade de asistir a sesións individuais cun custo de 40 euros para socias e 45 euros para non socias.

As sesións deron comezo o 1 de febreiro sobre aves, e continuarán o 8 de marzo sobre anfibios e réptiles, o 5 de abril de mamíferos, o 3 de maio de plantas e o 31 de maio de invertebrados.

O curso ten como obxectivo introducir aos participantes no mundo da ilustración naturalista como ferramenta para o estudo e observación



da natureza. Aprenderanse técnicas, procesos e conceptos como o volume, os movementos ou a anatomía, sempre co propósito de lograr debuxos realistas. Se as condicións meteorolóxicas o permiten, tamén se realizarán saídas ao campo para practicar bosquexos ao natural. O curso completárase cunha práctica continuada na casa, de forma que as persoas participantes poidan consolidar os coñecementos adquiridos.

Esta actividade está aberta a todo tipo de público, sen importar a experiencia previa en debuxo ou coñecementos sobre fauna.

guntín

O PP critica o mal estado da LU-P-2408 e esixe medidas urxentes

Os deputados do Grupo Provincial Popular denuncian o “lamentable” estado de conservación do ponte situado na estrada provincial LU-P-2408, en Guntín, tras a visita da comitiva socialista á zona.

Segundo o portavoz popular, Antonio Ameijide, esta vía conecta Costañeira con Montecelo, pasando por Vilarcabreiro, e é clave para o acceso a varias explotacións.

Ameijide criticou que, a pesar de que os socialistas mostran preocupación polo sector agroganadeiro da provincia, non cumpren coas responsabilidades esenciais como o mantemento adecuado da rede de estradas provinciais. “A preocupación debe reflectirse tamén en garantir a seguridade das infraestruturas, como esta estrada, que está nun estado totalmente deteriorado e perigoso”, indicou.

O portavoz subliñou a urxencia de actuar nesta vía, destacando o grave deterioro dun ponte en curva no

que é imposible que dous vehículos crucen ao mesmo tempo. Segundo Ameijide, a parte interior do ponte está afundida dende hai máis dun ano e presenta un serio risco de colapso. “O perigo é evidente: os condutores poderían caer ao regato que pasa por debaixo, pero socialistas e nacionalistas elixen mirar cara outro lado”, engadiu.

O alcalde, Ángel Pérez, sumouse ás críticas e reclamou o arranxo desta e outras estradas. “Os camiños que dan servizo ás ganderías non poden circular con seguridade e terminan utilizando vías municipais, danándoas tamén”, explicou Pérez. O alcalde insistiu en que a Deputación debería asumir a súa responsabilidade, xa que dispón de maiores recursos económicos e técnicos para abordar estas reparacións. “Mentres tanto, os concellos facemos un esforzo enorme para manter as nosas estradas municipais en bo estado”, concluíu.

AXENDA DE ACTIVIDADES

TERRITORIO LOBO. O 7 de febreiro, ás 20:30 horas, terá lugar na Casa das Insuas a presentación de *Territorio Lobo*, o novo libro de Andoni Canela, unha obra que nos achega á figura do lobo ibérico a través dunha mestura única de fotografías espectaculares e reflexións profundas sobre a conservación da natureza. Durante o evento, organizado pola Asociación de Custodia do Territorio, Andoni Canela compartirá co público o proceso creativo e as historias detrás deste proxecto especial, que contou cun amplo respaldo a través da plataforma Verkami. Ademais, estará acompañado por Pedro Alonso, biólogo experto no estudo do lobo en Galicia, quen achegará a súa visión científica sobre esta especie emblemática. Para asistir hai que confirmar asistencia enviando un correo a: casadasinsuas@gmail.com.



o xantar. O prezo para as persoas empadroadas no Concello será de 35 euros, mentres que para os non empadroados será de 45. As prazas poden reservarse ata o día 10 de febreiro na Área de Cultura e Deporte do Concello. A saída terá lugar ás 9:00 horas dende a Praza do Concello.

DESEÑO GRÁFICO. Con motivo da celebración do Centenario do Concello, poñeráse en marcha un Taller de Vestuario Histórico para confeccionar traxes de época cara ao desfile do 28 de maio. A actividade estará a cargo de Marga Portomeñe. O taller incluírá asesoramento especializado e a confección de vestuario, cunha dedicación de dúas horas semanais.

O Pleno aproba os orzamentos municipais, que soben a 2,4 millóns de euros

O Goberno local do Concello de Rábade vén de aprobar no Pleno ordinario celebrado hoxe os Orzamentos municipais para 2025, que ascenden a 2.476.500 euros. A rexedora, Reme González, destaca que se trata dunhas contas “realistas e planificadas para mellorar os servizos básicos que se prestan aos veciños e veciñas”.

Os Orzamentos para este ano 2025 reforzan o gasto social cunha partida moi importante para a dependencia e a conciliación familiar. En concreto, destínanse 350.000 euros ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

A maiores, as contas recollen un incremento do gasto corrente, como resultado do reforzo do contrato de recollida e tratamento de residuos, así como unha suba no gasto de persoal derivado da posta en marcha e elaboración da RPT.

O capítulo de investimentos reais sobe para acometer algunhas das obras e proxectos previstos, entre os que se atopa o sistema de abastecemento, a mellora nos depósitos da EDAR e a instalación de novo decantador, entre outros.

portomarín

O IV Trail Xacorun terá lugar o 30 de marzo

O próximo 30 de marzo de 2025 terá lugar o IV Trail Xacorun, un evento deportivo único que permitirá aos participantes vivir a experiencia de percorrer unha das etapas máis fermosas do Camiño de Santiago.

O Trail Xacorun contará con tres modalidades para adaptarse a todos os niveis e preferencias. Haberá un camiño individual de 23 km, con saída ás 9.30 horas, no que os corredores poderán desfrutar dun percorrido esixente en solitario. Ademais, celebrarase un camiño de relevos de 23 km, tamén con saída ás 9.30 horas, para aqueles

que desexen compartir esta experiencia con amigos ou compañeiros. Por último, poderase participar nun camiño curto de 10 km, con saída ás 10.30 horas, ideal para quen busque unha opción máis accesible, pero igualmente emocionante.

Este evento, que xa ten as súas inscricións abertas, ofrece varias formas de facer a etapa máis fermosa do Camiño de Santiago, permitindo aos participantes vivir unha experiencia única mentres desfrutan da beleza natural e da historia dun dos percorridos máis emblemáticos do mundo.



O PP esixe a construción do centro de maiores

“Tanto PSOE como BNG á fronte do goberno provincial seguen a negarse a cumprir coa palabra dada e cos convenios asinados en materia de construción de centros de atención a maiores, sendo un exemplo desta falta de compromiso a situación na que se atopan o Concello de Portomarín e os seus veciños, que seguen agardando a que a Deputación de Lugo constrúa a residencia comprometida”.

Os deputados populares, Antonio Ameijide, José Ángel Santos e José Pardo, xunto ao alcalde de Portomarín, Pablo Rivas, e concelleiros expuxeron a situación na que se atopa o convenio asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Portomarín en febreiro de 2023.

O voceiro popular, Antonio Ameijide, lamenta “a falta de compromiso de José Tomé” con todos os veciños de Portomarín xa que “este tipo de dotacións non son un capricho, senón que se solicitan porque son necesarias e asinar un acordo de colaboración neste senso e non cumprilo xa di a talla de persoa que

temos como presidente da Deputación”.

Por parte do Concello de Portomarín afirman que cumpriron coas súas obrigas, poñendo a disposición os terreos oportunos para a construción do centro de atención a maiores, consignando a partida orzamentaria correspondente e concedendo a licenza municipal á Deputación para construír o edificio. “Ante a falta de compromiso de PSOE e BNG, o alcalde de Portomarín solicitou unha xuntanza con Tomé para avaliar a situación, pero dende o goberno provincial aínda non tiveron a ben responder a esta petición”, lamentou.

A paralización dos trámites necesarios por parte da Deputación de Lugo “é moi preocupante” sobre todo porque dende o Concello de Portomarín “cumpriron con todas as súas obrigas”.

Unha situación que se repite ao longo da provincia, como ocorre nos concellos de Folgoso do Courel, Becerreá, Guitiriz, A Pontenova, A Pobra do Brollón, Portomarín, Cervantes, Pantón, Ourense e O Saviñao.

pol



A Xunta comproba en Andión o destino das axudas contra o feísmo

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático abre o este luns, 20 de xaneiro, o prazo para que particulares e concellos soliciten as axudas destinadas á corrección de impactos paisaxísticos.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, comprobou en Pol unha das actuacións de iniciativa privada executadas con cargo á convocatoria do ano pasado para favorecer o fermosismo. A obra consistiu na restauración dun muro de peche de pedra nunha parcela situada no lugar de Andión, na parroquia de Santiago de Silva.

Arias explicou que en 2024 se concederon na provincia 283.000 euros que facilitaron 96 actuacións de particulares, 32 delas nas comarcas da Terra Chá e Meira. As achegas nesta área sumaron 95.000 euros.

No caso dos concellos, en Lugo houbo 13 beneficiarios que percibiron apoios por valor de 237.800 euros

para mellorar a imaxe exterior de edificios e outras instalacións ou elementos públicos, como campos de fútbol, escolas, fontes ou lavadoiros. Os particulares que se acollan á actual convocatoria poderán recibir ata 3.000 euros para actuar sobre fachadas (o tipo de actuación máis solicitada), cubertas ou muros de peche. Tamén financiará a retirada de elementos adxacentes aos bens nos que se vaia intervir cando prexudiquen a súa imaxe ou causen algún tipo de impacto.

En canto ás entidades locais, terán á súa disposición un máximo de 40.000 euros (20.000 euros por cada liña) para actuar en edificios e dependencias de servizos municipais —liña 1— ou en construcións, equipamentos públicos e bens do patrimonio etnográfico local —liña 2— que polo seu aspecto ou deterioro provoquen unha distorsión na contorna onde se localizan.

Roteiros de Pol presenta o calendario de rutas

A Asociación Cultural Roteiros de Pol xa ten en marcha o seu calendario de actividades para o período comprendido entre xaneiro e setembro. O programa inclúe unha variada oferta de rutas, que combina natureza, cultura e convivencia. A primeira cita foi o 19 de xaneiro, coa ruta Pedrafita do Cebreiro - As Nogais. Esta actividade destaca polo seu percorrido de 14 km de dificultade baixa, ideal para todo tipo de participantes. Outras rutas destacadas do calendario inclúen a Ruta do Cocido en Baleira (febreiro), unha visita a Ponferrada (marzo), e a participación na XVI Concentración de Asociacións de Sendeirismo de Galicia e Asturias, prevista para maio en A Ponte-

nova. En xuño, os participantes gozarán da XXXVIII Travesía Costa Navega en Asturias, mentres que setembro pechará o programa con dúas actividades especiais: a Ruta por Pol e a conmemoración do XXV Aniversario do Grupo de Montaña Estoupo en Luarca.

Engádesse tamén no programa outras como a de Betanzos, en abril, ou a de Courel en xullo.

A cota anual para ser socio mantense en 20 euros, un incentivo máis para unirse á asociación e gozar dun ano cheo de experiencias ao aire libre.

Para máis información e inscricións, animamos aos interesados a consultar as redes sociais de Roteiros de Pol.

O Concello celebrará almorzos saudables no colexio o último xoves de cada mes

Tivo lugar no salón de plenos de Outeiro de Rei, a segunda reunión da Rede Saúde Local. Neste encontro, levouse a cabo a un breve resumo dos temas tratados anteriormente na primeira reunión, celebrada o 14 de novembro.

Posteriormente, centráronse no tema (xa citado na primeira reunión) da elaboración dun almorzo saudable unha vez ao mes para todos os nenos do concello que pasen por este programa (Almorzos Saudables).

Comezaron cos cursos de 5º e 6º de primaria e os demais releváronse ata completar os 6 cursos correspondentes nesta etapa.

O día elixido para o almorzo saudable, tipo bufete, será o último xoves de cada mes, ás 9:30 horas.

Para concluír o acto fíxose a data da próxima reunión.

O BNG demanda ter acceso aos elementos patrimoniais

Os concelleiros do Bloque Nacionalista Galego de Outeiro de Rei aseguran que solicitaron formalmente en varias ocasións ao alcalde poder visitar as instalacións onde se atopa a antiga fonte que estaba na praza do concello e máis a porta medieval que estaba na vila de Outeiro e foi derrubada durante as obras de construción do centro de día en 2023.

“Esta política autoritaria e absolutista que mantén o Sr. Alcalde coñecémola moi ben no concello de Outeiro de Rei” afirma Vieito.

Por parte do BNG de Outeiro fíxose a petición de acceso a estes elementos patrimoniais sete veces, “estes impedimentos dannos a pensar que se esta ocultando algo e non permiten que a oposición fagamos o noso traballo”, din.

O concelleiro nacionalista preguntase: “Será que estes bens están xa totalmente deteriorados ou incluso será que xa desapareceron ou están en lugares onde non deberían? Todas estas preguntas resolveríanse se tiveramos acceso a eles”

Miguel Vieito lamenta esta situación que, por outra parte, “non é nova, xa que se repite dende hai meses e, incluso o Sr. Alcalde negouse a colaborar como se debe coa Valedora do Pobo ante a petición de amparo presentada polos nacionalistas sobre o veto de acceso a informacións públicas”.

Xunta e Concello traballan nun plan de impulso do emprego

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, acompañado pola directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, Zeltia Lado, mantivo unha xuntanza co alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo, para avanzar na colaboración que mantén o Goberno galego con este concello lucense. Neste sentido, analizaron o desenvolvemento do obradoiro de emprego dual e o do programa integrado de emprego dos que se beneficia este concello.

En relación co obradoiro dual ao que está asociado Outeiro de Rei, denomínase Camiño da Chaira VIII e é compartido cos municipios de Castro de Rei -entidade promotora- e Cospeito. Recibiu unha axuda de case 412.000 euros no marco da convocatoria de 2024, beneficia a 20 persoas desempregadas e está centrado en actuacións auxiliares en revestimentos continuos en construción, de acabados ríxidos e urbanización e operacións de gravación e tratamento de documentos.



Neste sentido, púxose de manifesto a importancia de iniciativas coma esta para dar soporte sectores como o da construción con demanda de man de obra, xa que estes obradoiros son especificamente deseñados para atender as necesidades do tecido produtivo de cada contorna. Deste xeito, tras a formación recibida, os participantes contan con mellores opcións para a súa inserción laboral en empresas da zona.

En canto ao programa integrado de emprego, este municipio ten en

marcha un que recibiu unha axuda autonómica de 220.000 euros e que tamén abarca aos concellos de Rábade, Friol, Begonte, Cospeito, Castro de Rei, Abadín e Mondoñedo. Esta iniciativa beneficia a 100 persoas dos oito municipios, que pertencen a colectivos con especiais dificultades de acceso a un posto de traballo e que reciben formación para o emprego coa posibilidade de realizar prácticas profesionais non laborais en empresas en consonancia co contido teórico-práctico das accións formativas.

O BNG reparte un calendario feito con imaxes do patrimonio local

O Bloque Nacionalista Galego de Outeiro de Rei vén de presentar uns calendarios, non só para felicitar o ano á veciñanza, senón tamén para que se coñeza un patrimonio material, “o dalgún caso que xa desapareceu como é a Cruz do Albardeiro de Maúñfe ou outros que están a piques de desaparecer como é a Pontella da Insua do Maiordomo en Taboi, unha pontella única por contar con unha porta de paso e cun alpendre e de seguido a ponte propiamente dita, trátase pois dunha construción singular e cunha tipoloxía única na contorna”.

Este calendario está feito en base a todo o traballo de recollida que ten feito Orlando Viveiro sobre o concello de Outeiro de Rei.

Elvira Lombao, concelleira do BNG en Outeiro de Rei afirma que “o patrimonio e a cultura son legados que recibimos do pasado e que forma parte do conxunto de bens que son dignos de preservarse. E non só temos patrimonio histórico senón tamén patrimonio natural que dende o concello se debe facer todo o posible por conservar pero tamén poñer en valor para deleite da veciñanza e visitantes. Neste concello temos exemplos suficientes que merecen estas actuacións



mais neste calendario só aparecen uns poucos”.

“A falta dun plan específico de protección dos elementos patrimoniais e a desidia da equipa de goberno actual teñen producido numerosos atentados patrimoniais. Podemos falar do deterioro das torres de Sobrada e Taboi ou da capela románico-gótica da nosa Sra. De Bravos en Vicinte como algúns deses exemplos”, engade.

“Ademais, queremos deixar constancia da falta de querencia do Sr. Alcalde ao noso patrimonio e o pouco que lle importa a perda deste -relata Lombao-. Temos un

exemplo clarísimo na desaparición dunha porta medieval única no noso concello que é unha peza dun extraordinario valor patrimonial e que dende que se iniciaron as obras do centro de día en 2023 nada se sabe dela, a pesares de que no proxecto do mesmo se fala de que dita porta permanecera no mesmo lugar”.

Neste calendario aparecen fotos tamén de palleiras, fontes, pombois e tamén fornos de cocer o barro en Bonxe.

“Queremos poñer en valor o noso patrimonio e que a nosa veciñanza o coñeza e así tamén o poida valorar”, conclúe Elvira Lombao.

Convocan o VIII concurso de videopoemas

A Casa-Museo Manuel María organiza unha nova edición do concurso de videopoemas, a VIII, que ten por finalidade a potenciación da creatividade artística a través da conxunción da palabra, o son e a imaxe, e o coñecemento e difusión da obra de Rosalía e Manuel María. O concurso vai destinado a todo o alumnado galego de ensino non universitario a partir da ESO, podendo facelo tanto a nivel individual como grupal. Estabéllese unha única categoría, desde a ESO até segundo de Bacharelato, ESA e Ciclos Formativos.

Os videopoemas consistirán nun vídeo baseado nunha composición poética en galego de Rosalía ou de Manuel María. O poema deberá aparecer nalgún momento do vi-

deopoema, ben sexa impreso, recitado ou en calquera outra opción que se considere.

Os centros participantes deberán realizar a súa preinscrición antes de 18 de marzo por correo electrónico en contacto@casamuseomanuelmaria.gal. Os traballos serán enviados por calquera medio dixital á Casa-Museo antes de 13 de abril, mais sempre deberá ser comunicado dito envío ao enderezo electrónico seguinte: contacto@casamuseomanuelmaria.gal. A Casa-Museo comunicará antes do día 2 de maio os videopoemas seleccionados como finalistas.

O xurado establecerá os que, ao seu xuízo, son os dous mellores traballos presentados, atribuíndoselles como premio unha tableta.



Entregados os premios de poesía e postais de Nadal

A casa da cultura acolleu a entrega de premios do certame de poesía infantil e o concurso de postais de Nadal 2024. Os premios foron entregados aos gañadores/as das súas respectivas categorías, por personalidades do concello de Outeiro de Rei, entre eles o alcalde do concello, Jose Pardo Lombao. Os premiados recolleron os seus correspondentes diplomas e uns agasallos (libros, mochilas,...)

A Biblioteca Pública Municipal de Outeiro de Rei deu a coñecer a relación de nenos e nenas gañadores do Certame de Poesía Nadal 2024 na fase local do concurso. Na categoría A (menores de 8 anos), os premios foron para Adrián Blanco Pérez (1ªA), Hugo López Díaz (3ªA) e Aroa Fernández Barreiro (3ªA), con accésit para Erik Gil Ron (2ªA).

Na categoría B (de 9 a 11 anos) resultaron gañadores Dafne Peña Piñeiro (4ªB), Claudia García Valle (6ªA) e Thiago Luigi Botigué Andrade (6ªA). Houbo un accésit para Lucía Alba

Martínez (5ªA).

Tamén recibiron os premios os gañadores do Concurso de Postais de Nadal do Concello de Outeiro de Rei, no que se escolleu o traballo de Adriana Rouco Marqués, de 6ªB, que destacou entre os participantes polo seu talento e creatividade e coa súa postal o Concello felicitará as festas aos seus conveciños.

Ademais, premiáronse os seguintes alumnos nas distintas categorías. Na Categoría I (de 1º a 3º de Educación Primaria), os premios foron para Martín Iglesias Galán (1ªA), Aldán Vázquez Fernández (1ªB) e Carla Gil Martínez (3ªA). Obtiveron accésits Sergio Mouriz Pena (2ªB) e Rosa Morais Corbelle (3ªB).

Na Categoría II (de 4º a 6º de Educación Primaria), ademais do premio a Adriana Rouco Marqués (6ªB), tamén foron galardoados Iago Río Pernas (5ªB) e Noé Morais Corbelle (5ªB). Os accésits foron para Martín Blanco Pérez (4ªA) e Valeria Méndez Rodríguez (4ªB).

Comezon as xornadas de cine rural dos sábados

Durante os meses de xaneiro e febreiro Friol poderá desfrutar de catro tardes de sábado de cine, gracias ás segundas Xornadas de Cine Rural que o Concello organiza en colaboración co Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC, representado neste caso polo veciño de Friol Suso Rodríguez.

Estas xornadas comezaron o 25 de xaneiro, e continuarán o 1, 8 e 15 de febreiro, dando comezo todas elas ás seis da tarde, no salón de actos do Centro Sociocultural de Friol. Na primeira das xornadas, puidos verse a reportaxe *Tiempo de ilusión, tiempo de recuerdo*, emitida no ano 1979 no programa da TVE *Vivir cada día sobre o rural galego*, no concello de Friol.

Na segunda xornada proxectouse *De Quijotes y Semillas*, documental no que o cociñeiro Santi Cordón realiza unha viaxe en verduclea e fai unha incursión á España esquecida para escoitar a romántica loita dos seus últimos Quijotes, intercambiar sementes con eles e poñer

en valor un tesouro culinario en vías de extinción (dirixido por Patxi Uriz e Jordi Matas).

Durante a terceira xornada, o 8 de febreiro, visualizárase *Paxaros de Algodón*, neste documental trátase de abrir unha fiestra que permita coñecer mellor os trastornos de espectro autista axudándose de dous contos teatralizados polo persoal técnico e residente de Aspanaes As Pontes (Dirección: Xosé Manuel Felpeito e Roberto Rego). Contarán con diferentes profesionais relacionados co ámbito do TEA.

E para rematar con estas segundas xornadas de Cine Rural, o 15 de febreiro, proxectárase *A mestra de escola*, documental dirixido por Alba Prol e producido por Me-teórica Cine, que é unha peza audiovisual que afonda na realidade educativa do rural galego a través das experiencias de seis mulleres vinculadas ao ensino (mestras e antigas alumnas que comparten vivencias persoais e reflexións sobre a evolución do sistema educativo).



Unha xata acada na Poxa de gando frisón en Friol o prezo máis alto ata a data

A terceira edición da Poxa de gando frisón en Friol, celebrada este sábado, destacou pola súa gran acollida e polo récord acadado no prezo dunha xata, que foi vendida por 5.000 euros, o maior rexistrado ata o momento.

O evento, organizado por Africor en colaboración co Concello, tivo lugar no mercado gandeiro a partir das 12.00 horas e reuniu un numeroso público. A participación foi elevada, con oito ganderías de diferentes concellos lucenses como Cospeito, Chantada, Pol, Láncara, O Páramo, Sarria, Lugo e Friol, que presentaron 16 exemplares: once vacas paridas e cinco xatas.

A xornada transcorreu nun am-

biente animado, coa satisfacción dos organizadores por vender a totalidade dos animais presentados. Ademais do récord alcanzado, o prezo medio de venda foi notable, situándose en 3.147 euros. A xata que marcou o límite pertencía á gandería Casa Gabino de Friol, confirmando o alto nivel dos exemplares postos á poxa.

O alcalde, José Ángel Santos, quixo recoñecer o esforzo de todas as ganderías implicadas e destacou o traballo conxunto que fixo posible este éxito. "É un orgullo ver como eventos coma este seguen a medrar e a consolidarse grazas á implicación do sector e á colaboración con Africor", afirmou.

Friol licita por 173.000 euros o novo local social de Narla

O Concello de Friol anunciou que licitará por case 173.000 euros as obras do novo local social da parroquia de Narla.

Reuníronse en Narla o Alcalde de Friol, José A. Santos e varios veciños desta parroquia, para falar do proxecto de execución do local social que se vai facer na finca que a comunidade de veciños ten no barrio de Eirixe, en dita parroquia de Narla.

Este proxecto eleva o seu orzamento a case 173.000 euros, dos cales, a Xunta de Galicia asumirá o 80%. O restante 20% será asumido con fondos propios do Concello de Friol.

Durante este encontro, o rexedor trasladoulle aos veciños que se achegaron ata alí, que o seguinte paso é proceder á licitación das obras, co obxectivo de adjudicar estes traballos para a construción de estas novas instalacións.

Optouse por realizar un novo local social debido ao mal estado no que se atopa o existente. Os técnicos municipais valoraron a opción de re-



habilitar o que está construído, pero non viron viable a recuperación destas antigas instalacións.

Esta actuación permitirá dar servizo á veciñanza desta parroquia, para poder ter un local onde poder realizar xuntanzas, comidas ou festas dos veciños e veciñas, e tamén para poder realizar nel as reunións da CMVMC de Narla.

Este local social de Narla contará cunha superficie total útil de case 120 m², distribuída en unha sala de usos múltiples, unha zona exterior cuberta, cociña, aseo, cuarto de lim-

peza, almacén e vestíbulo.

A Xunta de Galicia continúa prestando o seu apoio aos concellos para que poidan dar os servizos necesarios aos seus veciños e veciñas.

O alcalde di que "quero agradecer unha vez máis á Xunta de Galicia pola súa predisposición co noso municipio, para colaborar e poder así levar a cabo proxectos como este, proxectos necesarios para as persoas que vivimos en Friol poidamos dispor de instalacións nas que se poidan desenrolar actividades sociais, culturais o de outra índole".

O polo atendeu uns 200 proxectos empresariais



O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, acompañado polo secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, reuniuse co alcalde, José Ángel Santos, co obxectivo de avanzar na colaboración entre ambas as administracións para impulsar a creación de riqueza e emprego. Durante o encontro, analizaron, entre outros temas, o éxito do Polo de Emprendemento desta localidade lucense, inaugurado en setembro de 2023 e que xa atendeu máis de 200 proxectos.

O Polo de Friol prestou preto de 650 titorías, das que o 63% se destinaron a mulleres emprendedoras. Ademais, organizáronse preto de

50 actividades, entre as que destacan reunións con entidades locais, formacións e eventos da Rede.

Entre as iniciativas empresariais asesoradas destacan as relacionadas con actividades profesionais, científicas e técnicas (21%), seguidas pola hostalaría (12%) e a agricultura, gandería, silvicultura e pesca (9%). Na reunión tamén se puxo de relevo a importancia da formación para mellorar as oportunidades laborais da veciñanza de Friol. Neste sentido, destacou que o municipio, xunto con Begonte e Rábade, recibiu case 442.000 euros para levar a cabo entre 2024 e 2025 o obradoiro dual Cumes da Terra Chá VIII.

O PM Friol recibe un premio por quince anos como equipo de alta competición

O PM Friol foi recoñecido no acto de firma do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e Abanca para o Plan de patrocinio dos equipos galegos de Alta Competición, como un dos equipos galegos que logrou manterse 15 anos consecutivos na Alta Competición. Este galardón supón un motivo de orgullo para o club, que ve así recoñecido o seu esforzo e constancia na promoción do fútbol feminino.

"Este recoñecemento é froito do traballo incansable das nosas xogadoras, corpos técnicos, directivos, patrocinadores, socios e colaboradores, que, a pesar de contar con menos recursos que moitos equipos de grandes cidades, conseguimos manternos ano tras ano na elite do deporte", destacaron na directiva.

O evento tamén puxo de manifesto a importancia de iniciativas como as desenvolvidas pola Fundación Deporte Galego, que, en colaboración con entidades privadas, incrementaron progresivamente o apoio económico aos clubs galegos. Este respaldo foi clave para que equipos de deportes minoritarios ou de zonas con menos recursos poidan competir ao máis alto nivel.

DEPUTACIÓN

O Pleno aproba mocións para mellorar o SAF e as infraestruturas

O Pleno da Deputación de Lugo aprobou unha moción presentada polo PSdeG-PSOE na que solicita á Xunta de Galicia que archive os expedientes sancionadores abertos contra os concellos de Triacastela, Samos, Folgoso do Courel e Pedrafita do Cebreiro, por dificultades na cobertura do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). A iniciativa, apoiada polo BNG e rexeitada polo PP, subliña que os concellos, que asumen gran parte do custo do servizo, precisan máis financiamento por parte da Xunta en lugar de sancións.

O presidente da Deputación, José Tomé, criticou que as multas, que poderían alcanzar os 20.000 euros, supoñen unha carga excesiva para municipios cunha poboación envellecida, onde o 45 % supera os 65 anos. Ademais, reclamouse a negociación cunha mellora da financiación, elevando o prezo da hora do servizo de 12 a 20 euros e reforzando os equipos de valoración da dependencia para reducir listas de espera.

Outra moción socialista aprobada insta á Xunta a reparar a estrada LU-651 no Courel e a desenvolver un plan integral para mellorar as vías autonómicas da provincia. Tomé acusou o PP de criticar obras alleas mentres “mantén abando-



nada a estrada do Courel desde hai tres anos” e sinalou que o treito entre Folgoso e Seoane está pendente desde hai máis de 15 anos.

BNG. Pola súa parte, o BNG presentou dúas mocións. Nunha delas, aprobada por unanimidade, solicitouse á Xunta unha cobertura médica estable nos centros de saúde de Riotorto e Oourol. Neste último, ante a falta de atención deriváronse pacientes a Muras, tamén con problemas similares. Na segunda, os nacionalistas reclamaron políticas sociais para garantir o acceso á vivenda.

As dúas iniciativas do PP foron rexeitadas. A primeira demanda-

ba unha mesa de traballo para repartir os recursos do parque móbil entre os concellos, e a segunda pedía a cesión da Casona do Incio ao concello, xunto con 250.000 euros para un proxecto veciñal, alegando abandono por parte do goberno provincial.

Finalmente, no apartado de rogos e preguntas, o PP interesouse pola axuda de 50.000 euros ao matadoiro de Sarria, anunciada en novembro de 2024, e pola adquisición dun supermercado no concello de Pol, que contou cunha partida de 105.000 euros. Tamén solicitaron melloras en estradas provinciais nos concellos de Cervantes e Mondoñedo.

O Goberno provincial licita a posta en marcha do Xeopadrón

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou sacar a licitación do contrato por un importe de 1.260.000 euros para poñer en marcha o proxecto Xeopadrón. Así o anunciou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen explicou que este proxecto de “modernización e dixitalización é un paso máis cara o proceso de transformación no que levamos traballando anos desde a Deputación, en colaboración cos Concellos, a través de diversas iniciativas que melloran a xestión administrativa e a prestación de servizos públicos”.

Rivera Capón indicou que este proxecto que a institución provincial desenvolverá con fondos europeos captados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, ten

por obxectivo mellorar a calidade e a fiabilidade dos datos do padrón facendo posible a súa revisión e depuración a través dun novo sistema de xestión.

“Este sistema permitirá contrastar os datos do padrón de cada concello sobre os habitantes empadroados e as súas vivendas coas bases de datos do Instituto Nacional de Estadística. Deste xeito, o INE contará cunha información depurada, contrastada, veraz e actualizada en relación aos habitantes de cada municipio”, apuntou o deputado.

O proxecto terá unha duración estimada de sete meses, cun compromiso de soporte e mantemento de seis meses tras a súa finalización, o que garantizará a sostibilidade e a calidade dos resultados a longo prazo. Ademais, a posta en marcha de Xeopadrón representa un avance

importante cara ao futuro Padrón Online, unha iniciativa do INE que permitirá crear unha base de datos xeorreferenciada de vivendas e fogares. Este salto cualitativo na modernización administrativa mellorará a actualización continua e áxil dos datos do padrón, o que optimizará a xestión de recursos e mellorará a calidade dos servizos públicos prestados aos veciños e veciñas da provincia.

“Con este proxecto, a Deputación de Lugo segue avanzando na consolidación dunha administración pública máis moderna, ao servizo da cidadanía e dos concellos da nosa provincia. Aproveitamos ao máximo as oportunidades que nos brindan os fondos da Unión Europea para mellorar a calidade de vida das nosas veciñas e veciños”, destacou Rivera Capón.



Asinado o novo convenio colectivo e a RPT do Consorcio de Bombeiros

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca; o presidente do Comité de Empresa, Álvaro Negueira Fernández; o vicepresidente do Consorcio e representante da Xunta de Galicia, Santiago Villanueva Álvarez; e os representantes sindicais asinaron o novo convenio colectivo e a Relación de Postos de Traballo (RPT).

“Hoxe é un día moi importante para a provincia”, destacou Tomé Roca, quen reafirmou o seu compromiso de garantir estabilidade e seguridade laboral aos profesionais que desempeñan este servizo esencial, protexendo á cidadanía e aos seus bens fronte a incendios e emerxencias.

Este acordo, pioneiro en Galicia, foi acadado tras máis dun ano de negociacións para mellorar a calidade do servizo, recoñecer o labor dos bombeiros, proporcionarles seguridade laboral e optimizar as súas condicións económicas, dignificando

a súa figura na sociedade.

O novo convenio inclúe avances significativos, como a incorporación de 26 novos efectivos, un incremento salarial anual de 6.000 euros para a categoría de bombeiro, unha redución de 158 horas anuais na xornada laboral (das 1.800 ás 1.642 horas), e o recoñecemento como persoal laboral fixo para os traballadores con contrato indefinido tras a subrogación realizada o 1 de maio de 2019. Ademais, contempla permisos e licenzas, melloras no equipamento e uniformes, redución da mobilidade entre parques comarcais, axudas sociais e días adicionais para asuntos propios.

O Consorcio de Bombeiros da provincia de Lugo, xestionado conxuntamente pola Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia, inclúe os parques de Barreiros, Vilalba, Sarria, Monforte de Lemos, Viveiro e Chantada.

Este acordo marca un fito na xestión e nas condicións laborais do servizo de bombeiros en Galicia.

Luz verde ao novo Plan Anual de Contratación

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou o Plan Anual de Contratación 2025 dotado con 27 millóns de euros. Un documento que recolle a previsión dos procedementos de contratación de servizos, subministracións e obras que desenvolverá a institución provincial ao longo deste ano. Así o informou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tras a sesión semanal do Goberno.

Segundo indicou o Deputado, a cifra do Plan Anual de Contratación 2025 é “estimativa”, pero a elaboración deste texto “reflicte a capa-

cidade de planificación, de xestión e de transparencia deste Goberno”. Por outra banda, a Xunta de Goberno aprobou ampliar o prazo da convocatoria da VIII edición do concurso fotográfico: O Patrimonio Etnográfico Material das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares lucenses. Repartiranse 1.600 euros en premios entre os tres primeiros: 800 euros para o gañador, 500 e 300 euros. Os interesados en participar neste concurso teñen un mes máis, ata o 20 de febreiro, grazas a esta ampliación do prazo para presentar as súas fotografías

COLABORACIÓN

E agora que?

O PUPITRE



Julio Díaz

Uns días antes de Reis, facendo unhas compras nun área comercial, en concreto nunha tenda de telefonía, observei a grande cantidade de pais/nais que estaban a procurar un aparello móbil para os seus fillos. Se atendemos ás estatísticas, a maioría deses móbiles vendidos como churros, foron parar a mans de nenos/as menores de 12 anos. Moitos deses pais seguro que pensaron que o seu labor de resistencia xa ía ben cumprido e que coa compra tamén rematarían os problemas pero, nada máis lonxe da realidade, xa que agora é cando

realmente empeza o conflito. Comezar con bo pé é moi importante. Hai que orientar no bo uso. De non facelo ao principio, reconducilo despois, modificando os malos hábitos adquiridos, adoita ser moitísimo máis complicado. Por iso é crucial iniciarse de forma correcta e tomar o maior número de precaucións para integrar a tecnoloxía da maneira máis moderada e axeitada a súa idade. É importante quedarse coa idea de que non pode existir barra libre. Hai que sentarse e falarlles dos beneficios que ten o seu uso axeitado pero, por suposto, tamén dos perigos, xa que co móbil pode accederse a contido inapropiado. A educación dixital é esencial cando se comeza a empregar calquera dispositivo, pero tamén é importante saber que parte da

aprendizaxe dos menores é por imitación, dende o nacemento ata o final da adolescencia. Os propios pais debemos facer un uso responsable e crítico desde que o rapaz é pequeno, xa que este o vai interiorizar por imitación. As normas de uso das pantallas, incluída a televisión, onde se pode ver serie tras serie, deberían ser familiares. Fagamos agora un inciso, e antes de sentir culpa de deixar que o "aparato" se colase na nosa casa, débese saber tamén que a gran maioría das veces os beneficios superan os riscos, se aceptamos as conclusións do informe "Impacto do aumento do uso de internet e redes sociais na saúde mental dos mozos e adolescentes" elaborado por ONTSJ (Observatorio Nacional de Tecnoloxía e Sociedade do Ministerio de Asuntos Económicos).

Agora ben, iso non debe ser ningún consolo para os proxenitores. A OMS recomenda evitar expoñer aos menores de dous anos ás pantallas. O outro día nunha conferencia dunha psicóloga santiaguesa quedei abraído cando dixo que xa se fabricaban soportes de tabletas para os carriños dos bebés e bandexas-soporte para os andadores. De tres a catro anos, non máis dunha hora ao día e "canto menos mellor". De entre 5 a 17 anos, este organismo aconsella non superar as dúas horas

vendo pantallas. Por iso os pais teñen a responsabilidade de guiar aos seus fillos/as no uso das tecnoloxías e establecer límites. O tempo de uso dedicado aos dispositivos é un deses límites. E non é algo trivial. Os rapaces adictos ao móbil teñen alto risco de sufrir depresión e soidade no futuro segundo un estudo da Universidade de Arizona. Comprométome que no próximo "Pupitre" falarei dos perigos sociais e do uso adecuado do móbil e redes sociais no centro educativo.

Se podemos escoller, témolo claro

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Comezou o novo ano, ou rematou o vello, como prefiran. Doce meses por diante nos que, abofé, haberá de todo un pouco e para todos, como acontece sempre. Iremos vendo como se desenvolven os acontecementos. Neste dous mil vinte e cinco dúas conmemoracións terán lugar, das cales xa estamos tendo unha mantra xeitosa de información. Por unha banda, cumpriranse cinco décadas da morte do xeneral Franco, quen logo dunha criminal –pero cal non o é– guerra civil, dirixiu como caudillo o destino de España, onde se impuxo unha única visión de nación, de moral, de familia e, en xeral, de vida para o conxun-

to da poboación. Aqueles que non se adherían á causa, simplemente se atoparían fóra do sistema, coas consecuencias que podía traer consigo. Case corenta anos de réxime ditatorial, todo o contrario do que sucedía alén dos Pirineos unha vez acabada outra maldita guerra, esta de carácter mundial, onde a democracia se asentou en toda a Europa occidental, agás o noso veciño do sur, Portugal. Foi unha longa noite de pedra, como ben novelou o grande das letras galegas, Celso Emilio Ferreiro, para a Nosa Terra, quen sufriu o desprezo da metrópole nese período de paz e de atraso e miseria a partes iguais, o que derivou en emigracións masivas de mozos e mozas cara outras comunidades onde, elas si, foron quen de industrializarse e modernizarse. Seica era natural de Ferrol, o coñecido como Caudillo.

E por outro lado, tamén se celebra o 75 aniversario da morte de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. A importancia da súa figura no conxunto da sociedade galega queda patente ao ser declarado o presente como ano dedicado á súa memoria. Nado en Rianxo, foi un home que levou a cabo diversas facetas, que foron desde a de escritor e político, ata a de docente e médico. A súa participación na aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia resultou decisiva. Era 1936, uns días antes do golpe de estado comandado polo mencionado Franco, polo que quedou en papel mollado a decisión maioritaria do noso pobo que votara si a dito estatuto. Castelao, como moitos outros, escollera o bando perdedor, véndose na obriga de coller as maletas e tomar rumbo cara o exilio, para acabar falecendo posteriormente en Buenos Aires. Xa nos oitenta, os seus

O RECUNCHO DE CANELINA



restos regresarían a Galicia para ficar aquí definitivamente. Como calquera que aparece nos libros de historia, na súa traxectoria tamén ten cabida a polémica, xa que ninguén está libre de tirar a primeira pedra. Pero Castelao, como ben se sinala na declaración institucional da Xunta de Galicia, é un personaxe capaz de "convocar sempre e unir a todos". Aparte de dar por boa esta

afirmación, cómpre lembrar a Castelao como un dos estandar-tes do Galeguismo. O seu compromiso coa lingua, coa cultura e coas xentes, así como a súa forte implicación, forman parte do seu amplo legado. Se temos que escoller a quen honrar este ano entre estes dous paisanos, témolo claro. Apostamos polo rianxeiro. O outro, mellor esquecelo.

LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@lugoxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 56-2021

DEPORTES

CD Lugo vuelve reinventarse este mes con novo adestrador e dúas fixaches

O Club Deportivo Lugo experimentou moitos cambios neste mes de xaneiro, que levaron ao cese do adestrador Lolo Escobar, que abandonou o equipo despois de levar no primeiro equipo desde xuño de 2024. Con este cese, o equipo albivermello fichou a Toni Seligrat como o seu novo adestrador que foi presentado xunto ao director deportivo, Roberto Sáez. Durante o acto, Sáez destacou a experiencia do valenciano Seligrat e a súa disposición para asumir este desafío: “É un home con moitísima experiencia na categoría. Estivo en clubs con presión e afección detrás. Cando lle chamamos, non dubidou en saír da súa zona de confort. As negociacións foron rápidas e a súa predisposición foi magnífica. Sei que é un reto complicado, pero vén con moitas ganas e confianza no proxecto”. Pola súa parte, o novo técnico mostrou o seu compromiso e optimismo respecto á capacidade dos xogadores para superar o momento actual: “Vin un grupo con moitísimas ganas de facer as cousas ben. Todos sabemos que estamos nunha



situación complicada, e por iso estou aquí. Os xogadores están moi polo labor de mellorar”.

NOVOS XOGADORES. Outra das novidades deste mes foi a fichaxe de dous novos xogadores para reforzar o primeiro equipo: o arxentino Nico Reniero e o ghanés Jerry Afriyie. Reniero, dianteiro arxentino, asinou co Club ata o final da tempada despois de desenvolver a súa carreira profesional no fútbol arxentino. Pola súa parte, Afriyie vén cedido do equipo árabe Al-Qadsiah Club, co

que o CD Lugo chegou a un principio de acordo para a cesión do atacante ata o final da presente tempada. Ademais, tamén contan de maneira oficial no primeiro equipo con Jorge González, o xogador da canteira do Club Deportivo Lugo, que foi ascendido despois de renovar o seu contrato no club de fútbol da cidade de Lugo, aínda que agora se atopa de baixa por unha posible rotura do bíceps femoral dereito.

NOVIDADES NO CLUB. Entre outras novidades, tamén están os cambios

na estrutura técnica do seu equipo filial tras a recente promoción de Dani Galán ao primeiro equipo como axudante do novo corpo técnico. Por isto, David Páez asumirá o cargo de primeiro adestrador do equipo filial. Páez, que actualmente se desempeña como director da canteira, compaxinando ambos labores. Ademais, o club designou a Diego Seoane como segundo adestrador do filial, sumándose proxecto do filial e deixando así de formar parte do corpo técnico do Cadete A. Por outra banda, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta resolveu conceder unha nova concesión demanial directa ao club, garantindo así a continuidade do seu uso das instalacións outros 30 anos. Esta decisión supón a estabilidade do proxecto deportivo do CD Lugo, que desde 1974 emprega as instalacións do Anxo Carro, primeiro a través dun contrato de alugueiro coa Delegación Nacional de Educación Física e Deportes e, posteriormente, mediante concesións renovadas pola Xunta de Galicia.

O Anxo Carro seguirá sendo a casa do CD Lugo trinta anos máis

O estadio Anxo Carro seguirá sendo a casa do CD Lugo durante os próximos trinta anos. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes resolveu conceder unha nova concesión demanial directa ao club, garantindo así a continuidade do seu uso das instalacións ata, polo menos, 2055. A Administración, titular do estadio, formalizará a concesión mediante un documento administrativo. Esta decisión supón un paso clave para a estabilidade do proxecto deportivo do CD Lugo, que desde 1974 emprega as instalacións do Anxo Carro, primeiro a través dun contrato de alugueiro coa Delegación Nacional de Educación Física e Deportes e, posteriormente, mediante concesións renovadas pola Xunta de Galicia. Como parte do acordo, o Club comprométese a asumir os custos de conservación, reparación, mellora, limpeza e seguridade do estadio, ademais do pagamento de impostos e subministracións.

Lugo lidera o ránking de equipos de elite por millón de habitantes

Lugo consolídase como un referente nacional no deporte de elite ao liderar o ránking de equipos por millón de habitantes, con 6 equipos nas máximas categorías nacionais. A cidade alcanza unha proporción de 61,21 equipos por millón, moi por diante de Melilla (46,25) e San Sebastián (37,21). Ademais, ocupa o sexto lugar absoluto en número total de equipos de elite en España, empatada con Sevilla e superada só por grandes cidades como Madrid, Barcelona ou Valencia. O ránking baséase na avaliación de disciplinas recoñecidas como de elite polas súas máximas categorías nacionais, tanto masculinas como femininas. Entre elas, destacan o fútbol (con Primeira, Segunda e Primeira Federación en masculino, e Primeira e Segunda División en feminino), o baloncesto (con representantes en Primeira e Segunda División tanto masculina como feminina), o fútbol sala e o voleibol, onde equipos masculinos e femini-

nos compiten na Superliga. Os equipos lucenses destacados son o Club Deportivo Lugo (fútbol masculino, Primeira Federación); o Breogán (baloncesto masculino, Liga Endesa); o Ensino (baloncesto feminino, Liga Feminina Endesa); o Arenal Emevé (voleibol masculino e feminino, Superliga), e o ADC Lugo Sala (fútbol sala masculino, Segunda RFEF). Lugo non só destaca polos seus equipos de elite, senón tamén polos seus deportistas individuais e eventos que reforzan a súa proxección internacional, como Jorge Prado, piloto lucense de motocrós que logrou catro títulos mundiais; ou Adiaratou Iglesias, atleta paralímpica, que conquistou un ouro e unha prata nos Xogos de Toquio. En piragüismo, Tania Fernández e Víctor Devesa destacan con medallas en mundiais e europeos, mentres os clubs Fluvial e Cidade de Lugo consolidan a súa posición, como fai o Cidade de Lugo Fluvial en triatlón.



Supervisan a preparación do circuío Jorge Prado para o Mundial de maio

O concelleiro de Deportes, Jorge Bustos, realizou unha visita ás instalacións do circuío municipal Jorge Prado, situado en Vilachá, para supervisar o inicio dos traballos de adecuación de cara á celebración do Gran Premio do Campionato do Mundo de Motocrós os días 10 e 11 de maio. O edil estivo acompañado por representantes do Club Motopark Lugo, entidade encargada da xestión da infraestrutura. O Gran Premio, que será a oitava proba puntuable do Mundial de Motocrós, traerá a Lugo os mellores pi-

lotos do mundo en disciplinas como MXGP, MX2, o Europeo de 250cc e o Mundial feminino. O obxectivo deste ano non é outro que ofrecer as mellores condicións aos deportistas e ao público, consolidando a instalación como unha referencia internacional que dinamice o turismo e o consumo na cidade. As melloras previstas inclúen accións específicas para reforzar a seguridade da pista e os servizos xerais, garantindo que o circuío Jorge Prado se manteña á altura dos estándares esixidos para albergar un evento desta magnitude.

Volve o Corre con Nós con récord de participantes

A primeira proba do Corre con Nós, a carreira nocturna de Ramón Ferreiro, logrou un récord de participantes ao pechar a inscrición cun total de 1.830 persoas apuntadas, unha cifra á que se chega por primeira vez na historia deste circuío organizado polo Concello de Lugo e que supón, ademais, un 30 por cento máis que as inscricións de anos anteriores. Así, a edición vixésimo terceira do circuío gratuito Larsa Corre con Nós 2025 arrancou o sábado 18, da mellor maneira posible, algo que segundo explicou o edil de Deportes e Xuventude, Jorge Bustos, “reafirma o bo momento que vive o deporte lucense en xeral e, en particular, as carreiras populares como este Corre con Nós”. A que é a primeira proba desta nova edición celebrouse con saída desde a avenida Ramón Ferreiro, ao carón da praza Horta do Seminario, para percorrer varias rúas do centro da cidade. Os horarios e distancias das probas están aloxados con toda a información de cada unha das carreiras e categorías na páxina web do circuío <https://correconnos.com>.

“O tiro con arco faite responsable e axúdache a mellorar na vida”

Fon Villamiel é arqueiro, adestrador e presidente do Club; mentres que Tamara Reigada forma parte do equipo técnico e é monitora desta especialidade

Jessica Fernández

O Club Escola Lucense Tiro con Arco nace no ano 2008 como unha “necesidade imperiosa por ter na cidade unha escola que formara nenos e nenas no deporte do tiro con arco”, explica o presidente, Fon Villamiel, “despois de moitos anos de camiño”. Así, explica que el empezou a tirar no ano 1992, pero non foi ata o 1995 cando empezou a formar parte do Club Lucus Augusti, “que foi un dos primeiros clubs de tiro de Galicia”, destaca.

“Cando a directiva me permitiu formar parte como socio, empecei a participar en actividades de promoción, fíxeme adestrador e pola época de Jose Luis Díaz Grandío, concelleiro de Lugo, este abriunos a porta ao tiro con arco para ser escola deportiva co soporte do Club Lucus Augusti. Tivemos moito éxito e fixemos actividades desde o Concello de Lugo, como actividades nocturnas de ocio e de práctica deportiva para darlle unha opción a xuventude, xa que a xente o demandaba. Porén, o éxito da Escola chocou coa idea da directiva do Lucus Augusti de ampliar o club, polo que se creou outro club, o Arco Muralla, como alternativa para competir e asociarse. Logo, aos 3 anos de ter implantado a Escola, comunicáronme que había que pechala e eu negueime, entón aí xorde a idea de crear outro club que dera posibilidade de Escola e nace o Club Escola Lucense Tiro con Arco no 2008”, explica o presidente.

A partir de aí, “fomos facendo camiño con actividades en colexios de promoción e difusión pola cidade e tamén pola provincia, nos lugares onde se nos demandou”, comenta. Na actualidade, ademais de impartir

tres días de clase pola tarde de dúas horas cada sesión: os luns, mércores e xoves, nunha galería municipal no parque da Milagrosa para poder practicar tiro en sala, tamén participan en torneos que van facendo que sumen puntos para poder participar no campionato galego que, á súa vez, tamén suma puntos para o na-

“Ao igual que no fútbol, o árbitro pita, pero aquí, se hai un erro, paramos e explicámolo, por que é a maneira de que entendan que a seguridade é a prioridade”

cional. Ademais, destacan que este club é o único que compite en Lugo, xa que, a pesar de haber outros tres (Club Lucus Augusti, o Arco Muralla e o Club Campus Arco; que comparten espazo na galería municipal), deses só hai unha persoa do Arco Muralla que tamén compite, pero a canteira está no Club Escola Lucense Tiro con Arco, onde contamos con nenos de entre 9 anos e ata 71. “Se non traballas a canteira nunha escola é moi difícil que se manteña un club”, subliñan.

OS VALORES DO CLUB. Para o presidente do Club, o máis importante na práctica do tiro con arco é “a responsabilidade. Queremos que as persoas que veñan, teñan a idade que teñan, sexan autónomas. Aprendé-

mosles a que monten e desmonten o seu arco, que verifiquen que é seguro, que saiban revisar o seu material e identificar se está en mal estado... Ás veces, dinnos que somos estritos, pero o que somos é seguros. De feito, o tiro con arco é dos deportes máis seguros que hai e para os pais preocupados pola seguridade dos seus fillos sempre lles ofrecemos que, cando traen aos nenos a probar, que queden eles tamén para ver o que facemos aquí”, explica. Por iso, un adestramento comeza coa técnica, practicando a puntaría, pero “non vas chegar aquí e vas lanzar frechas, e temos todo moi estruturado; ninguén pode disparar sen que unha persoa responsable permita que se faga, e todos imos recoller as frechas á vez, nunca mentres outros tiran. Ademais, como dicía antes, o máis importante é a responsabilidade, polo que todos estamos pendentes de todo, que cada persoa sexa responsable de si mesmo e do seu entorno”, destaca.

Outro dos valores que se transmiten na escola é a escoita: “Ao igual que no fútbol o árbitro pita, aquí, se hai un erro, paramos e explicámolo, porque é a maneira de que entendan que a seguridade é a prioridade”. E tamén poñen en valor o sacrificio: “Para crecer e mellorar hai que ter esa capacidade de querer sacrificarte para ti mesmo, para darte máis valor como persoa. É importante esforzarse, e iso transmítese no tiro con arco: ninguén practica tiro con arco se non quere mellorar, e ese é o obxectivo; dá igual canto che custe e o que tardes; o máis importante é desfrutar do camiño de mellorar”, sostén Fon.

Así, critica que “hoxe queremos todo



moi inmediato, se non tiro ben en 15 días, non é o meu. E se non es enxeñeiro en 15 días, non vales ou que? A resiliencia é unha palabra de vida, aquí gaña quen resiste e gañas por ti. E, despois, a min dáme pena que as familias pensen que os nenos só triunfan se están enriba do caixón e aí só hai 3 postos, pero tamén hai que ver que foron mellorando no camiño. É importante tamén que se relacionen cos demais. Ás veces os nenos chegan con timidez e sen poder relacionarse e van cambiando e avanzando. Xa non se poñen nerviosos nunha liña de tiro, aínda que sintan responsabilidade do resultado, deixan de agoniarse co paso do tempo, aguantan como na vida. E cada un ten o seu ritmo, non todos imos ao mesmo. O que está claro é que para chegar a un alto nivel en calquera deporte e materia necesitan anos de preparación”, apunta Tamara.

Por outra banda, outro dos valores que se transmiten é o da integración e a inclusión, xa que no tiro con arco participan persoas con discapacidade visual, móbil, intelectual... “Aquí pode vir calquera, aínda que hai que adestrar individualmente primeiro para que se adapte ao ritmo do deporte, que require unha destreza, así como para adaptarse aos espazos no caso de vir cunha cadeira de rodas, porque temos o sitio limitado. Pero despois pode integrarse no grupo e moverse polo espazo cos demais. Nós permitimos a plena integración das persoas con discapacidade, xa que hai xente competindo a nivel internacional con características especiais”, explican.

Con todo, din que o enfoque máis importante do tiro con arco é que é un camiño de vida: tes que aceptar a túa realidade en cada momento, as diferentes etapas da túa vida. Que hoxe non saibas tirar non significa que non poidas facelo no futuro, podes ir aprendendo e se estás cunha arqueira experimentada podes aprender ben, pero non te podes po-

ñer ao ser nivel. Hai que ser realistas, é unha habilidade complicada e tes que ter o teu tempo, a túa experiencia... E, sobre todo, é un deporte moi claro: a diana diche sempre a verdade. Aquí o moi ben xa o ves, e, se non, hai que seguir traballando. Por iso, non todo o mundo vale, xa que hai falta de capacidade de sacrificio. En 15 días aprendes o que aprendes en 15 días. Por moito que un carpinteiro escriba un libro, ti non aprendes de súpeto. Todo é resiliencia, capacidade de sacrificio e de esforzo, e iso cústanos moito transmitilo”, subliñan.

“A resiliencia é unha palabra de vida, aquí gaña quen resiste e gañas por ti”

AS NECESIDADES. Entre as necesidades do club, destacan a falta de financiamento, xa que “ao principio había máis axudas e podíamos facer máis actividades, mentres que hoxe é máis complexo e máis neste caso, nos deportes minoritarios, xa que está todo enfocado aos deportes de masas. É difícil solicitar axudas para logo xustificálas porque non temos calendario oficial ata mediados de setembro, xa que a nosa tempada vai do 1 de outubro ao 30 de setembro, entón a mediados de setembro lanza a Federación o calendario e non podemos adherirnos ás axudas. Necesitaríamos liñas de financiamento para deportes minoritarios e abertas, porque non sabemos onde se van celebrar os diferentes campionatos”, explican.

Con todo, non cren que a culpa sexa da Federación Nacional de Tiro con Arco, poñen o énfase nas institucións, criticando que “non hai ningunha galería de sala oficial en toda Galicia nin ningún campo dedicado ao tiro con arco en Galicia, tendo en





conta que temos dous arqueiros de tiro con arco en Galicia. Nós cremos que hai moita falta de sensibilidade oficial por parte da Xunta e por parte das Deputacións Provinciais, porque deberíamos ter un campo en cada provincia para que os clubs puidamos desprazarnos e facer actividades. Hai un campo de fútbol en cada aldea, aínda que só se celebre un partido cada 6 anos, e en Lugo hai un montón de campos infrautilizados que nin se adecúan nin se melloran. Pero nós temos a necesidade dun sitio así ao aire libre porque a galería válenos para practicar a tempada de sala, como practicamos un tiro de 90 metros ao aire libre nunha galería de 30 metros? E non só pola distancia; hai que practicar tirar con vento, con chuva...”, denuncia a adestradora. No caso do Club Escola Lucense Tiro con Arco din que lles gustaría organizar máis actividades, pero non poden porque “non hai un espazo conveniente, sempre estamos de prestado nos locais que nos cede o Concello, pero debería haber outra opción. Para nós, a nosa sala é unha bendición, porque e un dos únicos sitios de España onde hai unha galería de competición específica de tiro con arco, pero o aforo é pequeno; só poden tirar 10 persoas á vez, o que é unha limitación grande; e non hai vontade porque haxa outra galería, polo que, ademais, está compartida cos outros clubs de tiro”, sosteñen. Como terceira necesidade, piden algo que se repite en todas as asociacións: minimizar a burocracia. “A maioría dos clubs son levados por persoas que nos achegamos ao deporte polo amor ao deporte, non ao papelorio. Tes que cubrir moitos documentos que eles che dan, maréante e enriba todo para xustificar 400 euros, pero é que os necesitamos. Todo isto engrosa o noso traballo e non se dan de conta de que as entidades deportivas fan un labor social increíble. Onde estaría toda a mocidade se non houbera estes lugares? Non nos toman en serio e non nos respectan.

O FUTURO DO TIRO CON ARCO. A pesar das limitacións, desde o Club Lucense Tiro con Arco non perden

os folgos e seguirán traballando este ano para ensinar aos seus 32 alumnos e alumnas a seguir tirando para aprender todos os valores que queren transmitir e, se se pode, conseguir algún resultado do que sentirse orgulloso. Neste camiño, tanto Fon como Tamara participarán nos campionatos autonómicos, que puntuarán para os campionatos nacionais, pero sempre desfrutando do camiño e sabendo o “afortunados que somos de poder coñecer xente de altísimo nivel”, tal e como explica Tamara, que pon en valor de novo este deporte, no que “un neno pode participar nun torneo e coñecer a un arqueiro de altísimo nivel, que estea participando no campionato de España. É máis, eu tiven de profesores no curso de monitor a Miguel Alvaríño, que estivo nos Xogos Olímpicos competindo en tiro con arco, e é un rapaz das Pontes que che transmite moi bo rolo. Este ambiente agradable permite coñecer a xente que pode inspirar a seguir mellorando, xa que non é un soño, non é imposible. Pero fai falta traballo, esforzo e resistencia”, comenta. Por iso, insisten na importancia do sacrificio, xa que “non hai nada que mereza a pena que non supoña un esforzo, un traballo e un sacrificio; aínda que che custe, conseguilo dáche unha satisfacción. E as familias deben implicarse neste proceso, non só ser esixentes coas notas académicas, senón tamén dar exemplo aos seus fillos e que lles animen a comprometerse co deporte. Nós estamos para axudar á xente e aos nenos a gañar valores para a vida á vez que practican exercicio”, conclúen.

ÚLTIMA PARTICIPACIÓN. Sete arqueiros lucenses desprazáronse ata A Coruña para participar no VI Torneo de Eliminatorias Torre de Hércules - VI Trofeo Fernando Bardanca, organizado polo club de tiro con arco The CutArc Team. Nesta edición, o arqueiro Juan Andrés Casaleiro Piña, do Club Lucense Tiro con Arco, destacou na categoría recurvo unificado, logrando unha actuación sobresáinte. Casaleiro acadou sete vitorias nos oito enfrontamentos disputados, o que lle permitiu asegurarse o terceiro posto da súa categoría e levar a medalla de bronce.

A ADC Sagrado Corazón presenta aos seus equipos da tempada

A ADC Sagrado Corazón de Lugo celebrou un acto especial no Pazo de Feiras e Congresos para presentar ao cadro de xogadores que conforman os nove equipos do club nesta tempada.

O evento contou coa participación de Javier Arias, delegado territorial da Xunta en Lugo, quen destacou o importante papel da entidade no fomento do deporte base na cidade. Arias resaltou a “imprescindible labor que o club realiza no fomento do deporte base na cidade, potenciando os equipos das categorías inferiores” e agradeceu o esforzo de “directiva, adestradores, familias e patrocinadores que confían neste proxecto deportivo e social”. Tamén lembrou o compromiso da Xunta de Galicia co deporte base mediante programas de apoio dirixidos a clubs e agrupacións deportivas



da provincia para mellorar as súas actividades e infraestruturas.

A ADC Sagrado Corazón, presidida por Jacobo Gómez, continúa consolidándose como un referente no deporte lucense. Actualmente, o club conta con nove equipos en distintas categorías e suma máis de 140

xogadores, promovendo a práctica deportiva e o compañeirismo entre os mozos e mozas da cidade.

O acto puxo de manifesto o compromiso da entidade coa formación deportiva e os valores sociais, reforzando a súa importancia como motor do deporte base en Lugo.



A Fundación Breogán pon en marcha un proxecto en favor da integración

Presentouse o proxecto Matumaini, unha iniciativa impulsada pola Fundación Breogán que emprega o baloncesto como ferramenta para promover a integración social e reducir desigualdades.

Matumaini, que significa “esperanza” en suahili, está dirixido a mozos solicitantes de asilo que adestrarán os venres pola tarde nas instalacións do CEIP Anxa. Este proxecto, que complementa a vertente social do Proxecto Cris Seijo centrado no baloncesto feminino, amplía agora o seu alcance para incluír tamén aos rapaces.

No acto, celebrado no Pazo Provincial dos Deportes, estiveron presentes Javier Arias Fouz, delegado territorial da Xunta de Galicia; Jorge Bustos Atanasio, concelleiro de Deportes do Concello de Lugo; Francisco Fraga, vicerreitor da USC; Samuel del Árbol, coordinador xeral de Diaconía España; Iago Corral, director do CEIP Anxa; a directora da UNED de Lugo,

Ana Belén Traseira Pena, e Luis Abelleira, presidente provincial de Cruz Vermella Lugo. Tamén asistiron Luis Abel Taboada, director da Fundación Breogán; o capitán do Club Baloncesto Breogán, Erik Quintela; e o monitor da actividade, Aitor Melide.

Desde a UNED destacaron que a participación da institución nesta iniciativa reflicte o seu firme compromiso coa inclusión social e cos valores dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, especialmente na redución das desigualdades. Subliñou a directora ademais a importancia de colaborar en proxectos que integren educación e deporte como vías para construír unha sociedade máis equitativa e cohesionada.

Arias puxo en valor as oportunidades que ofrece o deporte “como ferramenta de transformación social” e subliñou que a súa práctica “achega moitas posibilidades de crecemento e de integración a persoas en situación de vulnerabilidade”.

Homenaxe a Auxilia no partido contra o Bilbao

O CB Breogán dedicou o encontro contra o Bilbao Basket a destacar a importante labor de Auxilia Lugo, entidade referente na defensa da accesibilidade e igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade.

Efrén Castro subliñou o papel fundamental de Auxilia na mellora da accesibilidade en Lugo, destacando proxectos emblemáticos como a rampa de acceso ao Museo Provincial ou o ascensor á Muralla: “A loita de Auxilia foi clave para avanzar cara a espazos máis accesibles. O CB Breogán ofreceu unha plataforma extraordinaria para sensibilizar e implicar á sociedade en causas coma esta, que melloran a vida de todas e todos”.

Nuria Neira, delegada de Auxilia, destacou o traballo da entidade, que en maio cumprirá 53 anos promovendo a normalización da vida das persoas con discapacidade: “Lugo é agora unha cidade máis accesible, pero aínda queda moito por facer. Seguiremos traballando para mellorar os espazos de traballo, estudo e lecer”.

Pola súa banda, o director xeral do Breogán, Salva Arco, reafirmou o compromiso do club coa sociedade lucense: “Nos días previos, xogadores como Edin Atin e Jhon Egbunu visitaron persoas usuarias e voluntarias de Auxilia”. Como parte da homenaxe, un grupo de persoas usuarias de Auxilia asistiron ao partido grazas ás entradas facilitadas polo club.

DE RUTA EN RUTA

Antas de Ulla: Ruta circular ao Monte Farelo

É un percorrido apto para todos os públicos, incluídos ciclistas, que desfrutarán de paisaxes espectaculares en cada tramo

A ruta circular que vai desde Santo Estevo de Castro de Amarante, en Antas de Ulla, ata o Monte Farelo é unha xoia do sendeirismo galego. Cunha dificultade moderada, esta ruta ten unha lonxitude de 13,24 quilómetros e un desnivel acumulado de 462 metros, co punto máis alto situado a 961 metros de altitude. É un percorrido apto para todos os públicos, incluídos ciclistas, que desfrutarán de paisaxes espectaculares en cada tramo.

O traxecto comeza no lugar de Santo Estevo de Castro de Amarante, accesible dende a estrada N-640 entre os quilómetros 140 e 141. Desde alí, o camiñante achégase entre as casas da parroquia e a súa pintoresca igrexa, para logo coller unha pista forestal que o conduce, en constante ascenso, cara á aldea abandonada de Santo Tomé, un lugar cheo de historia e encanto rural.

A partir de Santo Tomé, o percorrido continúa por un camiño de terra que enlaza coa pista do Parque Eólico do Monte Farelo, onde os aeroxeradores convértense en compañeiros de viaxe. A subida



culmina no cume do Monte Farelo, coroado polo seu miradoiro panorámico, un lugar ideal para descansar e desfrutar de vistas incomparables.

No descenso, a ruta desvía cara San Martiño de Carrasco e o lugar de Antoniño, antes de chegar a Amarante, un enclave de interese histórico que alberga un pazo señorial e os restos dunha antiga fortaleza medieval. Desde aquí, un curto tramo por estrada leva de novo ao punto de partida, completando así o circuíto.

Un enclave estratéxico e histórico O Monte Farelo, cos seus 952 metros de altitude, non só é o punto máis elevado desta ruta, senón que tamén ten un gran valor estratéxico e histórico. Actúa como un vértice natural entre os municipios de Agolada e Antas de Ulla, e foi tradicionalmente un punto de vixilancia no tránsito entre as comarcas de Deza (Pontevedra) e A Ulloa (Lugo).

Aínda que se atopa baixo a sombra da imponente Serra do Faro, O Farelo constitúe unha serra media

que destaca polas súas paisaxes agrícolas e gandeiras, características do corazón de Galicia. Os frondosos bosques, xunto ao serpen-teo de ríos e regatos, crean un escenario idílico que reflicte a esencia da Galicia rural.

Vistas das catro provincias galegas Unha das peculiaridades máis impresionantes do Monte Farelo é a posibilidade de desfrutar dunha vista panorámica de 360 graos, desde a que, en días des-pexados, é posible contemplar as catro provincias galegas. Cara ao norte distínguense a próxima Serra do Careón (Melide) e, ao lonxe, a Serra do Xistral. Cara ao leste esténdense os imponentes Ancares lucenses, mentres que ao sur domina a paisaxe a veciña Serra do Faro. Ao oeste, a Serra do Candán pecha o horizonte na comarca do Deza.

Flora, fauna e patrimonio cultural O percorrido está salpicado dunha rica variedade de flora autóctona, con carballos, castiñeiros e fentos que decoran as marxes do sendeiro. Tamén é posible avistar fauna



local, como corzos, raposos e aves rapaces, que atopan refuxio nestas terras.

Ademais, a ruta ofrece un percorrido pola historia e cultura galegas. Desde a aldea de Santo Tomé, cos seus vestixios de arquitectura tradicional, ata Amarante e o seu patrimonio monumental, cada tramo é un recordo do rico legado desta rexión.

En definitiva, esta ruta circular non só é un desafío moderado para os amantes do sendeirismo, senón tamén unha oportunidade para mergullarse na natureza, na historia e nas paisaxes únicas de Galicia. O Monte Farelo e a súa contorna ofrecen unha experiencia inesquecible para quen busca escapar do balbordo e conectar coa esencia desta terra máxica.



DATOS



3 horas



13,24 Km



Dificultade Moderada



3.777,00 €
2.899,00 €

*Últimas unidades a este precio cómpralo agora y págalo en 12 meses sin intereses

TRACTOR CUB CADET LT2 NR92

Motor: Cub Cadet OHV - 439 cc. Potencia: 15 HP.
Ancho de corte: 92 cm. Tracción: Hidrostático.
Capacidade recogedor: 240 l.
Ajuste altura de corte: 5 posiciones



FINANCIACIÓN**
12 PAGUE EN MESES SIN INTERESES



MILLAVEN

AGRICOLA-JARDIN-OCIO



MOTOSIERRA HUSQVARNA 120 MARK II

Motor: Husqvarna 38,2 cm³ - 1,4 kW.
Ancho de hoja: 35 cm.
Velocidad cadena: 3/8 BP-1,3 mm.
Peso: 4,85 kg.

1,4 kW 438,2 cm³ 35 cm 3/8 BP-1,3 mm 4,85 kg

Ctra. de Santiago Km.3 (Salida Ctra. de Friol) - 27233 - Lugo
Telf.: 982 046 047 - info@millaven.com - www.millaven.com